



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 95

Sesión plenaria
28 de setembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 2. Comparecencias

2.2 40969 (11/CPP-000101)

Da conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta dos retos aos que se enfrenta o sector do mar ante as últimas decisións da Comisión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

2.3 41266 (11/CPP-000102)

Da conselleira do Mar, por petición dos 19 deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar as accións que se van levar a cabo no futuro inmediato e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias da decisión da Comisión Europea anunciada o pasado día 15 de setembro sobre o peche de 87 zonas do Atlántico Nororiental para todas as artes de fondo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Punto 4. Propositions non de lei

4.4 39622 (11/PNP-003384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

4.5 39774 (11/PNP-003399)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para axilizar e complementar a atención primaria co desenvolvemento das competencias do persoal de enfermaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

4.6 40524 (11/PNP-003448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas aos sectores agrarios afectados pola situación económica derivada da guerra de Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022



Punto 5. Interpelacións

5.1 40049 (11/INT-001967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis

Sobre o servizo de transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

5.3 40462 (11/INT-001976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 41325 (11/POPX-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da xestión dos fondos covid destinados a sanidade logo dos informes do Consello de Contas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

6.2 41329 (11/POPX-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a xestión dos recursos públicos dos galegos e das galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 37537 (11/POP-005421)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do compromiso do Goberno central con relación ao financiamento dos proxectos estratéxicos que ten Galicia no eido industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

7.2 40585 (11/POP-006192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis

Sobre o concerto do cantante C. Tangana en Vigo patrocinado pola Xunta de Galicia dentro da programación de concertos do Xacobeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022



7.3 41320 (11/PUP-000276)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre o impedimento por parte da Xunta de Galicia do exercicio do deber parlamentario de control da acción de goberno pola falta de resposta ás solicitudes de información dos deputados e das deputadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.4 39521 (11/POP-006114)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre a consideración do Goberno galego respecto do que pretende o Executivo central coa reforma do Regulamento de Costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.5 41324 (11/PUP-000277)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os fondos para financiar por parte da Xunta de Galicia o desconto do cincuenta por cento nos prezos no transporte metropolitano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.6 39604 (11/POP-006119)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a decisión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de non cubrir as baixas por xubilación de tres docentes no Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar, de Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.7 39616 (11/POP-006121)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre a supresión de trece docentes para o curso 2022-2023 no Instituto de Ensino Secundario A Sangriña, da Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

7.8 40118 (11/POP-006152)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a regulación das familias monoparentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente reinicia a sesión co punto sexto da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da xestión dos fondos covid destinados a sa- nidade logo dos informes do Consello de Contas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 11.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 12.)

Réplica do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Blo- que Nacionalista Galego, sobre a xestión dos recursos públicos dos galegos e das galegas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 18.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 20.)

O señor presidente retoma o punto cuarto da orde do día e dá paso á proposición non de lei número 4. (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Car- men Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención e extinción de incendios forestais. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. González Albert (BNG) (Páx. 26.) e Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 30.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para axilizar e complementar a atención primaria co desenvolvemento das competencias do persoal de enfermaría. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 38.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 41.),

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) intervén para expoñer a súa postura respecto das emendas. (Páx. 44.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas aos sectores agrarios afectados pola situación económica derivada da guerra de Ucraína. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 50.) e *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 53.)

O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para expoñer a súa postura respecto das emendas. (Páx. 56.)

O señor presidente pregúntalle ao señor Rivas Cruz (BNG) pola súa decisión ante as emendas e a señora Candia López (P) intervén para solicitar unha breve pausa para buscar un posible acordo. (Páx. 57.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora que rexistran os informes do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a insuficiencia dos seus centros e da súa dotación de persoal: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58..)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as que debe solicitar ao Goberno do Estado para garantir a función pública dos activos inmobiliarios de uso residencial en mans da Sareb: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención e extinción de incendios forestais: *aprobada por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para axilizar e complementar a atención primaria co desenvolvemento das competencias do persoal de enfermaría: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 59.)

O señor presidente, antes da votación da seguinte proposición, dálle a palabra ao señor Rivas Cruz (BNG) para que comunique os posibles acordos de transacción. (Páx. 60.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas aos sectores agrarios afectados pola situación económica derivada da guerra de Ucraína: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente retoma o punto segundo da orde do día e comunica que se van acumular dúas comparecencias da Sra. conselleira do Mar. (Páx. 60.)

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta dos retos aos que se enfrenta o sector do mar ante as últimas decisións da Comisión Europea. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición dos dezanove deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar as accións que se van levar a cabo no futuro inmediato e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias da decisión da Comisión Europea anunciada o pasado día 15 de setembro sobre o peche de 87 zonas do Atlántico nororiental para todas as artes de fondo. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)* (Páx. 60.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 66.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 69.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 72.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)* (Páx. 76.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 80.). *Nesta rolda interveñen a Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 80.), *a Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 83.), *a Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 85.) e *a Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 87.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.



A señora presidenta (Candia López) reinicia a sesión co punto de interpelacións. (Páx. 91.)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o servizo de transporte público por estrada. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Ríos Santomé (BNG). (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 93.)

Réplica do autor: Sr. Ríos Santomé (BNG). (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 98.)

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 100.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González) (Páx. 103.)

Réplica da autora: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González) (Páx. 108.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente dá paso ao derradeiro punto da orde do día, e comeza coa segunda das preguntas ao Goberno. (Páx. 110.)

Pregunta de D^a María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o concerto do cantante C. Tangana en Vigo patrocinado pola Xunta de Galicia dentro da programación de concertos do Xacobeo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. González Iglesias (BNG). (Páx. 110.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 111.)

Réplica da autora: Sra. González Iglesias (BNG). (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 113.)

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impedimento por parte da Xunta de Galicia do exercicio do deber parlamentario de control da acción de goberno pola falta de resposta ás solicitudes de información dos deputados e das deputadas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Castro García (BNG) (Páx. 114.)



Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 115.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 117.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a consideración do Goberno galego respecto do que pretende o Executivo central coa reforma do Regulamento de costas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre os fondos para financiar por parte da Xunta de Galicia o desconto do cincuenta por cento nos prezos no transporte metropolitano. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 123.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 124..)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 125.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a decisión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de non cubrir as baixas por xubilación de tres docentes no Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar, de Noia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 126.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 127.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 129.)

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a supresión de 13 docentes para o curso 2022-2023 no Instituto de Ensino Secundario A Sangriña, da Guarda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 132.)



Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 133.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a regulación das familias monoparentais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 138.)

Pregunta de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do compromiso do Goberno central con relación ao financiamento dos proxectos estratéxicos que ten Galicia no eido industrial. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 142.)

Remata a sesión ás sete e dezaioito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto 6º da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da xestión dos fondos covid destinados a sa-
nidade logo dos informes do Consello de Contas**

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías. Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia.

17,40 euros. Xa sabe vostede do que falo. Eu déixoo aí.

Mire, onte asistimos a un intento enternecedor, que é un adxectivo que a vostede lle gusta particularmente, de facilitar esta sesión de control por parte dalgún deputado do Grupo Parlamentario Popular; enternecedor e estéril. Porque vou facerlle unha pregunta baseada en datos e datos.

Mire, o 15 de marzo do ano 2020, que puidera ser, segundo o sistema de control anual do Partido Popular de Galicia, ano 11, posto que todo empezou no ano 2009 (*Risos.*), tivemos que iniciar un confinamento forzoso como consecuencia da pandemia da covid-19. E nesa data houbo que inventar, todos tivemos que inventar un mundo novo. Todos estabamos ante un escenario inédito e, nese momento, convivimos cun drama humano cuxas consecuencias aínda recordamos con dor polas persoas que padeceron a enfermidade e, sobre todo, por todas as que padeceron como consecuencia desa enfermidade; e, ademais, cunha parálise na actividade económica cuxas consecuencias aínda padecemos tamén.

O día 17 de xuño publícase un real decreto que regula a creación dun fondo covid por parte do Goberno do Estado e o día 23 de xullo publícase a primeira orde que transfere fondos ás comunidades autónomas. E nesa orde hai 268 millóns de euros do tramo sanitario para a Comunidade Autónoma de Galicia. Nesa mesma data iníciáanse as denuncias da Xunta de Galicia sobre a insuficiencia deses fondos. A Xunta ve insuficientes os 268 millóns de euros da primeira entrega do covid, unha repartición totalmente insuficiente e inxusta. Facenda reclama polo menos 116 millóns máis e ve prexudicada a Autonomía. Asignación inxusta e prexudicial. O señor vicepresidente en funcións naquel momento da Xunta de Galicia, hoxe presidente, di que non chega en absoluto para atender todos os gastos que se xeraron.

No ano 2022 —este ano, ano 13— publícase o informe do Consello de Contas que pon de manifesto que ao final do exercicio 2020 terían sido suficientes para financiar o impacto orzamentario sobre o gasto sanitario e sociosanitario.



¿Que poñen de manifesto estes informes? Que a Xunta de Galicia recibiu 735 millóns de euros, deles 418 para os tramos sanitarios, tramos 1 e 2, ademais, por certo, de 42 millóns de euros doutras transferencias. Que conforme a información da Conta xeral do ano 2020, publicada pola Consellería de Facenda do Goberno da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia dedicou ao gasto covid en sanidade 259 millóns de euros. Polo tanto, unha simple resta evidencia que hai 159 millóns de euros que deberan ter como destino o gasto sanitario que non foron destinados a ese fin; 4 de cada 10 non están xustificadas en gastos sanitarios, polo menos dunha forma que o Consello de Contas poida aclararnos.

Pero hai algo máis, porque eses mesmos informes din que na función de sanidade os créditos xerados na partida de imprevistos cos ingresos dos tramos 1 e 2 destináronse directamente a transferencias ao Sergas. E sobre iso falaremos largo e tendido no próximo pleno, porque podo garantirlle que imos pedir explicacións sobre outro informe que fala da opacidade no control do gasto no Sergas, pero falaremos largo e tendido.

No peor da pandemia vostedes —e vostede era vicepresidente naquel momento— destinaron 159 millóns de euros a non sabemos que, mentres criticaban a insuficiencia dos recursos que recibían.

¿Pode asegurar, señor presidente da Xunta de Galicia, hoxe, aquí, que se gastaron todos eses fondos para combater a grave crise sanitaria, cando había milleiros de afectados, cando o persoal sanitario estaba ao límite da súa capacidade e ao persoal sociosanitario de atención nas residencias lle pasaba exactamente o mesmo? ¿Pode asegurar vostede aquí, hoxe, neste parlamento, que eses 159 millóns de euros se gastaron tamén en fondos destinados a aquilo para o que estaban concibidos?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor portavoz do Grupo Parlamentario Socialista a día de hoxe, se quere facemos outros cálculos. Tamén hai. Vostede empezaba facendo cálculos: ano 2020, mes de marzo, primeiro mes do confinamento —inconstitucional— decretado polo señor Pedro Sánchez. Se quere, por facer cronoloxías desa data, hai moitas.

Pero indo ao que me pregunta, mire, eu téñolle aprecio, xa llo dixen algunha vez, pódeme crer ou non, e por iso lamento que teña que facer esta pregunta. Eu estou convencido de que isto está dentro do «orden e mando». Onte abríanse en canal unha vez máis vostedes. O señor Martín Seco explicábanos aquí claramente como funcionan internamente, menos mal que só son catorce e, polo tanto, fan cousas no Parlamento nas cales non cren,



pero fanas baixo o prisma, o criterio, a voz de «ordeno e mando». Supoño que isto será algo parecido, señor Álvarez. Porque é que ninguén lle segue nisto, empezando, de verdade, polo Goberno da Xunta de Galicia, que teño que dicirlle que cando plantexou esta pregunta nos custaba entender exactamente esta denuncia — máis ben hai dúas semanas—, entender exactamente a que se estaba referindo; e cando empezaron a desenvolvela custábanos aínda máis aínda.

E por iso tivemos que acudir outra vez aos magníficos profesionais, aos magníficos técnicos en orzamentos da Xunta de Galicia, dos que vostedes tamén están criticando directamente e poñendo en solfa —por dicilo suavemente— o seu traballo, con esta pregunta que fai, para saber exactamente de que estaban falando e intentar respostarlles, como é a miña obriga. E fixémoslo, e creo que ao final conseguín entender a que se refería vostede e, polo tanto, vou intentar contestarlle.

Mire, estamos falando —iso está claro— do Real decreto lei 22/2020, do 17 de xullo, onde o Goberno central, despois de falar coas comunidades autónomas, decidiu —e nós estábamos de acordo, outra cousa son as cantidades, e xa verá como foron inxustamente repartidas— decidiu compensar as comunidades autónomas, que somos, eramos as que estábamos levando todo o peso e os gastos da covid, por eses esforzos que se estaban facendo. E a nós correspondéronnos 735 millóns de euros nesa repartición, de acordo cun sistema de repartición.

E aí entramos no meollo da cuestión, señor Álvarez. 418 millóns de euros por criterio sanitario en función de número de ingresos hospitalarios, número de UCI, número de PCR feitas, unha serie de criterios obxectivos; 93 millóns por criterios educativos, en función do número de alumnos por unha serie de tipoloxías; e despois 224 millóns para compensar as arcas públicas pola caída de ingresos, é dicir, por ingresos que non se estaban producindo. En total, 511 millóns para gastos.

E, señor Álvarez, unha cousa son os criterios de repartición e outra os gastos aos que se adiquen eses cartos que nos chegan segundo os criterios de repartición. É que é completamente diferente. Non eran criterios finalistas; vostedes confunden criterios de repartición con criterios de gasto. Iso non quere dicir que non se gastara todo na pandemia, jeh! Que non había unha obriga legal, porque, ademais, pónolle un exemplo: o Goberno de Aragón. Resulta que o 40 % do que se lle deu por estes criterios ¿sabe a que o adicaron? A amortizar a débeda. A Cámara de Contas de Aragón está dicindo: nunca se produciu unha amortización da débeda como esta. Felicidades por dedicar estes cartos a isto.

Polo tanto, vostede supoño que cando acabe aquí irá a Aragón a dicirlle ao seu compañeiro Lambán que está facendo as cousas dun xeito que merece unha denuncia parlamentaria como a que están facendo vostedes. Se non, é que non entendo absolutamente nada. Se non entenden isto, é moi difícil respostarlle a esta pregunta, señor Álvarez.

¿Non se dá conta vostede de que, segundo o seu criterio —insisto: absolutamente errado—, non poderíamos ter adicado absolutamente nada aos gastos en residencias, non poderíamos ter adicado absolutamente nada a axudar os hostaleiros, axudar os autónomos, axudar as



pequenas e medianas empresas, que necesitaban eses cartos como auga de maio e que foron os que seguramente salvaron moitos negocios que se non a día de hoxe xa non existirían? ¿Non se dá conta vostede de todo iso?

Eu creo que non se dá conta, comete un erro técnico grave, porque ao final tráeo a un parlamento para facer unha pregunta que non ten ningún sentido. ¿Sabe ao final cal é a conclusión? E, ademais, agradézolle a ocasión porque me permite dicir que nós ao final gastamos 611 millóns de euros, como recoñece o Consello de Contas, 100 millóns máis do que nos deron para gastos covid. É dicir, fáltannos 100 millóns. Isto estaba mal repartido. Algunhas comunidades...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...—casualmente, socialistas— tiveron sobrefinanciamento e Galicia tivo que poñer 100 millóns de euros a maiores. Iso si que é denunciabile.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor presidente da Xunta de Galicia a día de hoxe, ¡que pena!, ¡que pena de resposta! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Mire, vaimos permitir vostede que non empregue nin o castelán nin o galego, porque o imos entender todos: *nihil novum sub sole*. Aquí cada vez que se fai unha pregunta que a vostedes os incomoda, para que non teña unha resposta fácil ou doada, criticamos as persoas. Agora criticamos os técnicos da consellería, criticamos os técnicos da Xunta. Non, non, estamos pedindo unha aclaración sobre unha actuación do Goberno, non dos técnicos. A ver se se aclara vostede, a ver se centramos o debate entre os dous.

Porque supoño que, volvendo ao argumento, tamén vostede estará criticando os técnicos do Consello de Contas. E supoño que non, porque supoño que vostede non comparte as declaracións de certo exalcalde do Partido Popular que cualificou de «chiringuito» o Consello de Contas de Galicia. (*Aplausos.*)

E xa sei que vostede non o fai, que vostede, igual ca min, lles ten respecto, lles ten respecto aos técnicos da Xunta de Galicia, do Consello de Contas e tamén da Administración xeral do Estado.

E mire, cando remate aquí, non tiña pensado ir a Aragón, vou seguir aquí facendo o meu traballo.



Eu recoñezo que vostedes teñen hoxe, e vostede en concreto como presidente, un papelón nesta pregunta. Supoño que vostede, se está tan convencido, non terá problema en deixar eses datos, ambiguos, que vostede deu ao señor presidente do Parlamento para que nolos traslade aos grupos parlamentarios. Porque mire, xa sabemos que son fondos incondicionados; xa llo dixen onte ao señor voceiro do Grupo Parlamentario Popular: sabemos ler, incluso sabemos interpretar, non con tanta clarividencia como vostedes, pero sabemos interpretar o que din os textos. E, precisamente, polo seu carácter incondicional, corresponderíalle a esta comunidade autónoma dentro da súa capacidade de decisión determinar a que se dedican. Iso tamén o sabemos. Pero o que queremos é claridade sobre a que se destinaron eses 159 millóns de euros. É así de sinxelo. A pregunta é esa, é dicir: ¿foron a gasto sanitario e sociosanitario ou foron a outras cousas?

Porque, mire, voulle dar un dato —e o señor conselleiro de Educación e tantas outras cousas, aquí presente, non vai ser quen de contradicirmo—: gastos covid extraordinarios para educación, ¿sabe a que se destinaron en parte? A cambiar cubertas dos edificios. ¿Vostede cre de verdade, solememente, para a poboación que nos escoita, para a cidadanía de Galicia, que cambiar unha cuberta dun edificio é un gasto xerado pola covid-19? (*Aplausos.*) Eu creo que non. E esta é a realidade do que se fixo coa xestión.

Pero, mire, vou ir rematando. Non cuestionamos nin o Consello de Contas, non cuestionamos nin a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, non cuestionamos os técnicos da Xunta. O exemplo que lle puxen de educación pode ser —eu non o afirmo— un indicio de en que puideron gastar vostedes os fondos covid de sanidade que recibiron.

E mire unha cousa, para que corrixa a algún dos deputados, nunca, nunca, este voceiro afirmou que se malversasen fondos de sanidade. Dígoo porque as palabras grosas ás veces están totalmente fóra de lugar e, desde logo, eu nunca afirmaríala sen ter...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...probas —non indicios senón probas— que houbo unha malversación de fondos.

Pero xa que o teñen todo tan claro, xa que todo resulta tan evidente, vou sacar unha conclusión en positivo para a tranquilidade non deste grupo parlamentario, non deste parlamento, senón de toda a sociedade galega.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: E é que vostedes, cando traíamos a este parlamento a proposición non de lei para crear unha comisión de investigación, van votar que si, van votar que si para poñer en evidencia que estamos creando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...unha alarma innecesaria. Así que, señor presidente da Xunta de Galicia...,



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...quedo con este dato positivo... (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, iso de que vai seguir de portavoz non o diga mirando para min, dígao mirando para atrás, jeh!, (*Risos.*) sinceramente. (*Aplausos.*)

Mire, sábeo vostede, ten aclaracións de sobra; aclareillo perfectamente —eu creo que non facía falta, sinceramente—. Sabe vostede que dende o principio se meteron neste berenxenal, que enseguida tiveron que ver que era simplemente un erro de interpretación entre criterio de distribución e criterio de gasto. Pero supoño que do *sostenella e non enmendalla* nunha metedura de pata como esta é moi difícil saír. Por iso seguiron ata o final, dixeron palabras moi grosas, o señor Lage, en fin, vostede non sei o que dixo, pero membros da diversa e non moi unida familia socialista dixeron moitas cousas sobre este tema moi grosas que afectan a xestión de profesionais, non só o que poida facer a Xunta de Galicia.

Pero, mire, pídeme informes, pídeme que lle deixe informes. Ben, pois moi ben, se quere, deixámoslle os informes do Consello de Contas. (*O señor Álvarez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois, se xa os ten, aínda me reafirmo máis en que non sabe como saír desta metedura de pata, sinceramente, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) sinceramente.

Informe de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma exercicio 2020. Os gastos en proxectos vinculados á covid-19 ascenderon a 517,6 millóns de euros. Ademais, existe un gasto adicional de 93,7, unha vez regularizados todos os que se xeraron desde o estado de alama que tamén tiñan que ver coa covid. Total, 611 millóns de euros.

Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do fondo da covid-19 para a xestión da pandemia en Galicia exercicio 2020. Enténdese que os recursos do fondo covid-19 foron aplicados na súa totalidade, páxina 25.

Mire, despois destes informes —como se soe dicir, sóbrame tempo—, non hai máis resposta, señoría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Pasamos á seguinte pregunta.



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión dos recursos públicos dos galegos e das galegas

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor Rueda, vostede onte compareceu neste parlamento durante dúas horas, dúas horas, pero non foi capaz de explicarlles aos galegos e ás galegas que ten de positivo baixarlles 34 millóns de euros aos 7.700 millónarios deste país. Non logrou explicarnos que lle aporta este pelotazo fiscal a unha sanidade pública que está colapsada, cunha atención primaria que ten listas de espera, a unha educación pública con 1.000 docentes menos, a 55.000 familias ás que lles retiraron a tarxeta básica. Non nos explicou que lles aporta este pelotazo aos mozos e mozas que non son capaces de pagar un alugueiro ou ás familias que este inverno non van prender a calefacción porque simplemente xa non poden pagar agora a factura da luz. *(Aplausos.)*

E, señor Rueda, ¿sabe por que non o puido explicar? Pois hai unha razón moi sinxela, é que esta é unha medida inexplicable, porque é unha medida inxusta, insolidaria e que atenta contra o benestar dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O máximo que acertou a dicir é que as familias xestionan mellor. E, se o pensa, no fondo o que está recoñecendo é a incapacidade da Xunta do Partido Popular para xestionar con eficacia os servizos públicos. E teño que dicirlle que nisto doulle a razón, porque o Goberno do Partido Popular é o Goberno que triplicou a débeda pública de Galicia, máximo histórico, 15.000 millóns de euros, mentres recortaba nos servizos sociais, mentres recortaba na educación pública e mentres recortaba na sanidade pública para seguir engordando o privado. *(Aplausos.)*

Son o Goberno do Partido Popular que no medio desta crise deixou 1.000 millóns de euros sen executar e son o Partido Popular que coa que está caendo financia con recursos públicos palcos VIP ou gasta 2,5 millóns de euros nun só concerto, é dicir, en elitismo e en despilfarro público. *(Aplausos.)*

Ontes basicamente o que anunciou foi unha rebaixa de 50 euros para as familias con rendas baixas e medias, e, non obstante, para as familias que teñen patrimonios millónarios vostede o que anuncia é unha rebaixa de 4.415 euros. ¡Vaia diferenza, señor Rueda, vaia diferenza!

Por iso hoxe desde o BNG o que lle pedimos é que retire ese pelotazo fiscal que lle está impondo o Partido Popular desde Madrid, porque é inxusto, insolidario e porque vai en contra do interese xeral. É que —fíxese— até institucións como o Banco Central Europeo —que coincidirá comigo en que é a ortodoxia desde o punto de vista neoliberal— neste momento está dicindo que hai que facer que os que máis teñen, que os máis ricos paguen máis e que paguen máis as empresas que teñen máis beneficios.

Rectifique esta medida, señor Rueda, porque será a mellor maneira tamén de xestionar ben os recursos públicos. Porque vostede sabe que os pelotazos fiscais de hoxe son o déficit e a



débeda pública de mañá, que van pagar os galegos e as galegas. Rectifique, señor Rueda. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Non debeu quedar vostede moi contenta coa comparecencia de onte que agora vén intentar xogar a prórroga. (Risos.) Pois xogámola sen ningún problema e falamos do que vostede me pregunta, que ten que ver ademais co que dixó.

Vostede está co seu monotema, pero a xestión eficaz e eficiente é moito máis, e interésalles moito máis aos galegos en moitísimos aspectos. E, polo tanto, convén enmarcar un pouco todo isto e ver que entenden vostedes por xestión e eficacia eficiente e que entendemos nós, que estamos facendo nós.

Agora que están cumprindo corenta anos, que os pasaron case todos reñindo os galegos porque non votan ben, porque non votan o que lles convén e votan o Partido Popular, pois ao mellor é que os galegos observan como xestionamos cada un. E non vou facer moita historia —podía—. Vostedes en corenta anos teñen moitas perlas, en canto a xestión, de cousas que dixeron; afortunadamente, xestionar non xestionaron moito pero si que dixeron moitas cousas, e, ademais, aventurando o que podían facer se chegan a xestionar.

Xa non me vou ao Bipartito: 2.500 millóns de buraco que nos deixaron en tempos de abundancia; vostedes si que fixeron moito menos con máis que tiñan para facer. Pero, por ir un pouquiño máis recente, ano 2010, mire, eu acórdome cando lle rifaban ao presidente Zapatero porque dicían que tiña unha obsesión por reducir o déficit, é dicir, por intentar ter cartos para atender os servizos públicos; eu creo que iso xestión eficaz e eficiente non era. Ou no ano 2011 aseguraron que fixar na Constitución a regra de estabilidade orzamentaria era un disparate que só favorece os ricos e os usureiros. Novamente a súa obsesión polos ricos para intentar levar por diante todas as regras dunha xestión eficaz e eficiente, ter un orzamento que permita simplemente facer fronte a uns servizos públicos eficaces. Iso, señora Pontón, estará de acordo comigo —ou non— en que non é xestión eficaz e eficiente.

Ano 2014, dixeron que era unha tremenda equivocación que Galicia non acudise ao Fondo de Liquidez Autonómica; é dicir, era unha tremenda equivocación na mentalidade nacionalista que España non nos rescatara. Eu creo que nós aguantamos ben e fixemos unha xestión eficaz e eficiente.

Ano 2017, marcaron aí vostedes un antes e un despois nas teorías nacionalistas económicas cando lanzaron a súa proposta de concerto económico, de cupo. E aí non tiven que ser eu nin ninguén do PP quen dixera que era un disparate enorme que nos ía custar 1.000 millóns



de euros como mínimo. Iso foi un economista recoñecido, Xaquín Fernández Leiceaga —aos socialistas soaralles, sóanos a todo o mundo—, que dixo que as súas teorías sobre xestión eficaz e eficiente nos levaban á ruína.

Polo tanto, señora Pontón, mire, en materia de xestión eficaz e eficiente, dígolle unha cousa: para acertar, nós imos seguir facendo exactamente o contrario do que vostedes din que hai que facer; e probablemente así imos acertar. ¿Sabe por que? Porque así evitaremos —como xa o evitamos— ser rescatados nunca, evitaremos ser intervidos, evitaremos hipotecar as xeracións futuras, evitaremos poñer en risco a sustentabilidade das contas públicas, evitaremos poñer en risco a consistencia do Estado de benestar e evitaremos non poder pagar nalgún momento os servizos públicos aínda que sigamos baixando impostos —que o imos seguir facendo, por moito que a vostede lle fastidie—.

Polo tanto, mire, sigan corenta anos máis con esta xestión eficaz e eficiente, con estas cousas que din vostedes, que nós intentaremos facer esa xestión eficaz e eficiente que os galegos, cando se lles pregunta, sempre aprecian.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, tivo onte dúas horas para explicarnos cales son os beneficios de baixarlles os impostos ás persoas máis ricas deste país e agora volve perder esa oportunidade, porque aos galegos e ás galegas o que lles preocupa é ver un Goberno galego que no medio desta crise deixa 1.000 millóns de euros sen executar, que con cartos públicos está financiando entradas VIP, que é capaz de gastar 2,5 millóns de euros e que en pleno debate orzamentario presenta unha proposta pola que ás rendas medias e baixas lles rebaixa 50 euros ao ano e, non obstante, a 7.700 millónarios rebáixalles 4.415 euros. (*Aplausos.*) Explique, señor Rueda —se é capaz—, que ten de positivo esta medida.

E pídlle que non lle falte ao respecto nin á intelixencia dos galegos e das galegas, porque con menos faise menos, e con menos recursos para os servizos públicos faise menos. (*Aplausos.*) Xa o vimos nesta crise, señor Rueda. Porque é unha falacia dicir que con menos impostos se melloran os servizos públicos. Sabe que é unha gran mentira, sábeo vostede, seino eu e sábeno os galegos e as galegas, que están sufrindo os recortes da sanidade, os problemas na educación, a falta de prazas públicas, ou ben como o seu Goberno, mentres regala entradas VIP, lles quita a tarxeta básica ás familias que non teñen recursos. (*Aplausos.*) Se é unha medida tan boa, señor Rueda, ¿por que non a explica?

¿Sabe cal é o problema? Que ¿a quen lle interesa que lles baixen os impostos aos ricos? ¿Ás clases medias? ¿Aos traballadores e ás traballadoras? ¿Aos pensionistas deste país? (*Murmurios.*) ¡Ah!, interésalles que lles baixen o imposto de patrimonio aos ricos. (*Murmurios.*) Iso é o que di o Partido Popular. ¿Interésalles ter 34 millóns de euros menos? (*Murmurios.*) Non, non. A quen lles interesa que se lles baixen os impostos aos ricos son aos ricos, porque eles



non necesitan da sanidade pública nin da educación pública, porque poden pagala. *(Aplausos.)*
E vostedes están gobernando para unha minoría.

Señor Rueda, vou deixar que lle diga o señor Corgos o que ten que dicirlle. *(Murmurios.)*
(Risos.) Si, non, siga, señor Corgos, siga. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Ou pode falar tamén o señor
Corgos, non sei se é que ao señor Rueda lle falta algunha información. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*
Non pasa nada, señor Rueda.

Nós, señor Rueda, o que lle pedimos é que retire unha medida inxusta, insolidaria e que
atenta contra o benestar dos galegos e das galegas, e que se poña en marcha realmente unha
política fiscal progresiva. O que hai que facer é subir o imposto de patrimonio para que pa-
guen máis os que máis teñen no medio desta crise. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Non faga tanto seguidismo de Madrid... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e mire máis aos ollos dos galegos e das galegas, que o están
pasando mal nesta crise, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Murmurios.) Silencio. Silencio, por favor. Isto vai e vén. *(Murmurios.)* ¡Oia!, isto vai e vén,
imos respectarnos todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio.

Turno de peche do presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, segunda parte da prórroga; o que pasa é que me repite as mesmas xogadas
que na primeira; polo tanto, é moi difícil contestarlle.

Mire, perdoe que lle consulte ao conselleiro de Facenda cando estamos falando de orzamen-
tos e de xestión económica. Eu xa llo dixen onte: non son coma vostede, non teño todas as
verdades nin o sei todo sen preguntarlle a ninguén. Eu procuro asesorarme cos que saben,
iso normalmente é bo para acertar. E o que lle pido é que teña un pouco máis de respecto xa
non digo ao conselleiro de Facenda, aos conselleiros de Facenda en xeral, que son os que
manexan, os que deseñan os orzamentos para que despois poidamos facer iso que a vostede
lle fastidia tanto, que é baixar impostos á xente. *(Aplausos.)* Claro, porque se non... *(Aplausos.)*
É que, claro, cando non se entende isto, señora Pontón, pois é cando se contratan médicos
low cost, cando volve repetir outra vez a mentira dos 1.000 millóns de euros sen executar...,
en fin, todas esas cousas. Dá igual. Vostede fala do presuposto como unha cousa que está aí
e que serve para facer demagogia, porque como nunca xestionou ningún non ten por que
ser rigorosa á hora de falar do orzamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Pero eu teño que ser rigoroso e, polo tanto, teño que falar do que vimos falar aquí — polo menos eu —, a respostarlle ao que vostede me preguntaba, que xa se olvidou completamente, porque lle dá igual a eficacia e a eficiencia na xestión. Iso dálle exactamente igual, sérvelle simplemente para escribir unha pregunta e despois falar do que lle dá a gana. Pero eu, que teño responsabilidades de goberno, teño que falar de xestión eficaz e eficiente.

E xestión eficaz e eficiente, que é o que vostede me pregunta —recórde, que teño que recordarllo—, é que Galicia sexa a terceira comunidade autónoma de réxime común con menos débeda pública; iso é moi importante, porque permite ter cartos para baixar impostos sen tocar os servizos públicos, mellorándoos incluso. E xestión eficaz e eficiente é que cada contribuínte galego leva 2.300 euros menos que a media dos contribuíntes en España; iso tamén é xestión eficaz e eficiente. E xestión eficaz e eficiente é que cada ano esteamos aforrando 100 millóns de euros en xuros; iso dálle a vostede para contratar —ben, hoxe non sei— trinta, corenta mil médicos *low cost*, probablemente; (*Risos.*) 100 millóns de euros menos en xuros.

E, mire, imos seguir sendo un referente a nivel nacional de contención da débeda; isto é moi importante. Vostedes ao longo dos seus corenta anos non entenderon iso de apoiar os sectores produtivos cunha xestión orzamentaria rigorosa, de rebaixas fiscais, que permitan aos galegos en xeral —a súa obsesión por determinados galegos—, galegos en xeral, aforrar 450 euros na declaración da renda que van facer o ano que vén respecto de cando gobernaban vostedes, que tiñan moitos máis cartos para eses aforros. E seguiremos insistindo na necesidade de mobilizar os cartos para crear riqueza.

Señora Pontón, unha cousa que me chama moito a atención. É increíble como non dedica nunca nin medio segundo a falar dun enorme problema —agora mesmo estase convertendo nun problema—, o reto que ten Galicia, que é a xestión dos fondos Next Generation. Temos 26.400 millóns de euros embalsados agora mesmo en moitísimos proxectos que van crear miles de postos de traballo esperando ese financiamento. Ao Bloque Nacionalista Galego ese tema dálle exactamente igual, (*Murmurios.*) non lle merece un minuto do seu tempo nunca, (*Aplausos.*) nunca, nunca.

Mire, comprendo que o Partido Socialista lle ten que tapar as vergoñas ao seu Goberno en Madrid, que non é capaz de mobilizar eses cartos. Pero vostedes, que tan defensores son de Galicia, isto ¿por que lles dá exactamente igual? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que nunca lle dedican un minuto? ¿Por que lles dá exactamente igual que veñan eses cartos, que teñamos capacidade de mover eses proxectos? Dálles igual isto.

Mire, hai tres empresas —Reganosa, Repsol e Naturgy— que veñen de aliarse coa sociedade galega Impulsa para crear outro proxecto: impulsar unha planta de transformación de purín... (*Murmurios.*) Ben, fíxese se lle dá igual... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, se está consultando por primeira vez iso, paréceme ben, (*Aplausos.*) iso paréceme ben. Soe servir para acertar.

Dicíalle: Reganosa, Repsol e Naturgy veñen de aliarse coa sociedade Impulsa Galicia para impulsar —valla a redundancia— unha planta de transformación de purín e outros residuos



en biometano e fertilizantes orgánicos; ademais, iso serve para solucionar un problema que teñen os nosos gandeiros; 146 millóns de investimento...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...—remato xa, señor presidente— 600 postos de traballo entre directos e indirectos. ¿Imos ter o seu apoio para que o Goberno de España polo menos a este proxecto lle mire aos ollos, lle dea apoio e poidamos crear eses postos de traballo? ¿Isto pódelles importar? Porque isto é xestión eficaz e eficiente, señora Pontón.

E, mire, mentres, imos seguir facendo o que si que depende de nós: deflactar o IRPF ata os 35.000 euros, avalar cun 20 % as mozas e mozos de ata 35 anos que compran a súa primeira vivenda, investir 50 millóns de euros máis en envellecemento de proximidade, reforzar con 215 millóns a sanidade pública...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...ou conceder unha axuda de 1.200 euros —isto tamén lles dá exactamente igual— a 25.000 autónomos para afrontar o incremento dos seus custos.

Mire...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...os galegos de verdade aprecian isto. Vostedes levan corenta anos intentando facer todo o contrario. Nós levamos moitos anos facendo estas cousas e por iso cada vez que lles preguntamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...aos galegos dannos a súa aprobación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Terminou o tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Para máis débeda, máis déficit e máis impostos, vostedes para iso si que están.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto 4º, proposicións non de lei.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención e extinción de incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Bos días, presidente.

Bos días a todos e todas.

Hoxe traemos os socialistas unha iniciativa que insta a Xunta de Galicia ao cumprimento das actuacións ás que se comprometeu o Goberno galego a consecuencia das recomendacións do Parlamento de Galicia polo ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia. En definitiva, instamos a que se cumpra un acordo parlamentario votado a favor polo Grupo Popular e polo Grupo Parlamentario Socialista, que cumpra a palabra dada, xa non como PSdeG, xa non como Grupo Parlamentario Socialista, senón con todos os galegos e galegas.

Se este acordo o executaran, a magnitude dos incendios acaecidos este verán e os que nos augura a situación que vive o rural de abandono absoluto, a práctica inexistencia de silvicultura preventiva e a aposta case en exclusiva pola extinción e non pola prevención e pola existencia dun monte ordenado e produtivo, o cambio climático, etc., e as consecuencias dos lumes serían moi distintas, dunha gravidade moito menor.

A raíz da vaga de incendios de outubro de 2017 —que todos recordamos—, que arrasaron 50.000 hectáreas en Galicia, que deixaron desgraciadamente 4 falecidos, 128 ingresados con feridas de diferente consideración, 2.400 persoas desaloxadas das súas vivendas, ademais de cuantiosos danos materiais formados por perdas de vivendas, enseres, vehículos e empresas, o entón presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, propuxo a creación dunha comisión específica dirixida a reforzar a loita contra os incendios e buscar unha unidade de criterio da clase política para cambiar esta lacra. Anunciaba daquela tamén unha batería de trinta medidas para loitar contra os incendios en materia de prevención, ordenación e dinamización do monte.

Das trinta medidas anunciadas, unha delas foi a elaboración dos plans de ordenación para os dezanove distritos forestais, empezando polos cinco de Ourense e catro de Pontevedra. Aínda hoxe, señorías, a pesar da insistencia deste grupo parlamentario a través de diversas iniciativas, non está feito nin o primeiro. E voltaremos incidir nesta cuestión pola importancia da ordenación para a loita contra os incendios.

Como tampouco outras medidas anunciadas —campañas de sensibilización na educación obrigatoria, campañas de difusión das novas medidas de prevención—, claro, non as hai, porque non hai practicamente prevención.



Na mobilización de terras agrarias para polígonos agrarios, tivemos que esperar ao ano pasado para que trouxeran unha lei de recuperación, que recuperaba esta figura tan deostada por vostedes.

Avanzar na reestruturación parcelaria, reestruturación que, como sabemos, vai a paso de tartaruga.

Calquera cidadán galego, señores e señoras do Partido Popular, sobre todo os habitantes do noso rural, son coñecedores de que dende que goberna o Partido Popular na xestión forestal nada mudou, e dende a aprobación do ditame no Parlamento, tampouco. Pregúntenlles a organizacións sindicais e agrarias ou a alcaldes ou alcaldesas de calquera cor política.

A Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal constituíuse en novembro de 2017 co obxecto de estudar e analizar as posibles reformas da política forestal, política de prevención e de extinción de incendios; comisión que celebrou dezasete sesións de traballo e na tiveron lugar sesenta comparecencias. E sinalar a título anecdótico que o ponente do PP foi o actual conselleiro de Medio Rural, co que, polo tanto, coñece perfectamente este ditame. Estruturouse en catro ámbitos: análise de incidencias de incendios no período de 2006-2017, avaliación de experiencia acumulada dende 2006, análise das causas estruturais dos incendios en Galicia e reformas da política forestal na prevención e extinción de incendios. A letra a verdade é que soaba ben.

O Grupo Parlamentario Socialista, por responsabilidade, votou a favor do ditame, entendendo que supuña unha oportunidade para modificar de raíz unha política efectuada ata ese momento polo Partido Popular. E tendémoslle a man ao Goberno galego para así tenderlle aos galegos e galegas. A situación contraria sabemos todos e todas que non se produciría.

Dicía o noso portavoz, Fernández Leiceaga, en setembro de 2018 —e vou reproducir as súas palabras ante a imposibilidade de dicilo mellor—, que despois dos lumes de outubro do 2017 se xerou unha grande oportunidade pola transcendencia que tiveron e pola súa magnitude, e tamén porque todos temos a conciencia de que a intensidade destes lumes en relación co cambio climático e co modelo de monte que se estaba impondo en Galicia prefiguraba o futuro despois da traxedia de Portugal. E iso xerou unha oportunidade política para revisar o fracaso das políticas forestais do Partido Popular dos últimos anos.

Xérase unha comisión de estudo, non unha comisión de investigación, a pesar dos miles de afectados que houbera no seu momento. É unha oportunidade polo fondo e pola forma. A nós parécenos unha grande oportunidade para modificar de raíz unha política equivocada e para pór en marcha unha política cun apoio mutuo, máis transversal, como debe ser a política forestal, na que todos coincidimos, polo menos inicialmente, en que debe ser un asunto de país e onde deberíamos facer un esforzo. Hoxe poderíamos dicir o mesmo.

Claro que ten riscos, e riscos de carácter político, pero nós —dicía— preferimos ser responsables e configurarnos como unha alternativa de goberno a partir desa responsabilidade, asumindo riscos e asumindo que, pese a que unha parte do ditame non a compartimos ple-



namente, en conxunto nos parece que dá un cambio de tal magnitude á política forestal que ben merece a pena asumir ese risco.

Hoxe non imos votar nin as políticas levadas a cabo nos últimos dez anos, que dicía que suspenderíamos. Non lle estamos pondo nota á Xunta. O que lle estamos pondo é deberes a esa Xunta.

En cambio, o que imos facer con ese ditame —e por iso nós imos apoialo— é cambiar a política forestal e dar razóns para iso.

Primeiro, porque se rectificaría, se se cumprira ese ditame, a política deses anos, unha política de deixar facer onde había normas que despois non se aplicaban. Debe dar paso a unha política diferente onde se creen instrumentos para verificar que estas normas se cumpren.

En segundo lugar, pór en marcha as políticas do Goberno do ano 2005 a 2009, presidido por Emilio Pérez Touriño, na consellería do señor Suárez Canal, pór en valor esas políticas. E, se non, lean vostedes o que se di en relación co Banco de Terras, un Banco de Terras que foi postergado nestes anos, foi reducido a nada e que agora non só se recupera como instrumento moi útil senón que, ademais, hai un compromiso expreso e concreto de dotalo de medios, de dotalo de recursos.

E ten que tocar nas estruturas, ten que tocar na ordenación do territorio, ten que tocar na creación de silvicultores profesionais, ten que tocar na creación de montes ordenados, de montes produtivos, que teñen que cumprir distintas funcións: funcións ecolóxicas, funcións sociais e funcións produtivas.

Introdúcense múltiples elementos de verificación e de control das políticas propostas, porque se poñen prazos, porque se poñen obxectivos cifrados, pero tamén porque se crean mecanismos de participación que antes non existían, desde o Consello de Comunidades de Montes aos consellos forestais de distritos. Recorden vostedes que nós presentamos unha iniciativa sobre os consellos de comunidades de montes e votaron en contra.

E, ademais, porque se establecen compromisos de información parlamentaria, que darán lugar a debates anuais ou bianuais, dependendo dos casos, que nos van permitir saber o que vai pasar. Eses compromisos de información parlamentaria tampouco se están a cumprir.

Nós non imos aprobar hoxe aquí o Plan forestal, porque o Plan forestal debería incorporar estas recomendacións, estes ditames, e por iso este grupo parlamentario despois tivo que votar que non á revisión do Plan forestal de Galicia. É unha oportunidade que por responsabilidade decidimos aproveitar. Parécenos que debemos votar a favor.

É obvio, señores e señoras do Partido Popular, que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego. Creouse unha nova dirección xeral, pero non se tratou unha repartición axeitada dos medios de loita existentes na Comunidade Autónoma conforme a situación actual nin se analizou por parte da Administración os reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial que se axuste á



incidencia dos lumes nas comarcas e distritos e os poucos alentadores escenarios que nos augura o cambio climático.

No documento xeral de análise e recomendacións sobre o Servizo de Prevención de Incendios elaborado polo grupo de expertos tamén se presentaban táboas sobre esta repartición, e non lle fixeron caso.

Como tampouco se levou a cabo o establecido polo grupo de expertos no documento elaborado en xullo do 2019, no que se propuña reformular o modelo de brigadas, co fin de que as mesmas brigadas municipais se adicaran principalmente á prevención. Onte dicían que tiñan que estar na época de alto risco, totalmente contrario ao que pon o ditame, dado que esas brigadas están cofinanciadas con fondos europeos, que financian labores exclusivamente de prevención.

A presentación dun novo modelo de convenio con condicións máis atractivas e períodos de traballo máis longos. E levamos dende o ano 2013 con períodos moito máis longos, no 2017 igual de longos, e cunha dotación orzamentaria —como dicía onte— practicamente igual. Vostedes falaban de que subían un 10 %, soben 2.500 euros neste convenio, despois do ano 2003, que seguían conxeladas.

Ben, e agora, despois do acontecido este verán, con máis de 44.000 hectáreas queimadas en incendios de superficies maiores a 20 hectáreas, afectando catro parques naturais...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa remato— temos a lexitimación que nos dá o voto a favor que emitimos no ano 2018 para pedirllas o que xa tiñan que ter feito, que só é que cumbran co que se comprometeron neste parlamento. ¿Será moito pedir? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Quenda agora para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona María González.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señora presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Volvemos falar de lumes e volvemos falar da ordenación do territorio. Estes son os dous grandes temas que se debateron e se tentaron solventar en boa parte a través do ditame da Comisión especial da vaga de incendios de 2017 e da primeira revisión do Plan forestal de Galiza.

Esta é —teño que dicirlle á señora Dacosta— unha boa iniciativa, unha moi boa iniciativa para avaliar até que punto vive o Partido Popular sumido neste mar de incoherencia e propaganda ao que nos ten acostumados neste como en moitos outros temas.



E vóullelo repetir, señoras e señores do Partido Popular: son vostedes responsables directos do que aconteceu neste país este verán. Son responsables directos de palabra, de obra e de omisión.

E voules dicir máis, porque vin que onte estaban moi preocupados co que fixo o Bloque Nacionalista Galego ao mando da Consellería do Medio Rural nese breve período de tempo no que tivemos a responsabilidade de dirixir esa política antiincendios deste país. E voules dicir o que fixo o BNG nese período de tempo. Nese período de tempo o Bloque Nacionalista Galego creou a primeira Lei de incendios de Galiza, unha lei que vostedes se dedicaron a desnaturalizar, a desvestir de forma sistemática desde 2009 a través das leis de acompañamento aos orzamentos.

O BNG na catastrófica —porque foi catastrófica— vaga de incendios de 2006 tivo que enfrontarse non só aos lumes, que non se vira ata aquel momento un tipo de lumes así, senón que tivo tamén que facer fronte ao acoso, ao boicoteo brutal do Partido Popular en plena vaga, buscando o rédito político no sufrimento do país. Feijóo, con manguera incluída, non sei se naquel momento contratado pola Xunta ou por Seaga, que sei que onte tamén lles preocupaba. E esa é a diferenza.

Falo destes temas porque eu creo que é importante ver a quen lle importa realmente a ordenación do territorio e a quen lle importa a propaganda.

E quería falar un pouquiño de cal é o sentido do noso voto nesta proposición non de lei, que propón dous puntos de acordo.

No que ten a ver co ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, prevención e extinción de incendios, de 2017, quero sinalar que é certo que desde o BNG concordamos con moitas das recomendacións que se plasmaron nese ditame, e aínda así —como é ben sabido nesta cámara— votamos en contra dese documento.

E a motivación do noso voto tamén revisei —xa o tiña revisado antes— e onte volvíñ ver o debate que se deu neste hemiciclo relativo a esa cuestión, e é que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¿perdón? ¡Ah!— nós entendiamos nese momento —e seguímolo entendendo agora, e, por desgraza, a realidade deunos a razón— que a motivación do Partido Popular nese documento non era facer unha análise crítica, unha análise realista e unha modificación de actuacións en base ao que pasara nin sentar as bases dese cambio real no medio rural. Desprendía aquel documento —dicía o meu compañeiro Mini Rivas— unha interesada inconcreción ao respecto de temas centrais. E desa conclusión, desa conclusión á que chegou o BNG, saíu o noso voto particular, que pretendía trasladar a nosa aposta clara por mudar a política de monocultivo de especies, ao tempo que avogaba por un uso multifuncional do monte.

E ao final son dúas cuestións que repetimos aquí de forma recorrente en mosaico, en plan integral de recuperación do noso rural.

Naquel momento criticabamos tamén que a única política do Partido Popular sobre os incendios era descartar boa parte da responsabilidade operativa nos concellos. E quero destacar



este punto, porque lamentablemente seguimos aí. O PP fixo este ano nesta nova vaga de incendios unha nova acusación ás entidades municipais responsabilizándoas directamente, da man do seu director xeral, do feito de que as brigadas municipais non estivesen incorporadas ao servizo durante a crise de incendios de mediados de xullo, que arrasou —quero recordar— máis de 40.000 hectáreas neste país. ¿De quen foi a culpa? Dos concellos, por non ter constituídas as brigadas.

En todo caso, aquel momento do ditame foi unha ocasión perdida para emendar as políticas suicidas do Partido Popular e para artellar a columna vertebral dunhas medidas que permitan dar un xiro de 180 graos nas políticas de prevención e de loita contra os incendios forestais. E esa foi a nosa posición no debate daquel ditame. E como dixeran hai un momento, a nosa experiencia, catro anos despois daquela aprobación, confirmou que desgraciadamente tiñamos razón, que o Partido Popular aprobou un documento fantasma, que non tiñan ademais intención ningunha de aplicar —e agora imos falar tamén do Plan forestal—, pero, iso si, involucron o PSOE para servirles de coartada, fixéronlles ese abrazo do oso e déronlle validez a un documento no que perdemos esa ocasión chave para ordenar o noso territorio.

Falando do Plan forestal, que é outro punto de acordo que propón esta iniciativa, o BNG tamén votou en contra deste Plan forestal, tamén o saben ben. Votamos en contra por varios motivos, que quero resumir en catro.

O primeiro deles é que un plan forestal ten que ser un documento transversal, ten que ser participado —así o dicíamos durante o debate— e ten que contemplar un modelo de monte que teña capacidade de resiliencia e dotado orzamentariamente para poñer en práctica as medidas que se expoñen. Nós falabamos de que ese documento non tiña dotación orzamentaria, aí seguimos, todo o deixaba a mercé dos fondos europeos que teñen que chegar, e para iso se fixo o documento máis aló dunha auténtica planificación forestal.

Indo á planificación —é o segundo punto que quería destacar—, nós entendemos que a planificación do noso monte, do noso territorio, ten que facerse a partir dunha análise de cal é a situación real, a situación que temos na práctica; e, a partir desa situación real, téñense que fixar uns obxectivos, que se teñen que acadar no termo de vixencia dese documento.

E eu pregunto onde está o Inventario forestal continuo de Galiza, que anunciaron para finais deste ano, que non temos, e que, até o coñecemento que ten o Bloque Nacionalista Galego, se vai atrasar bastante, e que é a ferramenta a través da cal terían que planificar o noso monte.

A terceira cuestión é que o Plan forestal ten que defender un modelo de monte e neste Plan forestal non hai modelo. Ten que ter ese modelo, porque é un documento que ordena ou ten a vocación de ordenar dúas terceiras partes do noso territorio, incluíndo Rede Natura, hábitats comunitarios e outra serie de espazos sensibles máis aló de todo o espazo mosaico que ten que deseñar.

E unha cuarta cuestión, que un Plan forestal que leva por título *Cara á neutralidade carbónica* tiña obrigatoriamente que incluír medidas que foran cara a esa neutralidade carbónica e que non perpetuaran este modelo de escasa —por non dicir nula— biodiversidade no que nos



movemos, sen resistencia fronte aos lumes e de moi baixa protección —cando non inexistente, como vimos este verán nos nosos parques naturais— dos espazos máis delicados.

E eu si que teño que recoñecerlles unha cousa no que ten a ver co Plan forestal: que desde as filas do Partido Popular fan unha alegre transposición das recomendacións do ditame a ese documento, como se polo simple feito de poñer alí que se ven reflectidas estiveran aplicadas na práctica e houbera realidade dentro diso. E xa sei que na propaganda se moven ben, pero a realidade é que non.

Nós opinabamos tamén que ese plan non tiña competencia técnica e que lle faltaba planificación, que era un documento que non se sostíña tecnicamente, e que non o facía polo que dixeran antes, porque non podía facelo, porque vostedes non tiñan datos para facer ese documento e, polo tanto, partían dunha irrealidade, dunha análise errónea de como está o territorio, porque non tiñan eses datos necesarios.

E vostedes aquí nese momento quixéronnos facer crer que estaban a planificar sobre un monte que recoñecían que descoñecían. E é máis: continúan a descoñecelo neste momento, porque —como dixeran— continuamos sen ter ese Inventario forestal. Nós dixemos que ese documento era unha escusa para acudir aos fondos PDR, e, de novo, o tempo tennos dado tristemente a razón.

Nesta iniciativa o Partido Socialista fai un relatorio dalgunhas das medidas que o Partido Popular aprobou nestes dous documentos e que na práctica é que se negan a aplicar. É o que pasa cando fas documentos cosméticos, documentos escaparate, e pasa o que pasa: que non poden ou que non queren aplicarlos na práctica. E isto vai dentro desta escalada na que está o Partido Popular, que están tan volcados, de verdade, en librarse da responsabilidade do acontecido este verán que non asumen nin o máis mínimo erro.

E o BNG ten apoiado, se non todas, case todas as iniciativas que se relatan na exposición de motivos desta iniciativa, porque todas e cada unha delas illadamente parécennos boas propostas. Pero nós entendemos, como organización política que ten unha visión clara do que ten que ser o rural deste país, que hai que mudar ese Plan forestal. Que ese Plan forestal non é válido —por iso o votamos á contra— e que hai que reinterpretar ese ditame para que sexan ambos os dous documentos ferramentas útiles, realmente útiles na xestión do territorio.

Porque o proceso de desagrarización, de forestación exaxerada, anacrónica e desordenada que puxeron vostedes en práctica —teño que dicilo— por orde e mando das súas empresas amigas, roubáronnos a posibilidade de sentar as bases desa ordenación do territorio. E a equivocada —ao noso modo de ver, equivocadísima— e contraproducente política seguida nestas últimas décadas, derivando máis do 80 % dos orzamentos dispoñibles para a xestión forestal ao crecemento dos dispositivos de extinción sen criterio e sen orde, non pode seguir. Temos que ter capacidade de extinción, que só existirá —díxeno onte— se non hai buracos no territorio, se hai capacidade de acceso, se hai diferentes estruturas, se hai diversidade nesas infraestruturas forestais, se se fai xestión real do territorio e prevención ben entendida.



Polo tanto, ímonos ter que abster nesta iniciativa, entendendo moi ben por que se presenta e o que se trata de conseguir con ela. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, a verdade é que a abstención do BNG non me estraña nesta iniciativa, porque, despois de ter votado en contra de moitas das leis que traemos a este parlamento que teñen que ver co noso medio rural, pois, loxicamente, sería unha sorpresa que votaran a favor.

Dito isto, tamén me gustaría dicir que realmente me atopo sorprendido porque dende logo que o Grupo Parlamentario Socialista inste a Xunta de Galicia ao cumprimento de dous textos cos cales estamos de acordo e que, de feito, forman parte da planificación das liñas da Consellería do Medio Rural pois é unha evidencia. E sorprende tamén que soliciten o cumprimento dun Plan forestal co cal sorprendentemente vostedes non estaban de acordo cando se presentou en sede parlamentaria para a súa aprobación. Curioso. Así mesmo, tamén lle podo asegurar que estamos de acordo con esta proposición non de lei, e agrádanos moito que o Grupo Socialista se conforme co estipulado no Plan forestal. De verdade, é sorprendente.

Respecto de entrar no que é a liña estratéxica transversal relativa á prevención de incendios, quería destacar que as actuacións da Consellería do Medio Rural van sempre ligadas á ordenación e á planificación do territorio. Como ben saben, na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia —pois xa que estaban a falar vostedes das políticas do Bipartito e falaban do Bantegal— a min sempre me resultou curioso que o Bloque votara á contra nesta lei. Porque, ademais, é que falan, sempre se lles enche a boca de falar do Bantegal e resulta que, cando se trae un documento que reforza o Bantegal dunha forma case dobre, vostedes votan en contra. Isto fala moito da coherencia que teñen vostedes como grupo e sobre todo nos seus plantexamentos.

Pero, ben, indo máis concretamente á Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, como ben saben, hai instrumentos que se recollen, como son os polígonos agroforestais ou as aldeas modelo. E, dentro deses polígonos, teñen prioridade as áreas cortalumes, delimitadas con criterios técnicos, co fin de que xeren discontinuidades de biomasa que freen ou atenúen o avance dos incendios mediante a implantación de actividade agraria, gandeira ou forestal, e que sexa a máis axeitada para ese fin.

No tocante ás aldeas modelo —esas das que tanto lles gusta falar e que onte creo que xa lles puxen un claro exemplo da efectividade que tiveron nestes últimos incendios forestais—, xa tomamos esta potencialidade —como ben digo— e que nos serve para cumprir dous obxectivos: anticipación aos incendios forestais e o fomento da posta en marcha da actividade agrogandeira nas franxas máis próximas ás vivendas, o que nos permite que non sexa necesario facer rozas anuais.



Un obxecto fundamental dos traballos é a posta en produción para implantar unha actividade económica na contorna dos núcleos rurais que fomenten a fixación de poboación nestas áreas cun potencial agroforestal e que se minimize deste xeito o risco de lumes nas zonas próximas a núcleos de poboación.

E falando, concretamente, do carácter transversal da prevención, lévanos a do que estamos hoxe a falar, que é o Plan forestal de Galicia 2021-2040, que aposta por un monte sustentable, ambiental, social e economicamente, orientado a favorecer os propietarios, ademais de ser un documento que recolle máis de cen directrices do grupo de traballo creado no Consello Forestal, para darlle forma a unha revisión na que formou parte tamén a Organización Galega de Montes Veciñais. E, en adición a este Plan forestal, deuse cumprimento a case o 75 % das recomendacións do ditame da Comisión de estudo sobre a política forestal do Parlamento galego, aprobado pola maioría desta cámara.

Non hai que esquecer outros mecanismos que se están a pór en marcha, e xa temos falado na Comisión de Medio Rural e xa teño traído datos de hectáreas recuperadas a través de diferentes plans, como pode ser o Plan de pastos —non digan que non, porque, dende logo, iso, cando queiran, poden visitar vostedes o territorio onde se atopan implementadas todas estas medidas—, ou o programa do castiñeiro, así como accións silvícolas que se convocan anualmente. Por non falar tamén do Centro integral para a loita contra o lume, en Toén, que xa está de forma operativa a facer prácticas, por exemplo, nos circuitos para a conducción de todoterreos e de camións.

A min, dende logo, sorpréndeme moitas veces que estean a darlle que non á cabeza porque é que, de verdade, ou a nós nos están enganando ou é que realmente ímoslos ter que convidar a todas as actividades, porque, se non, é que eu non entendo, de verdade, o «non» permanente. Pero, ben, agora, cando se lles di que son os do «non», pois creo que se xustifica perfectamente.

¿No tocante aos medios de extinción? Pois, como ben saben, nós queremos dispor dun dispositivo que agora mesmo o é, profesional, áxil e versátil, que se coordine baixo un mando único no Goberno galego. E, neste sentido, cómpre salientar que recentemente se incorporou ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta preto dun millar de traballadores que ocupaban prazas de natureza descontinua de seis meses, cumprindo así as previsións da Consellería do Medio Rural; unha incorporación que se fixo efectiva de acordo coas necesidades de programación e planificación en función de circunstancias climatolóxicas presentes e previstas —por certo, estarán funcionando ata o día 17 de novembro—. Unha aposta que fixo a Xunta por este operativo e que vén avalada por expertos e apoiada por estes feitos. E a integración do persoal de reforzo da empresa pública Seaga —da que falabamos tamén onte—, na que o persoal laboral da Consellería do Medio Rural incrementou este persoal discontinuo de tres a seis meses.

Está claro que se buscan as mellores condicións laborais para estes profesionais do servizo e que sexan as que correspondan en función do seu contrato e a súa categoría, dando prioridade en todo momento ao benestar destes profesionais, prestando unha especial atención á súa seguridade e á dotación dos seus medios materiais.



Volvemos outra vez convidalos a que participen na futura lei que se vai traer a esta cámara, a Lei de loita integral contra os incendios forestais, que se está empezando a elaborar co consenso dos profesionais do servizo, os seus representantes, e recollendo todas as recomendacións da Comisión de estudo creada no Parlamento de Galicia despois deses lumes do ano 2017, así como as conclusións do informe feito no ano 2019 polo grupo de expertos independentes designados polos grupos parlamentarios galegos.

E aí tamén, por suposto, falaremos das brigadas municipais. E, loxicamente, claro que nós entendemos que hai que redimensionar outra vez estas brigadas municipais. E, como ben dixen onte, estabamos falando de que había un incremento do 10 %; pero neste ano 2023, como consecuencia da traída desta lei á que acabo de aludir, pois, loxicamente, nós teremos que replantexar e reformular estas brigadas municipais.

Cabe dicir tamén que durante estes últimos trinta anos, desde que se puxo tamén en marcha o Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais, foi evolucionando todo, incluído o servizo. E dende logo que tamén foron evolucionando para mellor as súas condicións. Proba diso é que a extraordinaria expansión do mesmo, xunto cos medios tanto humanos como materiais dos que dispón, converten o servizo nun colectivo cunhas características únicas á hora de poder colaborar en diversas emerxencias que poidan xurdir en Galicia, non soamente nos incendios forestais. Por iso a Consellería do Medio Rural, a través da dirección xeral, está a deseñar medidas de optimización do servizo en canto a organización, loxística, dotación de medios e formación co fin de dar un salto de calidade que permita afrontar as próximas décadas cun maior nivel de profesionalización. E nisto nos atopamos, porque o proceso de funcionarización é un feito. Como xa se anunciou nesta Cámara, pasaremos de nove a doce meses.

É un dispositivo autonómico que se ten que complementar e que require a implicación financeira tamén das deputacións provinciais. E neste sentido gústame que falen tamén dese grupo de expertos —e, sobre todo, do ditame que aquí se elaborou—. Porque é que estes organismos deben implicarse tamén no financiamento da prevención dos incendios forestais. Nesa mesma liña —como ben digo—, esas recomendacións que dan os expertos, o grupo de expertos que elaborou esa lei ou ese ditame —por dicilo dalgunha forma—, inciden en que as deputacións son tamén fulcrais. E agora mesmo as deputacións, como ben saben vostedes, estanse a colocar de perfil; especialmente a Deputación da Coruña, a Deputación de Lugo e a Deputación de Pontevedra. Non podemos dicir o mesmo da Deputación de Ourense. E eses son feitos.

Ao abeiro disto, hai que introducir medidas derivadas dos incendios forestais rexistrados neste ano 2022. E cómpre que estas continúen na mesma liña marcada polas reformas estruturais derivadas da vaga de lumes do ano 2017. Como ben saben, este ano 2022, a pesar de estar azoutados por esta vaga de lumes, cabe destacar que tamén se fixeron traballos de ordenación da masa forestal e de limpeza de montes. Tan só neste ano a Xunta levou a cabo labores de prevención en case 59.000 hectáreas e preto de 6.000 quilómetros de pistas e outras vías de comunicación. Así mesmo, debe destacarse tamén o convenio de protección das aldeas, subscrito entre o Goberno galego, a Federación Galega de Municipios e Provincias —a Fegamp— e Seaga, en materia de prevención para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa, ao que na nosa comunidade se atopan adheridos hoxe 274 municipios



galegos. Hoxe podemos dicir que están aprobados un total de 166, e, ao abeiro deste convenio —con datos do 28 de xaneiro de 2022—, lévanse xeradas un total de 35.326 notificacións e 33.129 publicacións en diarios oficiais. E todo co gallo de que sexamos responsables, de que a prevención, a extinción, pero sobre todo a implicación e a coordinación entre administracións, sexa un feito. Por iso lle damos a benvida a este acordo.

Loxicamente, gustaríanos contar co apoio de toda a Cámara, porque entendemos que estas medidas que vostedes nos están a traer son algo que nós xa estamos a implementar. E desgraciadamente non temos o apoio dos do «non» permanente. ¡Unha pena!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Ben, a verdade é que me alegro de que vaian votar a favor desta iniciativa. Pero a verdade é que é unha sorpresa porque —como dicía antes— o do «non» permanente ata hoxe foi o Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque presentando unha e outra vez iniciativas concretas sobre este ditame concreto pois votaban en contra. Votaban en contra tanto en comisión como nas preguntas que lles faciamos aos directores xerais. Entón os do «non» permanente pois xa sabemos quen son.

En todo caso, dicía vostede que pediamos dous puntos: o cumprimento do ditame e o do Plan forestal. Non, o que se votou foi o ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia. E eu pido, concretamente, as 123 medidas dese ditame. Nós votamos en contra —e xa llo dixen antes— do Plan forestal de Galicia porque non se recollían nese plan forestal as recomendacións, ou alteraban esas recomendacións, como agora vou intentar precisar. Porque vostede é certo que empregou o discurso de «que se está facendo, que se está facendo e se está facendo». Pero non é certo. Das 123 medidas aprobadas polo Partido Popular e polo PSdeG recóllense no Plan forestal un 79 %. Pero destas 96 medidas incorporadas no Plan forestal, en 22 encontramos notables, ¡notables!, diferenzas respecto do ditame; polo que, ao final, recóllense tal como están establecidas no ditame o 60 % das medidas que hai que cumprir. E non o están a facer. É certo que algunha a cumpriron e, para ser honestos, hai que recoñecelo. Como dicía onte o conselleiro —e normalmente reiteran este ano moitas veces—, está a creación das unidades de investigación, as famosas Uifo. Pero tamén saben como o fixeron. Fixérono detraendo 15 traballadores do propio servizo e incumprindo o prometido polo señor Feijóo, que dicía que ía ser doutras dimensións e con outras características, co cal xa están incumprindo a recomendación 35. E outra é garantir tamén a integración na primeira revisión do Plan forestal de recomendacións do ditame, como dicía antes.

E imos expor unha serie de exemplos. O Grupo Popular, nunha proposición defendida por esta deputada, votaba en contra do cumprimento deste acordo no período porque dicían que os plans



de ordenación de recursos forestais non se ían redactar conforme dicía o ditame —período 2019-2024— e xa dicían que pasaríamos ao 2026-2030. Pero, como esa, moitas máis medidas.

E agora podía facer un relatorio da medida 54, da medida 64, da propia medida 53 e de moitísimas máis que teño aquí. Se me dá tempo, relátoas. Pero quero facer outra vez un inciso no tema tan escabroso que aconteceu esta semana coas brigadas municipais. E como onte non me daba tempo na intervención que fixemos na moción do Bloque Nacionalista Galego, quería darlles uns datos. O que vostedes din de que son os municipios os que incumpriron estes convenios, e o de que se constituíron tarde por unha xestión dos concellos, é totalmente incerto. De feito, aos concellos chegaron o 22 de xuño, e non como dicía o director, que xa os tiñan o 3 de xuño nas súas mans. Fírmanse a finais de xuño e despois teñen —como dicía onte— que facer o Plan de actuacións preventivas e teñen un mes para presentalo. Nun concello, concretamente —teñen vostedes os datos—, preséntase o 30 de xuño do 22. É dicir, apróbano o 22, teñen un mes, pero neste concello —que é Dodro, en concreto— o 30 de xuño xa está presentado. Pero resulta que a Consellería e o distrito o aproban o 22 de xullo de 2022, tardaron case un mes en aprobar ese plan polo que dicía o outro día, porque había incendios e os axentes e técnicos estaban lóxicamente a outras cousas. Entón, cando un convenio, que é un corta e pega ano tras ano, chega a principios de xuño aos concellos, despois non se firma ata finais de xuño, despois tardan, nalgúns casos, máis dun mes; e despois, como ben saben e sempre reiteramos, en moitos concellos non tiñan profesionais. ¿Por que? Porque as condicións salariais que permite esta subvención obviamente non permiten que os traballadores estean esperando para un contrato precario de tres meses nunhas condicións salariais obviamente precarias, totalmente precarias. *(Aplausos.)*

Entón, cumplan esa recomendación dos técnicos, reformulen e aposten dunha vez por un servizo —reiteramos— único, profesional e equipado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: E deixen de botar balóns fóra. A responsabilidade en materia preventiva e de extinción é da Xunta de Galicia, do Goberno de Galicia, e tamén do director xeral, que onte dicía o que dicía. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para axilizar e complementar a atención primaria co desenvolvemento das competencias do persoal de enfermaría

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39774).)



Emenda de modificación do punto 1.

Onde di: “Continuar desenvolvendo...”, debe dicir “Desenvolver...”

Emenda de modificación do punto 2, que quedará redactado co seguinte contido:

“2. Poñer en marcha as medidas necesarias para poder dar, canto antes, seguimento ás guías para indicación, uso e autorización de dispensación de medicamentos suxeitos á prescrición médica por parte das/os enfermeiras/os.”

Emenda de adición dun novo punto 2. bis), que quedará redactado co seguinte contido:

“2. bis). Comprometer a creación do maior volume legalmente posible de prazas novas de enfermería para o sistema público de saúde de Galicia nas vindeiras dúas convocatorias.”)

(O G. P.do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 39774 (11/PNP-003399).

Emenda de modificación

Substituír o texto do punto 1 da parte resolutiva polos seguintes puntos, desta maneira o actual punto 2 pasaría a ser o 6:

“1.- Convocar no prazo máximo dun mes ao grupo de traballo de enfermería do Consello Técnico de Atención Primaria e á Mesa Sectorial do Sergas para desenvolver as guías coa elaboración de protocolos.

2.- Habilitar os sistemas informáticos e de aplicacións para efectivizar os protocolos.

3.- Realizar un programa formativo para a implantación dos protocolos en horario laboral.

4.- Proceder ao aumento dos cadros de enfermería para adaptalos ás necesidades de traballo actuais e ás novas competencias.

5.- Realizar todas as accións para incorporar á Atención Primaria as moitas enfermeiras especialistas en familiar e comunitaria que non están a prestar os seus servizos neste nivel asistencial.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

A iniciativa que hoxe presentamos neste hemiciclo, que esperamos que conte co apoio dos grupos, o que busca é seguir avanzando na mellora da atención primaria, unha atención pri-



maria que, como todos sabemos e se ten debatido moitas veces neste hemiciclo, ten certas eivas, como é a carencia de persoal. Pero non ocorre só en Galicia —como tamén dixemos moitas veces— senón que nos atopamos ante unha situación xeral no conxunto de España. Todas as comunidades autónomas presentan problemas para conseguir especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, polo que non se trata —como ás veces queren facer ver— de problemas salariais ou de xornada.

Señor Torrado, onte dáballe a miña compañeira, a señora Amigo, os datos das retribucións dos MIR, dos residentes. Ten que actualizar os datos. Eu voulle dar os datos da retribución mensual con gardas —que era a súa preocupación, dicía que eran sen gardas—, dos R1, os residentes de primeiro ano, que son os que se irían, se se dese o caso, de Galicia. E os últimos, os que teñen as peores retribucións de toda España, ¿sabe vostede cales son? Os da Rioxa. ¿E os seguintes? Os de Extremadura. Son comunidades autónomas que non son gobernadas polo PP. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Os R1, exactamente, os R1! E dígolle máis: non só nos R1, pois nos R2 os peores son os extremeños; e nos R3 e R4 os peores tamén son os extremeños. Polo tanto, non diga vostede que en Galicia teñen as retribucións peores de todo o Estado, porque non é certo, non é certo. (*Aplausos.*)

Pero imos ao tema que nos ocupa, que é moi importante, porque falamos da enfermería, que xoga un papel importantísimo na sanidade. A Xunta de Galicia o que está a facer é traballando, precisamente buscando alternativas e solucións para potenciar esa enfermería que temos, que é das mellores do Estado español. Xa foi Galicia a primeira comunidade autónoma en crear e dotar prazas de especialista en Enfermaría Familiar e Comunitaria así como en Enfermaría Pediátrica en atención primaria. Pero esas medidas non son suficientes. Hoxe, neste momento, necesitamos adoptar máis medidas dirixidas a evolucionar o modelo de atención primaria, un modelo que —volvo repetir— deu excelentes resultados e segue a funcionar ben, ¡segue a funcionar ben! O que ocorre é que ten que adaptarse aos cambios que estamos vivindo na sociedade, porque hai un envellecemento poboacional que é innegable, hai un aumento da pluri-ripatoloxía e da cronicidade; e tamén, no caso dos recursos humanos, pois hai unha escaseza de persoal especialista en Medicina de Familia. E esta é a razón, e non outra, pola que o Goberno galego —que é coñecedor desta situación— pois está inmerso dende hai anos nun proceso de reforma. Dende a Xunta de Galicia leváronse a cabo diferentes medidas en coordinación co Consello Técnico de Atención Primaria. E isto permite coñecer dende as necesidades que requiren ata a toma de decisións, contando coa colaboración dos profesionais implicados.

A señora Prado dicía onte na iniciativa de atención primaria que o Goberno galego non escoitaba eses gritos de auxilio que se pedían para rectificar e cambiar o modelo. E iso é o que está a facer nestes momentos o Goberno da Xunta de Galicia, cambiando o modelo de atención primaria. Un dos desafíos dese novo modelo pois é establecer novos roles nos membros do equipo, redistribuír funcións —que isto, ademais, permitirá mellorar o acceso a unha atención integral segura—, e, por suposto, tamén racionalizar as vías de atención. A potenciación do labor dos profesionais de enfermería en atención primaria é, ademais, un dos aspectos que se recollen no Plan de atención primaria 2019-2021, e permite adaptarse a ese novo modelo asistencial que foi desencadeado polo cambio demográfico. Destaca a lonxevidade da poboación e tamén un aumento deses espazos compartidos interprofesionais, xa que os centros de saúde pois son multidisciplinares.



O que se busca con esta iniciativa é un dobre obxectivo: por un lado, desenvolver a carteira de servizos para o persoal de enfermería coa redacción de protocolos avanzados que permitan levar ao máximo as súas competencias —sempre e cando o doente presente un cadro leve ou crónico, de acordo co persoal médico—; e, por outro —e unido ao anterior—, reducir a carga asistencial do médico de familia derivando cara á enfermería determinadas patoloxías que non precisan asistencia médica.

Dende a Xunta de Galicia lévase tempo reclamando esta medida, pero debido á —chámémoslle— parsimonia do Ministerio de Sanidade do Goberno de España, que non foi quen de desenvolver os distintos protocolos e as guías de práctica asistencial, pois estas medidas atrasáronse. E voume explicar —non poña esa cara, señor Torrado—.

No Real decreto 1302/2018, o Ministerio comprometéase a que nun prazo máximo de dous anos a partir da entrada en vigor deste decreto quedarían aprobados e validados os protocolos e as guías de práctica clínica e asistencial. E non foi ata o 2022 cando se comezou a aprobar estas guías. Pero o compromiso da Xunta de Galicia nisto estivo sempre moi claro, xa que en xullo do ano 2021 se publicou unha orde no *Diario Oficial de Galicia* na que se regulaba o procedemento para a acreditación dos enfermeiros e enfermeiras para indicación, uso e autorización da dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano. Ademais, o compromiso quedou patente por parte da Consellería de Sanidade porque os que se implicaron neste traballo foron precisamente profesionais do Sergas, que tiveron un papel moi activo e moi importante na redacción das distintas guías; como foi, por exemplo, a guía de feridas ou a das queimaduras. Foi —como dicía— un equipo do Sergas o que coordinou e elaborou estas dúas guías que teñen aprobadas hoxe no Ministerio.

E non foi ata ese 2022, dous anos máis tarde, cando o Ministerio tivo a ben aprobar tres guías: a de queimaduras, a de hipertensión e a de diabetes tipo I e II. E no caso das queimaduras consideramos que é moi importante esta guía, porque —segundo datos dos colexios médicos— case preto de 6.500 visitas a urxencias son como resultado de queimaduras e as curas e o coidado delas pois poden exixir meses de tratamento. Polo tanto, se nun primeiro momento este tipo de consulta pode ser vista polo médico e a abordaxe e seguimento destas lesións pode tratarse dentro dun equipo multidisciplinario no que a enfermería tería un papel moi importante, parécenos unha boa medida nestes momentos de tanta intensidade na atención primaria, con tanta carga de traballo no persoal que traballa precisamente neste tipo de atención.

E, como dicía desde un principio, búscase nada máis que potenciar as capacidades do enfermeiro e optimizar tamén as axendas do persoal médico. Por esta razón é polo que presentamos esta iniciativa, que di o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Continuar desenvolvendo a carteira de servizos para o persoal de Enfermería, aprobada polo Consello Técnico de Atención Primaria, mediante a elaboración de protocolos avanzados de enfermería que permitan aumentar ao máximo as competencias da enfermería de atención primaria e faciliten que poida efectuar consultas de alta resolución.



2º) Demandar ao Goberno de España que acelere o proceso de elaboración e publicación de normas que regulen a indicación, uso e autorización da dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte dos enfermeiros para os doentes con patoloxías crónicas.»

Esperando que conte co seu apoio, máis nada nesta primeira quenda de intervención. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señora Vispo. Trataréi de facelo sen acritude pero creo que hai un par de imprecisións na súa exposición.

En primeiro lugar, e sobre o dato que vostede me deu, onte déronme un dato sobre os MIR e hoxe vostede dá outro. E eu vouno resolver moi facilmente. Eu citei onte o Consello Xeral dos Colexios Médicos de España. Vostede non me citou de onde é o dato. Eu agradeceríao, porque así poderíámolo contrastar e pode ser que poidamos axilizar. A ver se me pode facilitar de onde saca o dato. Doulle unha pista: se é da Consellería de Sanidade, do Sergas, vaime custar un pouco crelo. Aínda así, vou poñer todo da miña parte. Pero a ver se son capaces incluso de darme o mesmo dato cando o discuten. Onte a señora Amigo dábame a razón en parte e quitábama en parte, e hoxe vostede tamén ma quita da outra. Pero en fin...

Estamos falando da prescrición enfermeira. Para contextualizalo —porque eu creo que merece tamén unha reflexión o asunto—, basicamente do que falamos é da intención do sistema sanitario de liberar en parte —especialmente pensando en atención primaria pero pode ser que tamén noutros espazos— o traballo que os profesionais facultativos fan e que ten que ver coa prescrición que podemos derivar para que fagan outros profesionais, neste caso de enfermería, con toda a capacitación e toda a formación para facelo. É certo que isto provoca algunhas tensións, é unha obviedade recoñecelo. Non hai problema, e todos os que pasan polo Goberno son conscientes. Porque —digamos— os colectivos médicos reivindicán que é un labor propio, e tamén o fan con respecto aos farmacéuticos cando existe a intención de que os farmacéuticos poidan ter algún tipo de competencia maior da que teñen en temas de prescrición. A enfermería, sen embargo, reivindica tamén o seu espazo de capacitación —que a teñen— para prescribir. Isto provoca algunhas tensións que é necesario regular e, polo tanto, establecer mediante guías, mediante protocolos e incluso —como ten que ser— mediante unha lexislación en principio estatal que logo teñen que adoptar as comunidades autónomas.

É dicir, o tema non é fácil, non ten unha solución cen por cento clara e, por tanto, necesita de moito diálogo. E ata aquí eu creo que estamos todos de acordo. É complexo, estaría ben



ser capaces de avanzar, canto máis mellor, na cuestión de poder derivar algunhas funcións. Non é fácil establecer quen debe de prescribir, porque iso leva á necesidade de facer un seguimento da evolución dunha patoloxía e tamén á posibilidade, nun momento dado, de ter que cambiar un tratamento, e isto é claramente máis competencia do médico ou da médica. Pero tamén é certo que hai moita parte do traballo que ten que ver coa prescrición, prescricións a priori —vou utilizar, perdoen, un termo máis vulgar e non tan clínico— máis sinxelas que si poderíamos derivar, ou incluso a continuidade nos tratamentos. É complexo pero hai puntos de acordo por aí. Por aí digamos que está o escenario no que nos movemos e, por tanto, hai que regulalo. Ata aquí estamos todos de acordo.

Claro, aquí empezamos a discrepar un pouco sobre o que fixo cadaquén. E nisto, señora Vispo, eu creo que vostede cometeu un par de imprecisións que eu creo que é necesario apuntar. Algunhas están na propia iniciativa, non son imprecisións obxectivas senón de relato, e algunhas si que o foron na súa intervención.

Di vostede —leo a iniciativa— que «en xullo de 2021 o DOG publica a orde pola que se regula e inicia» —¡inicia!— «o procedemento para a acreditación dos enfermeiros...». Digamos que a iniciativa parte de 2021. Antes do 2021 non houbo nada, non existiu nada. E di o Partido Popular, na súa iniciativa, que esta cuestión que eu acabo de relatar —de maneira un pouco máis simplista pero para intentar contextualizalo—, «lonxe de presentar conflitos de competencias, dende o Grupo Popular vemos este modelo» —o de habilitar a prescrición enfermeira— «como un avance beneficioso para o conxunto deste nivel asistencial da atención primaria». Ou sexa, vostedes veno como un avance e dende o 2021 o DOG xa publica unha acción para isto.

A verdade é que a cuestión... —insístolle, señora Vispo, vai sen acritude—. Mire, ¿o DOG publica isto en 2021? Si. ¿Publica unha iniciativa propia do Goberno galego? Non, e por dúas razóns. Primeiro, porque esta é unha cuestión estatal que xa está publicada en 2018 polo Estado. Non se arroguen esa competencia. Por certo, está desde o 2018 —repito— e fomos a penúltima comunidade autónoma de España en facelo porque vostedes non querían. Insisto, é lexítimo ter unha posición dogmática, vostedes estaban en contra de que as enfermeiras puidesen facer isto. Tardaron tres anos —dous anos e oito meses, para ser tecnicamente exactos— en facelo. Fomos a penúltima comunidade autónoma de España.

Pero ¿por que en 2018 o Estado tivo que elaborar un decreto para permitir esta prescrición enfermeira que vostedes hoxe abrazan? Porque estaba prohibida. *Y lo que viene a continuación le sorprenderá*: ¡prohibírona vostedes en 2015! Hoxe din —vólvoa ler—: «Lonxe de presentar conflitos de competencias entre as distintas categorías profesionais de atención primaria, dende o Grupo Popular vemos este modelo como un avance beneficioso para o conxunto deste nivel asistencial». Pero o Real decreto de 2015, do goberno Rajoy, prohibíao, impedíao, porque consideraba que non era beneficioso. Vostedes ¿con quen están de acordo? ¿Co seu «eu» de 2015? ¿Co de agora? ¿Están de acordo con algún dos dous? Non, ¡se ao final imos votar nós a favor e vostedes en contra! ¡Se isto non se podía facer porque vostedes decidiron que non se podía facer! E agora veñen construír a historia dende o 2021: «É que nós defendemos moito dende o 2021...». Non, non, perdoen, vostedes prohibírono; cambiou o Goberno de España en xuño de 2018 e en outubro, non sen dificultades, plantexouse un cambio e saíu



un novo real decreto que habilitou a prescrición enfermeira. ¿Sabem como votaron vostedes? En contra. ¡Se é que vostedes están aquí hoxe dicindo que son moi bos facendo algo que queren que lles apoiemos! Pero ¡vostedes votaron en contra disto! ¡En contra! ¡Ah!, a construción do relato é dende o 2021.

Pero, é máis, porque nos propoñen continuar desenvolvendo a carteira de servizos e os labores administrativos. Fíxense, se o tiveran tan claro cando nós propuxemos exactamente o mesmo hai un ano, terían votado a favor. Pero ¿que fixeron —na iniciativa 17474—? Votaron en contra.

Vostedes veñen hoxe pedirnos o apoio para unha iniciativa que vostedes regularon na súa contra cando gobernaron en España, votaron en contra cando o actual Goberno de España a modificou para que se permita, votaron en contra cando nós lles pedimos que axilizaran as accións, foron a penúltima comunidade autónoma de España en poñela en marcha, e agora veñen dicir que están moi de acordo e que os apoiemos. Iso si, non que os apoiemos a facela, senón que os apoiemos para —¿como di a iniciativa?— «continuar desenvolvendo a carteira...» —continuar desenvolvendo ¿que?— «...que permita aumentar a elaboración de protocolos...». ¡Pero se dende hai catro anos existe a posibilidade de facelo! ¡Se vostedes non elaboraron nada! ¿Que é o que nos están pedindo?, ¿piden que apoiemos algo que nós levamos anos defendendo e que vostedes non fixeron, que os apoiemos cando din: Estámolo facendo moi ben e somos os pioneiros? Primeiros ¿en que?

Pero é máis, é que vostedes constrúen un relato —e isto si que é xa máis complicado, señora Vispo, vostede está elaborando un relato— e eu entendo que é unha cuestión estratéxica. Pero non se pode mentir. E vou dicir que non mente, porque eu creo que vostede comete un erro porque non coñecía o dato que lle vou facilitar. Se o coñecese, mentiría, pero, como non o coñece, non é unha mentira, é un erro —que é algo moito menor, digamos—. «Empezaron en 2022» —o Goberno, que é moi malo, empezou en 2022— «a facer as guías» —hai que facer unhas guías estratéxicas e protocolos para elaborar como se fai—. Empezou en 2022 —iso é o que pon a iniciativa e iso é o que vostede dixo aquí—. *Y lo que viene a continuación le sorprenderá.* E esta guía que teño eu aquí publicada no BOE de 2020, por exemplo, sobre feridas, ¿esta non vale? (*O señor Torrado Quintela amosa desde a tribuna un documento.*) Se quere, facilítolla. É o BOE do 29 de outubro de 2020 —por coller unha—. Veñen vostedes pedir que se axilice un trámite porque só en 2022 empezaron, e eu teño aquí unha de 2020. ¡Se o problema é de quen elabora os argumentos, que igual é tan sectario que non é capaz de aceptar que nisto, que é difícil, hai avances feitos. Hai bastantes, por certo. Vostede cita dúas guías. Xa polo menos hai catro, e unha de 2020.

¿Que nos veñen pedir que apoiemos? ¡A ver se nos aclaramos! Véñennos pedir que apoiemos unha iniciativa que di que vostedes están facendo moi ben algo que prohibiron en 2015, que votaron en contra en 2018 e que votaron en contra aquí neste Parlamento o ano pasado por proposta nosa. Agora vostedes din que non se está facendo nada dende o 2022, pero eu teño aquí o BOE —que este non é un documento do Partido Socialista, supoño que cren o BOE, e citeilles a data incluso—. Dinnos que a apoiemos porque non se está facendo nada. ¡Oian, miren, a ver se vai ser que vostedes non len o BOE e, por tanto, cren que non se está facendo nada! Pero deberían. Hai que ser un pouco serios cos debates, ¡home!, ler os papeis e saber,



cando un as está defendendo, un pouco as cousas e onde están as cousas. Así pasa, que vimos que se desvían por aí 159 millóns de euros e hoxe escoitamos o presidente insultar moito pero non dicir onde ían. Vostedes teñen que saber onde van as cousas e ler as cousas. Desta non me poderán negar que non teño a razón, porque eu estou citando o BOE basicamente.

Así que..., aclaren primeiro o que queren que votemos a favor. Nós presentámoslles unha emenda para non dicir que continúan desenvolvendo algo, senón para que o fagan. Porque nós estamos a favor. Estaban en contra. Se os convencemos, benvidos para que o desenvolvesen a favor. E logo poñemos unha emenda porque non poden dicir vostedes que se empezou este ano a facer algo que leva anos facéndose. Está no BOE. Entón corrixímoslles a iniciativa para que se axuste á realidade, non ao relato do PP. E, por tanto, á parte diso, poderemos falar. Se vostedes aceptan a emenda, creo que xa podemos ter un posible acordo un pouco mellor. Se non a aceptan, eu entenderéino por unha cuestión case de honra partidista, pero entenderán que relatos falaces nós non podemos apoiar.

Agardo que con isto sirva para que os próximos debates poidamos telos con base en datos reais e non en relatos construídos. A min —créanme— non me gusta nada ter que vir aquí citar o BOE para demostrarlles que están escribindo cousas que son mentira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

O Partido Popular trae aquí hoxe unha iniciativa e, na súa defensa, a deputada do Partido Popular dixo que era unha iniciativa para seguir avanzando na mellora da atención primaria. A min gustaríame que empezaran, que empezaran. E logo tamén di: «...porque vai no camiño de facer un cambio de modelo». E eu aí non teño máis que darlle a razón. Vostedes están facendo un cambio de modelo, si, pero empeorándoo. Están facendo un cambio de modelo e deixando a atención primaria —que teño que volver dicir que é o eixo fundamental do sistema, onde se resolven o 80 % dos procesos de saúde— reducida á mínima expresión, co cal non están mellorando o modelo, están facendo un cambio, é dicir, unha deterioración permanente de modelo.

Traen unha iniciativa á que o BNG lle presentou unha emenda con cinco puntos para concretar algunha cousa. E é que eu creo que non van ter moitos argumentos para votar en contra das cuestións que o BNG plantexa na emenda.

Unha das cuestións á que fai referencia a iniciativa é o Consello Técnico de Atención Primaria. E eu teño que lembrarlles aquí que este consello técnico se constituíu no ano 2019 non por instancia da Consellería nin do Partido Popular, senón como un compromiso diante da situación —que viñan denunciando poboación e profesionais— da atención primaria; un consello técnico no que se crearon 15 comisións técnicas para abordar toda a problemática da



atención primaria a respecto das diferentes categorías profesionais, a respecto da relación atención primaria-hospitalaria, en relación con como abordar as cuestións burocráticas e na que participaron máis de douscentos profesionais —máis de douscentos, ¿non?—. E resulta que estamos no 2022, tres anos despois, ¿e sabe cal é a principal conclusión á que chegan estas máis de duascenas persoas e todas as que non estaban alí fisicamente pero que colaboraron neste traballo? É a frustración, a frustración, porque traballaron moito, traballaron desinteresadamente para desenvolver as carteiras de servizos de cada unha destas categorías. E a día de hoxe o resultado é que pola Consellería non se correspondeu nin se efectuou practicamente ningún dos traballos nin das conclusións feitas neste consello técnico.

Polo tanto, o primeiro que pedimos na emenda do BNG non é que continúen a desenvolver algo que non están desenvolvendo —se non é dun xeito moi pírrico— senón que convoquen o Consello Técnico e que convoquen a Mesa Sectorial, que é onde se teñen que desenvolver estes traballos; que respecten o traballo dos profesionais, que o teñan en conta, que é aí onde teñen que aprobarse e acordar como poñer en práctica o que xa está elaborado, o que xa está traballado. Porque teño que insistirlles en que esas carteiras de servizos —en concreto de enfermería— levan elaboradas por parte dos profesionais moito tempo. O que non hai é a vontade da Consellería do Partido Popular de levalas adiante.

Logo, hai unha consideración, porque na parte expositiva fan referencia a unha cuestión. E é que todo isto que din vostedes que están facendo pero que non están facendo —que queda moi ben o relato e o anuncio pero que non o están facendo— se complementa co sistema de Xestión Integral da Demanda (XIDE), o cal permite asignar directamente. Eu o que teño que dicirlle, señora deputada, é que o XIDE non ten nada que ver coas carteiras de servizos. O XIDE é un instrumento de clasificación e ordenación da demanda que non ten nada que ver coa posta en marcha de protocolos de asistencia avanzada —neste caso dunha especialidade como é enfermería—. Co cal, vostedes o que pretenden é encher unha iniciativa coma se fose ao peso, van facendo non sei que cousas aínda que non teñan que ver unhas coas outras e que pareza que están facendo, cando non ten absolutamente nada que ver.

A segunda emenda que presentamos o BNG é para que se habiliten os sistemas informáticos e a aplicación para efectivizar os protocolos. Porque vostedes na parte expositiva poñen que hai a vontade de habilitar por parte da Consellería... Pero é que as vontades hai que concretalas en medidas, hai que concretalas en recursos. Entón o que pedimos —e eu supoño que non estarán en contra— é que se habiliten eses sistemas informáticos e as aplicacións para que os protocolos se poidan efectivizar, para que os profesionais de enfermería poidan efectivizalos dun xeito claro. Supoño, se realmente queren avanzar nesa aplicación, que non estarán en contra de que haxa pasos reais máis alá de dicir que seguen en non sabemos exactamente que dirección.

A seguinte cuestión que demandamos é que se realice un programa formativo para a implementación dos protocolos en horario laboral. Porque, claro, din que hai que desenvolver uns protocolos, que hai que efectivizalos, que hai que desenvolver as carteiras de servizos, pero, coma sempre, a custa do lombo das profesionais. Resulta que para efectivizar eses protocolos haberá que coñecelos, haberá que analizalos, haberá que poñelos en marcha. E para todo iso necesítase tempo. E non pretenderán que, ademais de todo o traballo extenuante que están



realizando, nas súas horas libres fagan toda esta formación. O normal é que, se é unha prioridade para a Consellería, para a Xunta de Galiza, para o Partido Popular, poñer en marcha estas carteiras de servizos... E, por certo, ¡mire que non lles pedimos veces aquí que o fixeran, eh! ¿E sabe o que fixeron vostedes? Votaron sempre en contra. Levamos anos pedindo que haxa equipos multidisciplinares e que desenvolvan as carteiras de servizos, tanto dos que se deben incorporar a novas categorías como das existentes, para que poidan facer sen secundarizacións o labor para o que os habilita a súa formación e a lexislación. E todas as veces votaron en contra. Pero, ben, se caeron do cabalo no camiño de Damasco, fantástico. Pero o que teñen é que respectar un pouco os profesionais. Polo tanto, pedimos que se faga un programa formativo en horario laboral. Parécenos de xustiza, ¿non? Supoño que non estarán en contra de que iso sexa así. Porque non chega con colgalos na web, hai que formarse —e a custo cero—. O Partido Popular é moi amigo de traer e poñer iniciativas encima da mesa, dicirlle á poboación que poñemos en marcha non sei que cousas, que a partir de agora van poder facer non sei que cousas. Pero ¿quen o vai facer? Os mesmos fan máis, os mesmos profesionais, máis. E o custo é cero. Quedou demostrado na lei que trouxeron onte por urxencia, que van facer non sei que cousas pero sempre e cando non supoñan nin un só euro máis. E nós dicímoslles que son necesarios recursos para que as cousas se poidan facer.

¿Que pedimos no punto 4 da nosa emenda? Que se proceda a aumentar os cadros de enfermería para adaptalos ás necesidades de traballo actuais e a estas novas competencias. ¿Cal é a situación do persoal de atención primaria e, en particular, de enfermería? Pois que non dan para máis.

Mire, Galiza ten 517 enfermeiras por cada 5.000 habitantes, é a penúltima. Por detrás só está Murcia. Vostedes logo sacarán non sei que estatísticas, pero a realidade é bastante teimuda. E con menos profesionais non se pode facer máis traballo; polo tanto, o que dicimos é que se aumenten os cadros de enfermería. Porque poñer en marcha as prescricións significa máis traballo e máis dedicación, co cal non pretenderán —insisto— que o fagan os mesmos.

Onte xa lles lin o que opinan as enfermeiras que se están formando das condicións de traballo no Sergas: que as que se están formando están pensando en que, en canto acaben, marchan, teñen pensado marchar a onde as traten cun pouco de dignidade, onde lles ofrezan mellores condicións. Entón vostedes persisten en que fagan máis sen que se teña coñecemento de que haxa un intento de aumentalas. Co cal supoño que tampouco estarán en contra de aumentar os cadros de persoal.

E logo o que lles demandamos é que realicen todas as accións para incorporar á atención primaria os enfermeiros e enfermeiras especialistas en familiar e comunitaria que non están prestando os seus servizos neste nivel. Vostede dixo na súa exposición, señora deputada, que Galiza foi a primeira comunidade en crear prazas de enfermería especializada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, ¿e a que ritmo se están incorporando? ¿A que ritmo se están incorporando? Porque está moi ben ser os campións en dicir que nós estamos aquí, pero logo cal é a realidade desa translación.

Eu dígollo, mire: hai uns días remataron 34 especialistas de enfermería familiar e comunitaria, que se suman a todas as promocións anteriores, aos 100 que homologou o Ministerio,



que esas 34 que remataron a súa formación estes días supoñen máis de 2 millóns de euros, que se suman aos millóns de euros da formación anterior. ¿E cantas levan incorporado á atención primaria para a que realmente se formaron —que gastamos cartos públicos para que sexan especialistas en atención primaria—? ¡Pírrico! —logo, se pode, déanos o dato—. Co cal, o que pedimos é que con todos eses profesionais que están formados para dar esa atención especializada se deixen dunha vez por todas dun titular e que os incorporen á atención primaria, porque é bo para os profesionais e é bo para o sistema e é bo para a poboación, porque estará moito mellor atendida.

Polo tanto, o que lle dicimos ao Partido Popular con esta iniciativa é que o BNG está por que se desenvolvan esas carteiras, levámolo demandando desde hai moito tempo, pero dun xeito real e efectivo, non que nos tomen o pelo facendo estas iniciativas. Porque logo, efectivamente, demándelle ao Ministerio todo o que faga falta. Pero, mire, a realidade é que neste momento están aprobadas as guías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato xa— en feridas, queimaduras, hipertensión arterial e diabetes. ¿Cantas desenvolveu en protocolos a Xunta de Galiza? Soamente o de feridas. É dicir, ten moita marxe de traballo e de mellora na parte que lle corresponde, coma sempre. Polo tanto, demándelle ao Ministerio o que queiran, pero todo aquilo que poden facer, que é desenvolver como mínimo os protocolos de queimados, hipertensión, diabetes e demais, fágano, fágano canto antes, por favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que é unha mágoa que non parezan vostedes moi convencidos en potenciar a capacidade da enfermería de atención primaria. Aínda están a tempo de rectificar e votar a favor desta iniciativa e que non aconteza como na última comisión de sanidade, que vostedes non votaron a favor da renovación das receitas de crónicos por parte dos farmacéuticos de atención primaria. Vostedes queren que se solventen os problemas da atención primaria e, cando o Goberno galego trata de solventalos, non votan a favor ou póñense de perfil e só hai pegas ao que se está a facer. Porque, se se fai, porque se fai; se aumenta a carteira de servizos de enfermería, porque se aumenta; e se non se aumenta, pois é que o Goberno non fai nada. Polo cal, o primeiro é que teñen que poñerse vostedes de acordo nas propias ideas que teñen sobre o cambio do modelo de atención primaria, porque van variando, en función da iniciativa que hai, dunhas a outras.

Señor Torrado, eu agradézolle que pense que teño mal os datos, pero tamén teño que dicirlle que vostede tampouco os ten de todo ben. Fala de moitas cousas. Primeiro —para non es-



quecerme—, da retribución anual dos MIR. A miña compañeira, a señora Amigo, e mais eu non estamos en absoluto de acordo. Ela falou das retribucións anuais dos MIR e eu estiven falando hoxe da retribución mensual dos MIR con gardas. ¿A fonte? A fonte non é a Consellería de Sanidade, a fonte é o Sindicato Médico de Granada, en *Redacción Médica*, teno vostede. Isto en primeiro lugar.

En segundo lugar, o segundo si é verdade, pero vostede non debeu ler tampouco moi ben a exposición de motivos. Porque nós na exposición de motivos dicimos que quedan aprobados e validados os protocolos e as guías de práctica clínica e asistencial. Naquel momento só estaba aprobada a guía relativa aos medicamentos relacionados coas feridas —coordinada e elaborada, por certo, por profesionais do Sergas—. É dicir, o que estamos a dicir neste momento é que, desde o 2020, cando o Goberno central dixo que ía aprobar todas estas guías, pois non fixo o que dixo. No 2022 seguimos sen guías aprobadas. Dous anos despois acábano de aprobar. E, por outro lado, dígolle que de nada serve ter as ordes —que está moi ben ter as ordes aprobadas— se o Ministerio non aproba as guías de autorización e dispensación de medicamentos —que non a prescrición, non confunda, é a dispensación de medicamentos—

E respecto da acreditación —da que falou tamén— pois curiosamente a última en acreditar a enfermería, por moito que vostede trate de dicir que Galicia estivo en contra, pois foi a Comunidade da Ríoxa, curiosamente gobernada polo Partido Socialista. Entón, en fin...

Como dicía ao principio desta intervención, dispoñemos dunha boa atención primaria, que estamos intentando mellorar entre todos, coa súa axuda ou sen a súa axuda. E está dotada de profesionais moi competentes que están a sufrir dificultades na accesibilidade a certos tipos de atención pola falta de especialistas. Vostede di na súa emenda que nosoutros non estamos traballando e que por iso temos que poñer «desenvolver» e non «continuar desenvolvendo». Pois nós sabemos que a vostede non lle gusta moito que fagamos cousas, pero estámolas a facer. E pónolle un exemplo para que vexa que lle dou datos. Pónolle un exemplo: aprobouse unha instrución no ano 2021 para que o seguimento e o control dos tratamentos anticoagulantes orais se faga con carácter xeral por parte da enfermería —aquí, en Galicia—. Así é nos casos nos que non existan descompensacións nos niveis que requiran intervención médica, pois o resto dos pacientes teñen xa na enfermería unha consulta de alta resolución. Por iso nós na iniciativa dicimos «seguir desenvolvendo a carteira de servizos», porque se está a traballar xa dende o ano pasado e se están facendo consultas de alta resolución —como lle acabo de explicar— no caso dos anticoagulantes orais.

E, señora Prado, no da enfermería de especialización si que dixemos que fomos a primeira comunidade autónoma que especializou a enfermería. E dende o ano 2017, cando había 46 enfermeiros e enfermeiras especialistas, temos en 2021 331 enfermeiros especialistas en Medicina de Familia, na atención pediátrica, etc. Ou sexa, que se implementou. (*Murmurios.*) Non diga vostede que non. Repítollo: de 46 en 2017 a 331 en 2021.

Dicía tamén na súa intervención que mesturamos aquí, que falamos do XIDE e que o mesturamos coa carteira de servizos, e pregúntase que ten que ver. Pois vostede sábeo perfectamente, o que ten que ver é que simplemente falamos de que no caso, por exemplo, dos



anticoagulantes orais —por seguir falando do mesmo tema— pois o sistema —o XIDE— o que fai neste momento é, ante unha demanda por parte dun cidadán dunha consulta de anticoagulantes orais para a renovación...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...—remato, señor presidente— derivalo precisamente cara á enfermería. Esa é a consulta de alta resolución, aí é onde intervén o XIDE, e vostede sábeo perfectamente.

E remato porque non teño máis tempo.

A iniciativa o que busca é incrementar as competencias de enfermería, seguindo a carteira de servizos que se aprobou de xeito consensuado no Consello Técnico de Atención Primaria, para desta forma mellorar a asistencia da poboación galega.

Respecto das emendas, señor presidente —xa que me vai preguntar—, non temos ningún problema en aceptar o punto 2 e o punto 3 da emenda do Bloque Nacionalista Galego. E das emendas do Partido Socialista xa expliquei que o punto primeiro, o de cambiar «desenvolver» por «continuar desenvolvendo», non o podemos aceptar, porque nós estamos desenvolvendo, e seguiremos desenvolvendo aínda que non lles guste, como lles acabo de explicar agora mesmo. E aceptamos o punto segundo pero non como emenda de substitución senón engadido á nosa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas aos sectores agrarios afectados pola situación económica derivada da guerra de Ucraína

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 40524 (11/PNP-003448).

Emenda de supresión

No punto 1 da parte resolutiva débese suprimir o seguinte texto:

“Ou ben designar un pagamento directo por vaca nutriz ou por granxa, para deste xeito asegurar que se está a pagar directamente a quen cría os becerros garantindo así a continuidade das granxas, moitas delas situadas en zonas desfavorecidas e de alta montaña.”)



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 40524).

Emenda de adición

No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa, débese engadir in fine o seguinte texto:

“...Nestas axudas, tal como prometeu o Goberno galego, complementar con fondos propios da Xunta de Galicia as incluídas no RD 428/2022 para os produtores de carne co fin de que reciban o mesmo trato que os produtores de leite e incluír nestas aos produtores de carne de pavo excluídos no dito real decreto.”)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Maria Elena Candia López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei 40524 (11/PNP-003448).

Emenda de Substitución:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.) Demandar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Mapa) para que trasladen á Comisión Europea a habilitación de novas axudas para o sector de vacún de carne tendo en conta a persistencia no tempo da subida dos prezos e do encarecemento dos custes de produción, así como habilitar unha nova liña de axudas por becerro sacrificado vinculado a vaca nutriz (beceros cebados na mesma explotación de nacemento).

2.) Solicitalle ao Mapa que defina unha metodoloxía de

establecemento do coeficiente de admisibilidade de pastos arbustivos e pastos baixo arboredo acorde ao aproveitamento de moitas zonas de pastizal e de monte en Galicia que son utilizadas para o pastoreo do gando, que na actualidade quedan excluídas das axudas da PAC.

3.) Que mentres perduren as condicións de alza de prezos nas materias primas de alimentación, nos insumos de enerxía, combustibles etc, así como a suba da inflación e a crise económica, se demande da Comisión Europea que flexibilice de forma temporal e mentres persistan estas circunstancias, as esixencias incluídas na “condicionalidade reforzada” para o cobro das diferentes axudas directas dentro da nova PAC”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.



Segundo nos ilustrou o portavoz do PP na Comisión 7ª o venres pasado, na primeira versión do Real decreto lei 6/2022 que se remite ás comunidades autónomas non se mencionaba o vacún de carne e quedaba excluído das axudas por omisión. E, claro, un considera que neste noso país —aclárolles que é Galicia— o sector vacún de carne é estratéxico, todo o sector vacún. As explotacións extensivas de carne non só producen un excelente alimento senón que libran todos os días do ano unha batalla co territorio, polo que é un elemento preventivo de primeira orde dos lumes. E nada disto se valora.

E, a raíz do esquecemento do sector da carne do vacún neste citado decreto, se foi a Xunta quen premeu e xestionou diante do Ministerio para que ese sector fose incluído, ¿cal é a razón pola que se fixo a repartición deste xeito tan inxusto? Explícome. ¿Os cebadeiros cobran por xato de ceba? E ben, as explotacións que finalicen becerros nados e criados na propia granxa cobran por vaca nutriz pero non por xato. Pregunta lóxica: os xatos de granxa extensiva ¿viven do aire?, ¿non necesitan alimentación adicional e, polo tanto, non necesitan axuda? ¿Non será que como se trata de pequenas e medianas explotacións —que rondan as vinte mil— non contan porque unha boa parte, segundo opinan desde algúns cebadoiros, non teñen futuro? Lembremos o que aconteceu coas axudas covid que sacou o Goberno de Galicia para a axuda do sector da carne de vacún. ¿Lembran? Excluíron das axudas as explotacións de menos de dez vacas nutrices. Por certo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a resultas dunha denuncia do Sindicato Labrego Galego fallou en contra desta marxinación sen sentido. E a Xunta recorreu, ¡recorreu! Ou, o que é o mesmo, a Xunta ratifícase na idea de que é preciso acabar con estas explotacións familiares, de que hai que eliminalas dun plumazo. Só os grandes se salvan. Unha vez máis, a máxima repetida ata a saciedade desde os anos noventa. Por iso cando o presidente Feixóo, aproveitando a ocasión de poder desgastar o «goberno radical comunista», nun golpe de xenerosidade e a xeito de despedida da súa amada Galicia, por triplicado, vaise e anuncia unha partida de 17 millóns de euros para o sector cárnico. Por certo que onte o presidente Rueda, unha vez máis, deu os datos mal. Non son 17 millóns para o vacún de carne, son —como xa dixemos— 14,6 millóns. Ten un serio problema coas cifras o novo presidente. Bueno, pois iso. Total, son cartos europeos...

Mais, como lles dicía, os becerros de extensivo quedan fóra. Cuestión de modelo. Nova Frigsa, é dicir, Coren e mais os cebadeiros industriais, quedaban cubertos. Misión cumprida, porque, en vez de sacar unha orde de axudas que contemplase a realidade galega, pois non, utilizaron o real decreto do Ministerio e caeron nos mesmos erros. ¿Erro? Non. ¿Incompetencia? Tampouco. ¿Mala fe? *(Pausa.)* Lamentable. A mediocre dirección da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia está a publicar listaxes de persoas beneficiarias, listaxes nas que se detectan continuos erros moi chamativos en cuestións como as persoas novas solicitantes da PAC ou relevos xeracionais. No caso do Real decreto 428/2022 outra vez temos este problema. Desta volta a Consellería do Medio Rural non elaborou as listaxes seguindo o criterio marcado polo real decreto —é dicir, 125 vacas nutrices, incluída a porcentaxe de novillas prevista no Real decreto 1075/2014, de pagos directos da PAC— nin aplicaron a posibilidade de fixar un mínimo subvencionable, en especial para o ovino, que deixa fóra moitas granxas mixtas do país.

Seica cada explotación de vacas nutrices percibirá 135 euros/vaca, máis os 60 euros do Ministerio. Agardemos que non aconteza como coas axudas do Ministerio, que parece ser que



van diminuíndo, pois non contaban con tanto número. ¡Listaxes! En principio ían ser 60 euros por vaca. Agora xa se fala de 54, e descendendo. Disque apareceron máis vacas das calculadas. É o que ten iso de andar ás présas, improvisando. E así os que baten o cobre no territorio, os de extensivo, por decreto —os seus xatos—, só comen se van a cebadeiros. E así estamos gobernados. Cando toca facer populismo barato todos son loanzas aos e ás esforzadas gandeiras que concilian como poden, que traballan en zonas apartadas que sofren ataques do lobo, e do Lespre. Pero á hora de facer políticas para o sector son os grandes os que reciben atencións —os amigos, os da modernidade modelo PP—. ¡Ah!, tampouco se lembraron das galiñas poñedoras, nin dos pavos, só dos pitos de engorde. ¿Cal é a razón do esquecemento? (*Murmurios.*)

Daquela, esta sucesión de reais decretos e ordes de axudas que palían os efectos da guerra de Ucraína veñen sendo un conxunto de esquecementos inxustificables e a constatación da gran mentira. Señorías, non é certo que o modelo preconizado por Europa, Madrid e a Xunta sexa a promoción —e neste caso o apuntalamento— das pequenas e medianas explotacións gandeiras de corte familiar. Non, todo isto é falar barato, retórica populista de pouca monta, un engano máis deste mercado-feira en que converten a política. Trátase dun adorno, dunha camuflaxe que agocha a realidade cara a onde nos queren encamiñar tanto Europa como o Estado ou como o PP: a gandaría industrial. E tenlles a súa lóxica: quen manda, manda, e a distribución demanda produtos homoxéneos que só poden saíren de procesos industriais. Un colle un polo de granxa, destes de amarelo cutre, e ten o mesmo sabor, a mesma textura o mesmo tamaño tanto aquí coma en Pekín. Pois pretenden que coas carnes de vitelos e xatos aconteza o mesmo. E para iso temos que ir minando, marxinando, abafando o extensivo; ou, en todo caso, deixalo como criadeiro do que logo se finaliza nos macrocebadouros. Ese é o futuro, disque. Fixeron o mesmo que co leite, o mesmiño que co leite. Levoulles como vinte anos pero conseguírono, e van camiño de acabar de conseguilo por completo.

E agora chega o momento de preguntar por esa decidida vontade de velar polo sector da carne en extensivo, polo programa de pastos, polas aldeas modelo, pola Lei de recuperación da terra agraria, polo voto en contra do BNG a esta lei. E nós desde o BNG reclamamos, agora e sempre, cortalumes verdes de arboredo autóctono e pastos rozados proveitosamente con gandaría. E se isto non é rendible economicamente, pois un pago ecosistémico. Sae máis barato que apagar lumes e logo ter que recuperar solos.

Unha gran parte das granxas do país son de carácter cárnico mixto— vacún, ovino, cabrún, cabalar, porcino—, polo que a aplicación das normas estatais debería ser acorde con esta realidade galega. A utilización combinada destas especies proporciona un valor engadido no mantemento de superficies agrarias —nomeadamente, nas zonas de montaña—, polo que as granxas cárnicas mixtas deberían ser un dos eixos que tería que potenciar a Administración galega —e moito máis nestes días de intensos lumes en toda a nosa comunidade—. Así é, precisamos urxentemente zonas onde agardar o lume, precisamos defender os nosos núcleos de poboación rural, manter a biodiversidade e a integridade do territorio.

O rural, o territorio de Galicia, as súas xentes, precisan urxentemente da atención do seu Goberno. A ocasión téñena aí. Modifiquen a orde e inclúan os xatos finalizados na granxa de orixe, inclúan os pavos, miren mecanismos de compensación polo difícil desempeño da ac-



tividade agrogandeira. ¡Móvanse! O sector reclámallelo día a día e nós, desde o BNG, pois vai ser que tamén.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Quero comezar por deixar claro que para o noso grupo é un erro excluír os becerros no sistema de conteo das reses nas axudas ao sector agrario, o que supón unha perda de 1,12 millóns para as nosas explotacións de carne de vacún. Ademais, existe tamén unha descompensación na repartición da liña de axudas habilitada para paliar a suba de custos nas explotacións derivada da guerra de Ucraína entre o sector lácteo e o cárnico, de xeito que fará que os produtores de carne galegos perciban un total de 27 millóns de euros menos cós de leite —e coa exclusión dalgún dos produtores cárnicos, como son os dedicados á carne de pavo, como dicía o voceiro do BNG—. É unha cifra insuficiente nun momento especialmente delicado para un sector cárnico gravemente afectado por unha situación xeneralizada de venda a perdas e unha forte suba dos custos.

Pero imos ir ao fondo da cuestión. Estamos a falar de axudas extraordinarias ao sector agrario pola situación xerada pola guerra en Ucraína, e dende o Goberno do Estado dedícanse nada máis e nada menos que 67 millóns de euros para estes sectores en Galicia. E, señorías, ¿canto pon a Xunta de Galicia de fondos propios nesta situación? Xa lles contesto eu: cero euros. Utilízase o recurso dese maltrato a Galicia —porque se utiliza moito dende os outros partidos deste hemisferio— e non lles escoito dicir que o Goberno do Estado beneficia dun xeito importante o sector produtor de leite en Galicia, un sector que recibe unha de cada tres axudas de todo o Estado; é dicir, que, dun total duns 120 millóns, se reciben en Galicia máis ou menos 55 millóns. Nese caso non lles escoito dicir que Galicia sae moi ben parada. Leamos o que di Asaja Andalucía cando fala do paquete de axudas ao sector lácteo e que sae reflectido nos medios de comunicación: «Un reparto que, ademais, castiga a Andalucía, donde la explotación media es de 101 vacas, mientras que en la cornisa cantábrica es de menos de 40 vacas, por lo que se está favoreciendo a otras comunidades autónomas frente a Andalucía». Ou o que di o Goberno de Cataluña cando se denuncia que o seu sector lácteo se beneficiará menos que outros das axudas estatais. O propio conseller de Agricultura dicía: «Una vez más, este decreto nos perjudica, estamos viendo que las ayudas del Estado no van dirigidas a que tengamos un sector potente, sino que van a solucionar problemas territoriales más que empresariales». Señorías do Partido Popular, ¿van poñer en valor ese mellor trato para os produtores lácteos galegos? Seguro que non, e espero que o fagan hoxe aquí.

No Estado impleméntanse axudas que evidentemente non cobren as necesidades de todos os sectores. Pero gustaríanos saber o que fai o Goberno galego con eses doce mil euros de orzamento propio, xa que, pese ás axudas con fondos propios anunciadas por Feijóo no mes de marzo, a Xunta non destinou nin un só euro a complementar a liña estatal de axudas para



o sector cárnico. E quero recordar que a suma desa achega autonómica á contía estatal foi o único motivo que levou a deixar a tramitación das axudas para as granxas de carne en mans das comunidades autónomas; unha situación que, ademais do agravio cuantitativo entre sectores, deu lugar a un grave desaxuste de prazos, pois mentres que as granxas de leite cobraron directamente do Ministerio, as de carne andan agardando a que a Administración autonómica lles faga o ingreso.

Outra das cuestións que debería cubrir a Administración autonómica —que, como recordo, pon cero euros neste momento de gravidade— é atender as granxas de pavo que quedaron excluídas das axudas, unhas 66 explotacións galegas que, en igualdade de condicións que as de polo, deberían ter percibido preto de 120.000 euros. Se o propio expresidente da Xunta no mes de marzo —é dicir, hai seis meses— prometeu que o seu Goberno implementaría con axilidade unha liña de axudas para o sector agrario complementario e da mesma cantidade que o dedicado polo Estado aos produtores de Galicia, ¿a que están esperando, señores do Partido Popular?

Dende o noso grupo xa hai tempo que mostrabamos as nosas dúbidas sobre a promesa realizada polo propio presidente —daquela Feijóo—. Despois de escoitar como o director xeral de Gandería era incapaz de soste-lo compromiso de implementar estas axudas directas e con fondos propios, dando a sensación de que podían estar buscando outros mecanismos para utilizar fondos europeos e non propios para complementar as axudas que deu o Goberno estatal, no día de hoxe, señorías, xa podemos afirmar que os produtores de carne galegos non van recibir nin un só euro da Xunta de Galicia para loitar contra a crise de prezos que están a soportar. E non fomos nós —repito— os que prometemos estas axudas, foi o propio Feijóo despois do Consello da Xunta do 24 de marzo deste ano quen puxo enriba da mesa a posición do Goberno galego —do que lles recordo que era vicepresidente o actual presidente Rueda, que estaba presente nese consello—. Nesa comparecencia, o Goberno galego pedíalle ao Goberno do Estado que puxese en axudas directas o mesmo que poñía a Unión Europea, é dicir, 65 millóns de euros. Decía tamén que as comunidades autónomas deberían poñer entre todas o mesmo que poñía o Goberno do Estado. E nesa mesma rolda de prensa comprometéase a apoiar os sectores con fondos propios na cantidade que correspondese baixo ese criterio. Ese foi o compromiso do Goberno galego e supoño que tamén é do actual presidente, o señor Rueda.

O Goberno estatal, atendendo a estes sectores afectados, tomou medidas cunhas axudas directas duns 360 millóns de euros para este sector agrario; e, deses, 160 eran para o sector lácteo e 193 para o resto do sector agrario e gandeiro. Despois de negociar coas comunidades autónomas tamén se aprobaron as bases reguladoras para repartir os máis de 193 millóns habilitados para o resto dos sectores. Correspondían 65 de Europa e complementábase con 129 millóns do Estado. É dicir, poñía un douscentos por cento máis do que poñía a Unión Europea, xa que as comunidades autónomas non aportaron ou non quixeron aportar nada.

Destas axudas, dos 193 millóns, a Galicia correspondíanlle preto de 12 millóns de euros, que o Goberno galego tiña que tramitar. E púxose á disposición a regulamentación para facerllos chegar canto antes aos gandeiros e gandeiras galegas. Nesa regulamentación é falso que o Estado prohiba usar fondos propios para complementar as axudas, tal como sosteñen



no Partido Popular. Inténtase confundir que no decreto poña que as axudas son compatibles con certos fondos europeos con que son incompatibles con fondos das autonomías. E, fíxense, no Real decreto 6/2022, na disposición adicional décimo terceira, cando fala de compatibilidade, di «*sin perjuicio de cualesquiera otras ayudas que puedan otorgar las comunidades autónomas o ayuntamientos*». E no Real decreto 428/2022 volve reafirmar a situación e temos que dicir que, por exemplo, a Deputación da Coruña deu 3.000 euros por solicitante para estes sectores. ¿Está incumprindo a normativa a Deputación da Coruña, señores do Partido Popular? É dicir, entre as axudas aos produtores de leite e de carne en Galicia súmanse máis de 67,2 millóns de euros, as do Estado, xa pagadas, e outras que tiñan que xestionar vostedes na Xunta de Galicia. E iso que son fondos do Goberno do Estado e de Europa, señores do Partido Popular.

Chegamos ao mes de setembro e vemos como se cumpre o que moitos pensabamos. Nun acto de trilerismo político o conselleiro do Medio Rural e o presidente Rueda visitaban unha granxa no concello de Trazo para anunciar que van mobilizar máis de 17 millóns de euros en axudas directas extraordinarias e áxiles para apoiar o sector cárnico ante a crise de prezos. E dicían que esta nova inxección de liquidez significa que a Xunta incrementa un 46 % os apoios do Estado destinados ao vacún de carne a través dun orzamento de 14,6 millóns. O que non dixeron nin lle van dicir á opinión pública é que a Xunta de Galicia vai poñer cero euros propios nesta liña de axudas. ¡Cero euros, señorías! As promesas do Goberno da Xunta en marzo, o seu compromiso co sector agrario, a súa preocupación pola situación do noso sector gandeiro, tradúcese en cero euros de fondos propios da Xunta de Galicia. Resulta que eses cartos se van detraer dos fondos do PDR; é dicir, vanse utilizar fondos europeos para dar ese adianto aos gandeiros que o soliciten por vía das entidades bancarias, nas que a Xunta de Galicia vai pagar a comisión de apertura. Unha vez máis esa é a contribución da Xunta de Galicia para o sector agrario: subvencionar a comisión de apertura duns préstamos para que os gandeiros opten a unha nova liña de axudas dos fondos do PDR; que todos sabemos que se financian nun 75 % de fondos europeos, do Feader. E os cartos dos galegos que xestiona o Partido Popular, ¿para quen son? Unha vez máis para as entidades bancarias.

Mentres o Estado tramitou axudas directas de ingreso inmediato ao sector de vacún e de leite, a Xunta utiliza fondos do PDR e nada de fondos propios para dicir que pon algo da súa parte. E a realidade é que o único que fan é facilitar préstamos ingresándolles ás entidades bancarias o 2 % da comisión de apertura dos préstamos. ¿Que supón isto? Que a Xunta lles saca cartos a uns gandeiros dos futuros fondos do PDR para dárllelos a outros —ou a estes mesmos, segundo a situación—. O Goberno quítalles dun bolsillo os cartos a uns produtores e métellelos noutro. Ese é o gran compromiso do Goberno galego co sector agrario nesta situación de crise de prezos despois dunha crise da covid na que a Xunta tamén —como dicía o voceiro do BNG— puxo cero euros, tamén utilizou fondos do PDR.

Ontes escoitaba ao señor Rueda poñer en valor as axudas, non sei se para danos ou para prevención, que van implementar polos danos do lobo no ano 2023, e fíxoo coma se fose unha novidade ou se non fose competencia do seu Goberno. E resulta que o Goberno galego, que é o competente tanto en materia de gandería como de medio ambiente —e non agora coa inclusión do lobo no Lespre, xa o era dende o inicio do seu Goberno—, di que no 2023 vai poñer algo máis dun millón de euros para este fin. Agradecemos profundamente que sen



pedilo afirmen o que levamos denunciando dende o noso grupo dende hai tempo: que coas axudas da Xunta nestes trece anos non chegan para os danos que produce a especie nas explotacións, que se tardan ata dous anos en pagarse e que aparecen e desaparecen no DOG segundo o capricho do Goberno. Señorías do PP, en Francia páganse 31 millóns de euros en axudas aos gandeiros polos danos do lobo e en prevención, e teñen unha poboación menor da que ten Galicia. Dicir que non van utilizar os fondos do Estado, que ten reservados 20 millóns de euros para esta cuestión, e dicir ao mesmo tempo que van aportar algo máis dun millón de euros —sabendo completamente que isto é insuficiente— di moito do que fai o Goberno do Partido Popular.

Compartimos que se deben equilibrar as axudas que reciben os sectores agrarios máis afectados, que se debe atender a petición das organizacións agrarias para a inclusión dos becerros nos cálculos de axudas e atender os produtores de pavo. Pero ¿que tal se o Partido Popular vota a favor da nosa emenda para que a Xunta de Galicia, en vez de poñer cero euros para os sectores agrarios afectados pola crise, poña algo da súa parte e equilibre estas cuestións cumprindo o prometido polo seu presidente en marzo? E como lles acabo de demostrar, non é incompatible no real decreto, está na disposición adicional décimo terceira, cando fala de incompatibilidade. Di: «...sin perjuicio de cualesquiera otras ayudas que puedan otorgar las comunidades autónomas o las entidades locales».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Dicía o señor Rivas que a nosa carne era un excelente alimento. Seguro que todos os que estamos aquí estamos de acordo, non tanto así os membros dese goberno que el define como socialcomunista —que o di con ironía pero o concepto estalle moi ben empregado— e que onte, concretamente, trouxemos aquí a colación novamente por descoñecemento e por ataque directo a outro dos sectores importantes da nosa economía, que é o sector pesqueiro. Así que, dígallo vostede alto e claro —e sobre todo vostede, que os apoiou—, convénzao de que efectivamente a carne, e a carne galega, é un excelente alimento. (*Aplausos.*) E dicíao vostede mirando ao Grupo do Partido Popular. A min gustárame que o que teña curiosidade nun asunto tan importante, tan transcendental para os nosos gandeiros, escoiten a intervención do señor Rivas na Comisión 7ª da pasada semana. O asunto era practicamente o mesmo pero o enfoque cambiou totalmente. Alí, claro, estabamos analizando o Real decreto 428/2022, e estaba perfectamente claro que tiña erros. Eu, señor Seco, poño en valor por suposto as axudas, e poño en valor especialmente as axudas de vacún de leite, nas que, efectivamente, tanto a axilidade como a cantidade pois foi valorada moi positivamente polo sector e tamén polas administracións e pola deputada que lles fala. Pero coincidirán vostedes comigo, aínda que o intenten disimular, en que no caso dos gandeiros de carne, ademais de



chegar tarde, chegaron de maneira insuficiente e chegaron, como diríamos, tarde, mal e a rastro. Porque, ademais, neste momento hai cousas que aínda hoxe non están claras. Non as temos claras nós nin as ten claras vostede, que o outro día o recoñecía claramente.

Hoxe traemos unha iniciativa para corrixir erros, corrixir erros que todo o mundo temos identificados. Outra cousa é como planificamos ese enfoque e, o que é máis importante, como somos capaces de mandar unha mensaxe de unidade e, polo menos, de lealdade con eses gandeiros que nos reivindican que se corrixa o que está mal feito. É dicir, fixéronse cousas ben e isto puxémolo en valor, e no caso do vacún de carne fixéronse cousas mal.

Este grupo presentou unha emenda, unha emenda para demandar ao Ministerio que traslade á Comisión Europea a habilitación de novas axudas para o sector de vacún de carne tendo en conta a persistencia no tempo da subida dos prezos e o encarecemento dos custos de produción, así como para habilitar unha nova liña de axudas por becerro sacrificado vinculado á vaca nutriz, becerros cebados na mesma explotación de nacemento, que, como moi ben identificaba o señor Rivas nesa comisión, se deixan fóra —algo absolutamente inaceptable—.

No punto 2 solicítaselle ao MAPA que defina unha metodoloxía de establecemento do coeficiente de admisibilidade de pastos arbustivos e pastos baixo arboredo acorde co aproveitamento de moitas zonas de pastizal e de monte de Galicia que son utilizadas para o pastoreo de gando e que na actualidade quedan excluídas nas axudas da PAC; un tema tamén non menor e que tamén vinculabamos á situación que viviu Galicia nos últimos meses, porque non hai, sen dúbida, mellor política para combater os incendios.

E hai un punto terceiro que di que, mentres perduren as condicións de alza de prezos nas materias primas da alimentación, nos insumos de enerxía, combustibles, etc., así como a suba da inflación e a crise económica —nalgunhas ocasións que intervín nesta tribuna trouxen acreditación documental, e iso que era antes da guerra de Ucraína, de que algún gandeiro estaba pagando polo prezo da luz tres veces máis na súa factura que o mes anterior—, se demande da Comisión Europea que se flexibilice de forma temporal e mentres persisten estas circunstancias as exixencias incluídas na condicionalidade reforzada para o cobro das diferentes axudas directas da PAC.

No que respecta ao punto segundo da proposición non de lei do BNG cabe sinalar que o que solicita xa está recollido no deseño das axudas aprobadas na PAC. A páxina 27 do documento que presentou o Ministerio dío claramente. Aquí pódolle deixar unha copia se o precisa ver, por iso non o incluímos na propia emenda.

¿Que é o que temos que dicir aquí? Efectivamente, a Consellería liderou demandas á Administración central e ás autoridades europeas pola necesidade de axudar o sector agrario, especialmente afectado polas circunstancias que antes enumerei. Tamén se pedía que se distribuísen por parte das comunidades autónomas, porque probablemente este erro que agora todos parece que temos identificado non se produciría. Enténdese que coñecemos, dende logo, moito mellor o sector.



O 24 de marzo a Unión Europea publicou o Regulamento 467/2022, da Comisión. E, efectivamente, a España outorgoulle 64,49 millóns de euros. Os Estados membros podían ampliar cunha achega complementaria, e así o fixo España, polo que se chega a unha cantidade de 193. O 30 de marzo do 2022 o Goberno español publicou o decreto que agora comentabamos, o 6/2022. Presentou a Consellería —en exercicio, por suposto, dun traballo responsable— as súas correspondentes alegacións. Pero hai que destacar que no artigo 6.1 dicía claramente que as axudas previstas neste real decreto serán incompatibles con calquera outra para a mesma finalidade que poidan concederse por outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, salvo axudas financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. A continuación, o artigo 6.2 establecía as contías de axuda ao sector —que todo o mundo coñece e non vou repetir, porque, como sabedes, non temos moito tempo—.

Ante este borrador, a Consellería presentou varias alegacións; fundamentalmente a de que as previstas para vacún de carne eran moi insuficientes —no que parece que coincidimos todos— e a de que habería que eliminar a incompatibilidade das axudas do real decreto co resto das axudas.

Posteriormente —é evidente que vou facendo un resumo a marchas forzadas—, en maio, o Ministerio enviou outra versión, a versión dúas deste real decreto —concretamente do 10 de maio de 2022—. Apenas incorporou novidades. Pero o único cambio significativo foi precisamente no artigo 6.1 sobre a incompatibilidade das axudas. E agora di literalmente: «*Las ayudas previstas en este real decreto serán compatibles con otras ayudas financiadas por el Fondo Europeo Agrícola de Garantía y el Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural*». É dicir, podían ser compatibles coas axudas do PDR.

Ante as dúbidas que, como anunciou o señor Seco, poden plantexarse, a Consellería —evidentemente tendo en conta que nos estamos xogando moito— pediulle ao Ministerio que emitise o correspondente informe xurídico para aclarar un tema non menor, que son as incompatibilidades —por certo, un informe que aínda non chegou—. Entón, non se pode poñer en dúbida a vontade do Goberno galego, que dunha maneira clara e nítida se sumou ao compromiso con fondos propios. Pero tampouco se debe evitar pronunciarse sobre un tema non menor, con consecuencias que polo menos todos os que estamos aquí temos a obriga e a responsabilidade de coñecer. Non imos entrar en que a Galicia só lle corresponda un 6,23 % do total, cando sabemos que ten porcentaxes xa do 9,73 % das vacas nutrices de España, o 26,22 % das explotacións de vacún de carne de España ou o 48,2 % das explotacións españolas inscritas nunha IXP ou nunha denominación protexida de carne de vacún —en total son 8.354 explotacións na IXP Ternera Gallega—.

Di o señor Rivas que nós só pretendemos acabar coas explotacións pequenas, seguramente desas 8.354 explotacións, que xa é un número suficiente para que as repase, para que vexa o seu tamaño e algunha vez, aínda que sexa no vacún de carne, poida quitarse ese mantra de que só traballamos para uns poucos.

Chegado a este punto, creo que a mellor mensaxe que poderíamos mandar ao Goberno de España, identificándonos como persoas que coñecemos o ambiente que nos rodea, ou polo



menos os voceiros de medio rural, é un acordo unánime de que se inclúan os aspectos que fun enumerando e que todos identificamos como un importante error.

Creo que tamén é superimportante que non confundamos a poboación. Na última intervención que tiveron co señor Rivas acusoume de cousas que non fixen. E despois de escoitar que temos un goberno mediocre, incompetente, dirixido por enganadores —que son algúns dos piropos que nos regalou—, e para rematar e non consumir o meu tempo, si que lle prego que reflexione sobre a intervención que fixo na Comisión 7ª e que cheguemos a un acordo nesta emenda na que queda claro que os obxectivos son os mesmos que vostede busca: precisamente que se corrixa ese error e que incluso se desbloquee con ese informe e se diga claramente que se poden dotar con fondos propios —que aí sabe que se dixo, como digo, alto e claro que se vai facer—. Tamén, nun asunto tan importante, volvo apelar a que deixe de enganar a poboación, que deixe de intentar confundir, porque, como ben sabe, os galegos e as galegas, especialmente os do noso medio rural, saben perfectamente con quen se xoga o futuro do sector. Saben perfectamente que o que estiveron enumerando aquí dunha maneira moi resumida é absolutamente certo. Entón, de defender o contrario, só me quedaría concluír que vostede segue pensando que os nosos galegos aínda non saben ler nin escribir. E creo que está vostede confundido. Xa non vou entrar no lobo, no que supoño que ten un tema de mala conciencia, porque cada vez que tratamos temas coma este o trae a colación e é indubidable que o discurso e o relato que inventan nese tema non está calando. Sabe todo o mundo que, igual que pasaba co ministro Garzón —que o citabamos onte—, tamén nese tema se colocan na bancada equivocada. Así que lle prego —e ben ve que ton de maior diálogo, imposible— que intentemos chegar a un acordo para mandar unha mensaxe de unidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Señora Candia, aquí cadaquén fala do seu libro, pero o posicionamento é sobre o libro do BNG, que é o que se plantea aquí. Vostedes posiciónense sobre o que queiran, pero neste momento estamos tratando a orde de axudas que vostedes sacan para complementar, e non hai outra historia. (*Aplausos.*) O outro día, o venres pasado, posicionámonos sobre o Decreto 428/2022. E o posicionamento foi claro: apoiamos Partido Popular e BNG e abstívose o PSOE. E iso vai a Madrid. Supoño que irá con algo de peso, porque falamos do Parlamento de Galicia, a sede teoricamente, nunha democracia liberal, da vontade popular de Galicia. E punto. A partir de aí falamos do que vostede queira.

¿Solicita un acordo unánime outra vez? Velaí a nosa iniciativa. É clariña, diáfana. É clara e diáfana. Vostedes teñen posibilidade de remendar este erro, vostedes teñen posibilidade de facer outra repartición, vostedes teñen posibilidade —se é que se resolve todo ese estudo que teñen que facer os xuristas— de meter cartos propios. ¡Fágano, fágano, subscriban este acordo, nada máis!



Pero, mire, eu voulle falar así por riba, porque, ademais deste detalle de vostedes de, unha vez máis, non contemplar e excluír das axudas o sector cárnico, vostedes teñen débedas, teñen moitas débedas con este sector, co sector de vacún en extensivo.

¿Quere que lle conte que a finais de maio deste ano se fixo público un estudo de Juana de Vega, que creo que estaba financiado pola Consellería, e que dicía que os custos de produción de vacún de carne suprema era de 6,20 euros/quilo/canal? ¿Fíxose algo con iso? Claro, porque é que vostedes o 25 de marzo sacaron un protocolo —propiciado pola Consellería do Medio Rural e Unións Agrarias como mestres de cerimonias— que é ofensivo para o sector. Porque nese protocolo se contén, entre outras cousas, un punto no que a distribución e a industria din que van cumprir —nun prazo pequeno, vistas as circunstancias duras polas que está atravesando o sector— a Lei da cadea alimentaria e van pagar por riba dos custos de produción. Isto é unha burla, é unha burla a calquera que teña mediana intelixencia, saiba ler e teña algo de sentimento. (*Murmurios.*)

Ben, pero non queda só aí, non queda só aí. Porque arredor destas datas o Consello da Xunta aproba un decreto polo que se crea, dentro da Consellería do Medio Rural, o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de... É dicir, a AICA. É dicir, un organismo que vai controlar o cumprimento disto. ¿Onde está? ¿Ten financiamento xa? Porque saíu sen financiación. ¿Ten algo? ¿Vostedes van facer algo? ¿Queren que lles mostre algo máis, que lles conte algunhas cousas máis destas? ¡Porque é que hai cantidade! É dicir, desde o BNG reafirmámonos: vos-
tedes desprezan os sectores extensivos e as pequenas e medianas explotacións. ¡Así de claro! (*Aplausos.*) E ademais teñen que ir anotándoo na súa axenda, porque é así. ¿Quere que lle diga, da concentración parcelaria de Rairiz de Veiga, que os técnicos da Consellería din que deben quedar fincas altas para que Coren instale alí máis industrias cárnicas extensivas, cando está ameazado, cando está comprobado...? É dicir, vostedes traballan para quen traballan, traballan para os seus. E fan ben, ¡home!, fan ben, traballen para os seus, que así sacan ganancia. Sacan ganancia, estase vendo. Vostedes... (*Fortes murmurios.*) En fin, calo.

Grazas, presidente. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Non me dixo nada das emendas. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

¿Queredes transaccionar algo?

A señora CANDIA LÓPEZ: Saia un momentíño logo, se fai o favor. (*Murmurios.*)

(*Pausa.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos as votacións.

Encomezamos votando as do Grupo Parlamentario Socialista.



Votamos a de dona Paloma Castro, sen emendas salvo unha autoemenda do propio Grupo Socialista.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demora que rexistran os informes do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a insuficiencia dos seus centros e da súa dotación de persoal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D^a Teresa Egerique sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda ao sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea.*

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda o sector do arrastre de fondo dos ataques que está a sufrir por parte da Comisión Europea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo

En consecuencia, queda aprobada.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, na que se chegou a unha transacción que xa coñecen todos os grupos.*

Votamos, polo tanto, esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as que debe solicitar ao Goberno do Estado para garantir a función pública dos activos inmobiliarios de uso residencial en mans da Sareb.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.



O resultado da votación é positivo

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención e a extinción de incendios forestais.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención e extinción de incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Rodríguez-Vispo, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para axilizar e complementar a atención primaria co desenvolvemento das competencias do persoal de enfermería.

Acepta, como adición, o punto 2 da emenda do Grupo Parlamentario Socialista. E acepta os puntos 2 e 3 da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, ela foi a que o dixó. ¿Non acepta vostede?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Ben, votamos. Imos votar. Se non se acepta a transacción, votamos tal e como está o texto.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para axilizar e complementar a atención primaria co desenvolvemento das competencias do persoal de enfermería.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32 .

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada .

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta e Galicia a respecto das axudas destinadas aos sectores agrarios afectados pola situación económica derivada da guerra de Ucraína.



Parece que non hai acordo de transacción.

O señor RIVAS CRUZ: Inclúese unha parte do PSOE. Inclúese unha parte adicional que di: «Que nesta orde de axudas da Administración autonómica se inclúa o subsector do pavo».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas aos sectores agrarios afectados pola situación económica derivada da guerra de Ucraína.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións e continuamos coa orde do día.

Alteración da orde do día.

O señor PRESIDENTE: Acumúlanse dúas comparecencias.

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta dos retos aos que se enfrenta o sector do mar ante as últimas decisións da Comisión Europea

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición dos dezanove deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar as accións que se van levar a cabo no futuro inmediato e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias da decisión da Comisión Europea anunciada o pasado día 15 de setembro sobre o peche de 87 zonas do Atlántico nororiental para todas as artes de fondo

O señor PRESIDENTE: Comeza, polo tanto, esta comparecencia coa intervención da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señor presidente, señorías, moi bos días.

Comparezo hoxe nesta Cámara por petición propia para dar conta dun dos problemas que acaece no sector marítimo pesqueiro galego e que, pola súa dimensión, pode levar por diante a estrutura produtiva e comercial da pesca fresca galega. Fálolles da aprobación en pasados días, do Regulamento de execución da Unión Europea 2022/1614 da Comisión, do 15 de se-



tembro de 2022, polo que se determinan as áreas de pesca en augas profundas existentes e se establece unha lista de áreas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan. Este regulamento, que foi publicado no *Diario Oficial da Unión Europea* o pasado día 19 de setembro, entrará en vigor en menos de doce días, e impón vedas á pesca con artes de fondo en 87 áreas na zona comprendida entre Irlanda e a costa gaditana que traerán serias consecuencias negativas, e mesmo letais, para moitas unidades da frota galega.

Pero este asunto non naceu onte nin antonte. No marco do Pacto verde europeo, a Comisión Europea presentou o 20 de maio de 2020 a Estratexia sobre a biodiversidade, na que, en resumo, a Unión Europea busca liderar o camiño cara ao restablecemento dos hábitats garantindo un uso sostible dos ecosistemas ao tempo que concilia as actividades económicas e garante a produtividade a longo prazo. Para iso, a Comisión propón un ambicioso plan para devolver supostamente á natureza máis do que obtemos dela. E acordou un calendario no que se dan orientación e criterios, e que debería rematar, como está a facer, con medidas concretas — neste caso para implantar novas áreas protexidas e corredores ecolóxicos—.

Xa daquela advertimos dunha específica orientación ambientalista e apuntabamos a nosa preocupación polo xeito no que se xeneralizaba e se atribuía á pesca a maioría dos problemas que atinxen aos mares e aos océanos. Amais, lamentabamos que non aparecese unha soa referencia ás melloras na biodiversidade logradas polo sector pesqueiro e demandabamos que se dese un necesario equilibrio entre a dimensión ambiental, a social e a económica, tal e como propugna a política pesqueira común. Entre moitos aspectos, e centrando xa o foco no paso que agora nos trae a esta Cámara, denunciabamos xa daquela tamén o aumento marcado de áreas mariñas protexidas, tanto en augas comunitarias como fóra delas. Entendiamos que se condenaba novamente o sector pesqueiro limitando o acceso a determinadas zonas de pesca. Así o fixemos saber en senllas consultas públicas xeradas pola Comisión, principalmente nunha desenvolvida en 2020 a respecto da revisión do Regulamento de pesca en augas profundas e na que Galicia achegou a súa visión, por canto entendiamos que era unha vía para facer oír a nosa voz.

Neste senso, e seguindo de preto os procesos de definición práctica deste asunto, en setembro de 2021 mantivemos unha xuntanza co sector no que conviñemos no risco derivado do informe do ICES e das posibles propostas da Comisión ao respecto. Daquela xuntanza xurdiu un encontro en Bruxelas coa directora xeral da DG MARE, que se celebrou en novembro, no que puxemos de manifesto a nosa preocupación, no que se demandaron os informes complementarios aos do ICES que sustentaban as cuestións sobre a pesca de fondo e no que facilitamos pola nosa parte varios informes ao respecto.

Nesta mesma liña, en febreiro, e vista a nula remisión dos informes, reiterei a petición por carta. Foi respondida un mes despois con outra nula achega dos informes demandados e cunha *larga cambiada* que redobrou a nosa preocupación. Ante a nula resposta e a escasa transparencia, mantivemos unha xuntanza co Consello Galego de Pesca na que constatamos a necesidade de traballar desde Galicia para contrarrestar os plans de impoñer limitacións e restricións á pesca con artes de fondo. Xa daquela, pois, alertamos de novo de que esas medidas afectarían tamén as artes menores existentes na comunidade e cun uso moi estendido,



como son os miños, o bou de vara, os trasmallos ou o rastro de vieira. Avanzando nesta tese de traballo, en marzo mantivemos unha xuntanza co presidente da Alianza Europea de Pesca de Fondo, na que puxemos en común o traballo realizado por ambas as partes para contrarrestar os plans para impoñer limitacións e restricións á pesca con artes de fondo en augas europeas.

Neste sentido, estabamos a traballar nun estudo sobre o impacto que esas trabas terían en artes de fondo da pesca costeira artesanal, documento que foi entregado a finais de abril na DG MARE e tamén na DG ENV. Neste informe salientábase que as posibles restricións a esta frota afectarían preto de 900 embarcacións de artes menores e 2.100 profesionais, que capturan ao ano máis de 20.000 toneladas de produtos do mar e facturan ao redor de 120 millóns de euros, tendo un impacto potencial no conxunto da economía galega de preto de 280 millóns de euros.

Con esta situación e coa achega dos informes feita, mais con nula atención ao diálogo e á demanda de datos realizada, acadamos o mes de xuño, no que se levou a cabo o primeiro intento falido de aprobación desta norma. Coincidindo co Cumio sobre os océanos que a ONU organizou en Lisboa entre o 27 de xuño e o 1 de xullo, celebrouse no Comité de Pesca e Acuicultura unha votación, nada clarificadora, sobre este asunto, que rematou cunha non opinión en canto a que se deron 13 votos a favor, 2 en contra, 9 abstencións e 2 inasistencias. Dada a nebulosa que se abría no apoio a esta proposta de norma e non podendo facer uso dela no foro da ONU, esa saída dános folgos renovados para seguir reforzando a demanda de diálogo e revisión dunha proposta claramente nociva e mal sustentada.

Dese tiro de fogueo saíu unha nova xuntanza inmediata co sector, na que demos nova forza ao estudo das ferramentas xurídicas ao noso alcance co obxectivo de reverter a posible aplicación da norma e a redacción da sinatura dun manifesto en defensa da frota, que foi subscrito por máis de trinta entidades pesqueiras galegas e que suma apoios sociais, administrativos e políticos. Clave neste proceso foi a xuntanza que o día 12 de xullo mantivemos, xunto cos integrantes do Consello Galego de Pesca, coa directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da DG MARE da Comisión Europea, a señora Charlina Vitcheva, e a secretaria xeral de Pesca, dona Alicia Villauriz.

Esta reunión era co fin de analizar a situación do sector do mar en Galicia e os retos aos que se enfrenta na actualidade. Nesa xuntanza os representantes dos distintos elos da cadea mar-industria —tamén a Administración galega e a española— trasladamos a necesidade de adoptar medidas de xestión baseadas en estudos sólidos para evitar casos como a proposta de prohibir a pesca de fondo en preto dun cento de áreas europeas, centrando o debate neste asunto de forma sobranceira. No transcurso daquel debate todos os asistentes entendemos que a DG MARE estimaba proceder a revisar a proposta e que se faría uso de novos datos, solucionando a deficiente sustentación do documento e reforzando desta maneira a mínima consulta que del se fixera tanto ao sector como aos estados membros.

Con esta liña de traballo en mente reunimos de novo o Consello Galego de Pesca a finais dese mes, e no mesmo constituíronse dous grupos de traballo, un dos cales se centrou en analizar a engádegas de información ante esta proposta atendendo a ese período de suposta



revisión. Traballando nesa tese estabamos cando o día 15 de setembro se coñeceu, por sorpresa e sen anuncio previo, a aprobación desta norma por parte da Comisión Europea, dando lugar á súa publicación o día 19 no *Diario Oficial da Unión Europea*. Esta aprobación, saltando esa suposta revisión, sen achegar matiz ou mellora ningunha sobre o proposto en xuño, só podemos denominala como un acto de mala fe, e culmina cun despropósito que raia na falta de lealdade absoluta co sector e coas administracións.

Desta aprobación xurdiron varias xuntanzas co sector e coa Secretaría Xeral de Pesca, nas que compartimos a necesidade de actuar rigorosamente e buscar argumentos sólidos que sustenten a defensa ante este atropelo. Esa vía, a da rigorosidade, é a que debemos seguir e plasmar, xusto a que non tivo a Comisión Europea á hora de adoptar esta medida. (*Aplausos.*)

Pero ¿que é o que se aprobou? Aprobouse un regulamento de execución que implica prohibir o acceso á pesca de fondo nunha superficie de 16.419 quilómetros cadrados, zona de reserva para a protección dos ecosistemas mariños vulnerables por debaixo supostamente dos 400 metros, o que representa o 1,16 % das augas comunitarias do Atlántico nororiental. Pero, ¿que eivas ten este regulamento? Pois moitas e evidentes, aos ollos do sector, dos xuristas e desta administración. Imos ir dando forma e fondo a estas eivas.

Entre esas eivas estarían —baixo o noso punto de vista— que vai máis alá do marco que lle concede a base na que se sustenta, ese Regulamento 2016/2336 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, polo que se establecen condicións específicas aplicables á pesca de poboacións de augas profundas no Atlántico nororiental. Entre esas extralimitacións estarían a das especies ás que alcanza, xa que se veta a pesca de especies demersais e non só de fondo; en que vai máis alá dos fondos regulados, acadando profundidades menores aos 400 metros que regula esta norma; e en que desconxela para minorar unha pegada pesqueira que se estableceu como base no Regulamento do ano 2016. Ademais, esta medida da Comisión adoece de rigorosidade, por contar con estudos parciais e desactualizados, baseados na operativa do arrastre e sen inclusión de artes como o palangre ou a volanta, que agora se ven afectados.

Nesta medida da Comisión restrínxese de forma severa moitas zonas operativas para artes como o palangre ou a volanta, especialmente nos cantís, deixando a posibilidade de acumulación de buques en zonas onde se practica a pesca de arrastre e incluso de artes menores, dificultando a operativa de moitos buques e restrinxindo capturas e posibilidades de traballo en moitas épocas do ano. Esta medida da Comisión extralimita a extensión das zonas vedadas, xerando moitos espazos de protección en figuras de 25 quilómetros cadrados, que vai máis alá das zonas sensibles, coa conseguinte perda de áreas de pesca onde existe probada existencia de recursos e sen que se constatase a presenza de ecosistemas vulnerables.

Esta medida da Comisión non dispuxo das necesarias consultas oficiais, senón de contactos informais e parciais, tanto nas entidades e administracións consultadas como na información achegada, cuestión que se tentou emendar de forma, desde o noso punto de vista, moi trapaceira.

Esta medida da Comisión esquece que a propia práctica pesqueira evita xa determinadas áreas, porque existe un amplo coñecemento da presenza de fondos vulnerables entre o sector pes-



queiro, xa que para algunhas artes estes espazos son impracticables para a pesca por danos que se producen nos aparellos e a xeración de perdas económicas e o tempo para arranxalos. E tamén a existencia dos mesmos é coñecida desde hai anos, evitando pescar nesas zonas.

Esta medida da Comisión esquece que nas áreas destes espazos se leva pescando durante décadas —ou atreveríame a dicir séculos—, sen que isto afectase aos hábitats, tendo en conta que seguen existindo e conservando a súa biodiversidade. Claramente, se esta actividade non danou estas zonas, é que a pesca non é a parte do problema.

Cabe lembrar os efectos perniciosos que ás veces xorden con medidas como a prohibición de pesca sen ter os suficientes estudos ecosistémicos. Poño un exemplo: nunha determinada zona prohibiuse a pesca pola presenza de algas laminarias, o que motivou a entrada masiva de especies de peixes herbívoros que danou estas poboacións de algas sen poder despois remedialo no futuro.

Ademais, esta medida da Comisión parece basearse sobre unha suposta loita contra o cambio climático. Non sabemos en que pode afectar a pesca nestas áreas ao cambio climático nin que solución aporta esta veda zonal á loita contra o cambio climático.

Dentro destas cuestións e eivas que detectamos nesta norma hai unha crucial, sen sentido: a inexistencia de análise social e económica da mesma, dando equilibrio á contemplación dos tres aspectos. Non consta ou non foi ensinado despois de múltiples peticións o informe do Comité Científico, Técnico e Económico para as Pesquerías. Parécenos crucial este aspecto, xa que o golpe neste eido para as nosas frotas pode ser irreversible.

Utilizando como exemplo o de Galicia e en termos globais do impacto directo e indirecto, estaríamos falando de máis de 1.075 buques que verían minoradas as súas operativas pesqueiras, sumando entre todos máis de 4.400 tripulantes, que padecerían un recorte salarial por persoa que superaría os 24.000 euros anuais de media. En termos económicos, a perda xeral potencial para Galicia ascende a máis de 347,5 millóns de euros, ou, o que é o mesmo, o 81 % das vendas dos produtos do mar frescos no ano 2021. En termos xerais, señorías, Galicia vería impactada a súa economía en 816,7 millóns de euros e provocaría un colapso de moitas outras actividades marítimo-pesqueiras e da cadea mar-industria, ben pola caída loxística e o arrastre comercial ou pola perda de demanda de bens.

Neste contexto e con estas circunstancias, temos que definir ben o camiño a seguir para evitar que este regulamento leve por diante o noso sector pesqueiro. Entendemos que a vía xudicial directa por parte dos estados membros sería máis adecuada para frear este despropósito, por canto son os estados membros os actores privilexiados neste proceso e a proba da lexitimidade para recorrer sería máis doada que nos restantes casos. Con máis dificultades estaría o recurso por parte das empresas afectadas, lexitimadas en canto a que son directamente prexudicadas e que poderían levar as entidades asociativas, lonxas e rexións como coadxuvantes neste proceso.

Dada a gravidade do asunto e a súa transcendencia para Galicia, temos solicitado ao Goberno español, mediante carta do presidente Rueda ao presidente Sánchez, e en unión á petición



unánime do sector pesqueiro galego, que se interpoña recurso contra este regulamento para evitar a súa aplicación. Desde a Xunta apoiaremos calquera actuación neste sentido tanto do Estado como do sector; aportaremos todos os datos, todos os argumentos técnicos e xurídicos que sexan necesarios. Se o Estado non presenta o recurso, aínda que teñamos poucos visos de prosperar, a Xunta presentará ese recurso. (*Aplausos.*)

Unido a este recurso, en cuxa fundamentación temos ofrecido a nosa colaboración e apoio, debería ir unha solicitude de medidas cautelares que free a posta en vigor do regulamento, o que exige un rápido artellamento do recurso para chegar coa petición antes do día 9 de outubro. Ademais, entendemos que unha posible revisión do regulamento de execución por parte da Comisión Europea antes da súa entrada en vigor podería dar lugar a unha moratoria na súa vixencia e abriría a porta a unha achega rigorosa de datos, unha revisión do fundamento e tamén a adecuación do alcance do mesmo. Visto que en novembro parece que se vai revisar esta medida, defendemos unha moratoria de dous meses. Atrasar dous meses a medida non provocaría danos irreversibles nos hábitats pero si provocaría que non se danase a frota. Esta vía sería *mutatis mutandi* a levada a cabo polo Goberno diante do Consello de Ministros de Pesca, coa inclusión dun punto extraordinario e que foi introducido na orde do día co apoio de Francia e Irlanda, postura que apoiamos e que reforzamos con outras peticións no eido europeo, mais que, como vimos, non tivo resultados positivos.

Mais, practicamente esgotada a vía política, tras ter demandado a revisión da medida desde o sector e desde as comunidades autónomas españolas e algunhas rexións europeas, existen iniciativas de unidade entre as comunidades autónomas españolas afectadas e promovidas desde este goberno autonómico. Galicia, País Vasco, Cantabria, Asturias e Andalucía reuníronos o próximo venres en Santander para pór en común argumentos e sumar vontades de defensa. E desde aquí quero salientar a rápida e positiva resposta de todas as comunidades para afrontar unha vía en común. Ademais, tamén se están dando pasos deste tipo con outras rexións gravemente afectadas, como Bretaña, de cara a estender unha posible alianza a outras zonas dos estados membros afectados, como Irlanda.

En breves datas iniciaremos unha rolda de contactos para sumar tamén liñas de traballo que poidan servir para que os estados membros afectados poidan recorrer contra este pernicioso regulamento e salvar a actividade pesqueira nestas áreas. Tamén pretendemos xuntarnos coa Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, porque sabemos que a extralimitación nos termos que se acordaron para a regulación da pesca de fondo preocupan entre os eurodeputados e que desta institución tamén poden saír medidas para frear esta cafrada.

Con todo, a Xunta de Galicia pretende esgotar toda esta vía mantendo unha xuntanza co comisario Sinkevičius e a directora Vitcheva, porque entendemos que a súa nula escoita non pode durar para sempre, e que a opinión de moitos cidadáns galegos tamén debe premer na súa conciencia, da mesma forma que o fixeron outras sinaturas e algunhas presións medioambientalistas. Nesa xuntanza debe quedar claro, como temos nós, que o sector pesqueiro non está en contra de que existan zonas protexidas, que xa existen na normativa galega e española desde hai anos, pero demanda que se establezan de forma dialogada, sustentada e xustificada na ciencia e de forma equilibrada e correctamente dimensionadas.



Remato, señorías, e fágoo sabendo que contamos co seu apoio decidido para frear ese golpe mortal á nosa pesca, á nosa estrutura comercial pesqueira e a moitas comarcas que viven do mar. Sei que contamos con ese apoio apartidista, no que só figuran unhas siglas: as do mar de Galicia. Nesta liña sei que actuarán para esgotar todas esas vías das que falaba e que servirán para dar aire ao noso sector. (*Aplausos.*)

Queremos que o sector teña futuro, queremos que o sector siga tendo vida, e para iso imos traballar.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rolda dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días.

Señora conselleira, eu entendo que este é un problema que nos atinxe a todos e a todas, que, como dicía tamén onte o presidente da Xunta de Galicia, quizais sexa o problema máis gordo que temos agora mesmo enriba da mesa. Sabe da lealdade do Partido Socialista de Galicia para con esta causa e para tamén loitar a carón da Xunta de Galicia para poder loitar e acompañar o noso sector nunha nova loita contra as institucións comunitarias, que vemos que ultimamente é o único que están a facer, e eu comparto con moita parte do sector que di que realmente as institucións comunitarias queren acabar dun xeito decidido coa nosa pesca.

A verdade é que dende o meu grupo agradecemos o ton que trouxo vostede, señora conselleira, para buscar esa unidade e ese consenso que sabe que hai nesta cámara, que tamén compartimos dende o propio Partido Socialista, no que estamos a facer todo o que está nas nosas mans. A verdade é que eu teño que agradecerlle moito o ton, pero a verdade é que colisiona literalmente e frontalmente coa intervención que onte fixo a súa voceira de pesca, a señora Egerique (*Aplausos.*) Foi totalmente lamentable, lamentable, lamentable, señora Egerique, a intervención que fixo vostede onte frivolidando cun tema que está a poñer en risco tantos e tantos postos de traballo na nosa Comunidade Autónoma. Vostede practicamente nada falou do problema, deste veto da Comisión Europea ás artes de fondo, e xa non só incluso a estas artes de fondo que están ameazadas por esa entrada en vigor xa moi preto, o día 9, con expulsalas deses caladoiros, senón que incluso é o problema do que nos advirten tamén dende o propio sector e que tamén puxo enriba da mesa o propio *DOUE*, o problema que pode acontecer entre as distintas artes de pesca, porque, se se expulsan determinadas artes de pesca dalgúns caladoiros, pois van ir a outras zonas nas que se están empregando outras artes de pesca e pode haber ese problema.

E vostede onte, señora Egerique, olvidouse radicalmente do grave problema que temos en Galicia con este novo veto por parte da Comisión Europea e dedicouse a romper a unidade



que había nese parlamento e atacar con falsidade os grupos que aquí estamos representados, os grupos da oposición.

Polo tanto, agradezo o ton, señora conselleira, e a verdade é que nós imos seguir mantendo ese apoio tanto ás accións que se están a desenvolver dende a Xunta de Galicia como tamén ás accións que se están levar a cabo por parte do Goberno central, que vimos como novamente o pasado martes, a petición de España —é verdade que apoiado por Irlanda e por Francia—, conseguiu meter na orde do día do Consello de Ministros de Pesca outra vez que se volvera tratar este grave problema que estamos a vivir, e a verdade é que o posicionamento do ministro Planas foi claro, como vén acontecendo durante o último tempo.

Foi, ademais, unha intervención dura, que foi aplaudida tamén polo propio sector. E dicíamos que consideramos que é desacertada e extralimitada esa decisión da Comisión Europea, polos motivos de fondo e de forma que vostede hoxe aquí expresou. Pola forma, porque foi levada adiante sen un verdadeiro diálogo, nin cos estados membros nin co propio sector pesqueiro, despois de non ter conseguido ese apoio unánime para que saíra ese acto de execución do Consello de Pesca. E directamente despois o que fixo a Comisión Europea atropeladamente foi tomar esa decisión o 15 de setembro, como vostede ben dicía, e que se publicou o 19 no *Diario Oficial da Unión Europea* e que entrará en vigor xa dentro de nada, o día 9 de outubro.

Polo tanto, compartimos que se extralimitaron por eses motivos de forma, pero tamén polos motivos de forma que expoñía aquí a conselleira, porque dicía que incluso está a afectar outras artes de pesca das cales non temos datos a día de hoxe de que poden estropear eses espazos mariños vulnerables. Incluso se extralimita nas medidas que adoptan en augas que non chegan aos 400 metros, que iso era algo que non se contemplaba nese regulamento do ano 2016, que falaba de que as medidas deberían ser adoptadas entre os 400 e os 800 metros. Polo tanto, nós compartimos que ese regulamento de execución que vai entrar en vigor en datas moi próximas contén moitas eivas.

Vostede dicía que é necesario que por parte do Goberno do Estado se interpoña ese recurso xudicial ante a Xustiza europea. Nós tamén pedimos ao Goberno central que interpoña ese recurso, pero tamén lle pedimos un pouco máis á Xunta de Galicia: que sexa proactiva e que tamén interpoña ese recurso. Dígoo porque vostedes mesmos, dende a propia Xunta de Galicia, anteriormente, hai unhas semanas, anunciaban publicamente que ían interpoñer ese recurso. Nós pedímosllo ao Goberno central e pedímosllo tamén á Xunta de Galicia, porque creo que tamén é bo que polo menos se escoite, que se vexa que todos e todas estamos no mesmo barco.

E outro día tamén o ministro Planas, nese Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, dicía que era necesario que se pare a execución dese regulamento do día 9, e á parte que se revisen de inmediato esas posibilidades, que se revisen inmediatamente esas zonas que están afectadas, esas 87 zonas que están afectadas e que expulsan os nosos barcos de tantos caladoiros. Porque non é verdade —é nós compartímolo tamén co ministro, creo que tamén a Xunta de Galicia o comparte— o que está a dicir o comisario europeo de Pesca, que esta decisión se tomou cos mellores e cos máis actuais informes científicos. Todas e todos sabemos



que hai informes máis actualizados, hai incluso informes de organismos tan importantes como é o propio IEO que non foron tidos en conta pola propia Comisión á hora de artellar esta medida. Polo tanto, nós cremos que hai datos científicos actuais e, polo tanto, pode revisarse inmediatamente esa decisión tan letal para a nosa frota.

Polo tanto, nós o que dicimos é que cremos que vostede, ademais, dixo que este problema non vén de onte nin de antonte. Todos e todas sabemos que na propia política pesqueira común do ano 2013 xa se referenciaba esta posibilidade, no ano 2016 xa foi cando se abriu a veda —por dicilo así—, porque se dicía que antes do 13 de xaneiro do ano 2018 a Comisión Europea debería de artellar e ter publicados estes actos de execución. Polo tanto, o problema vemos que vén de moi lonxe.

Nós o que lle pedimos —e levamos tempo pedindo á Xunta de Galicia— por parte do Grupo Parlamentario do PSdeG é que quizais botamos en falta que vostedes non foran máis proactivos. Vostede estivo a falar durante moito tempo de que facían manifestacións. Ata polo que eu apuntei, ata outubro de 2021, non tiveron esa primeira reunión coa DG MARE. Polo tanto, anteriormente o que estiveron a facer é: ben, discrepamos, non estamos de acordo, pero todo sen ningún feito concreto ata esa primeira reunión coa DG MARE en outubro de 2021.

Polo tanto, anteriormente, declaracións. Por iso nós botamos en falta que non foran vostedes un pouco máis proactivos, que non se adiantaran a estas consecuencias que hoxe en día estamos a vivir. E o que lle pediamos tamén ao propio presidente da Xunta de Galicia é que tamén tome este problema xa como un problema de Estado. Aquí en Galicia estamos fortemente ameazados con este veto da Comisión Europea. Polo tanto, o que lle pedimos tamén é maiores actuacións por parte do presidente da Xunta de Galicia, non só que se envíen cartas ao presidente do Goberno, que vemos ben para tecer esa alianza, pero pedimos máis actuacións concretas, porque a decisión que tomou a Comisión Europea vai ser letal para a nosa frota.

Dicía vostede, señora conselleira, que era precisa a revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que ademais xa ten no seu poder a propia Comisión Europea, e eu quero recordarlle ese «non polo non» no que está o seu grupo, o Grupo do Partido Popular. Precisamente, na iniciativa que trouxo a debate o Grupo Parlamentario Popular neste pleno, relativa á pesca de fondo, o meu grupo presentou unha emenda na que literalmente un dos puntos era que se instara tamén a Xunta de Galicia, porque o Goberno central xa o trasladou o outro día á propia Comisión, que se instara a Comisión para que procedera á revisión inmediata con datos científicos actualizados, pero o Grupo Parlamentario Popular non tivo a ben aceptar a nosa emenda.

Sabe da nosa vontade para traballar todos e todas xuntas, das actuacións que foron feitas por parte do PSdeG, tamén das actuacións nesta cámara, apoiando sempre todas as iniciativas que traía o Partido Popular a esta cámara. Acabamos de votar agora unha por unanimidade, que, señora conselleira, a verdade é que para autoemendarse o Grupo Parlamentario Popular e volver pedir que volvamos reiterar o apoio a un acordo que xa asinamos hai unhas semanas, cremos que esa non vai ser a solución. Pero, aínda así, para non romper ese consenso, volvemos votar a favor.



Algo que, por certo, non mantén o Grupo Parlamentario Popular. Xa dixen: a exposición de onte da voceira de pesca, da señora Egerique, foi lamentable.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: —Remato, presidenta—. Outras veces, cando intentamos traer tamén iniciativas a esta cámara, por suposto o Partido Popular votou que non; incluso cando intentamos unha declaración institucional en apoio ao sector pesqueiro, foi algo que tamén foi vetado polo propio Partido Popular.

Polo tanto —e como dicía tamén o secretario xeral do PSdeG, o señor Formoso—, nós o que lle pedimos á Xunta de Galicia é que traballe, que traballe e que realice algunha actuación tamén.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Sabemos que é moi difícil conseguir o que queremos, pero, entre todos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten despois cinco minutos.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e entre todas, debemos de ser moito máis proactivos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Conselleira, bo día. Quero, antes de nada, dicirlle que comparto —entendo, perdón—, entendo a súa afectación, enténdoa perfectamente; é máis, quero dicirlle que a comparto. Seguramente a afectación que vostede evidenciou agora aquí é parecida —maior, menor— que a que teño eu ou que a que poden ter outras persoas. Pero estou convencida, señora conselleira, de que a súa afectación mais a miña xuntas, mais a de todos os deputados e deputadas que estamos neste parlamento, non é nin unha milésima parte da afectación que teñen os mariñeiros, (*Aplausos.*) os patróns, os armadores, as lonxas, os concellos que están verdadeiramente afectados. E, dende logo, señora conselleira, esa afectación que compartimos está a anos luz da falta de sensibilidade e falta de respecto que amosou onte aquí a portavoz do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Ben, señoría —entrando en materia—, vostede deu unha serie de datos e eu non vou dar moitos máis, pero quero dar algúns datos —porque logo quero facer referencia a eles— que derivan precisamente da decisión —como xa se dixo— inxustificada, indocumentada e ca-



rente de absoluto rigor científico da Comisión Europea. Entre outros —entre outros, insisto, a maiores dos que deu vostede— son, por exemplo: 106 barcos de capital galego directamente afectados no Gran Sol, 101 barcos afectados dentro do chamado caladoiro nacional, indirectamente arredor, efectivamente, de 400 barcos de artes menores afectados na Coruña, outros tantos en Pontevedra e 70 en Lugo.

Máis datos. ¿Que significa o mar en Galiza? ¿Que significa o mar e toda a cadea mar-industria neste país, un dos primeiros países pesqueiros da Unión Europea? Segundo as táboas *input-output* sobre a pesca e a conserva galega de 2019, que vostede mesma presentou hai moi poucos días, esta actividade xera en Galiza salarios duns 800 millóns de euros ao ano. Esta actividade no seu conxunto supón efectivamente unha facturación, uns ingresos duns 9.000 millóns de euros ao ano. O sector do mar é a cuarta actividade económica de Galiza, supón o 4,8 % do PIB do noso país.

Todos estes datos —evidentemente, non os traio aquí porque eu sexa máis lista que ninguén, nin moito menos— son datos da propia consellería ou datos que se reflicten e se recollen en estudos encargados pola propia consellería, é dicir, datos do propio Goberno galego, que os ten nas súas mans.

Ben, e diante destes datos e da negativa da Comisión Europea este mesmo luns —antonte— a suspender a prohibición das artes de fondo e a once días de que 200 barcos queden en terra, a primeira pregunta que nos facemos é: ¿en que país do mundo e que Goberno do mundo cunha actividade económica deste calibre permanecería a día de hoxe dando todo case por perdido, culpabilizando a todos os demais e resignándose unha vez máis diante das decisións que toma unha institución na que nin sequera temos voz? (*Aplausos.*)

Vostede, señora conselleira, efectivamente, acaba de facer aquí un relatorio de todas as actuacións que din —que din— que levaron a cabo. E nós imos tamén agora facer un resumo de todo o que levan dito e anunciado e non fixeron, ou no que cambiaron de posición ao longo destes meses ou simplemente non van facer.

Vostede, señora conselleira, anunciou hai meses, hai meses, que buscaría apoios e aliados doutros países para que a proposta da Comisión Europea non fose adiante. A decisión da Comisión Europea coñécese o día 15 e o día 17 —como se non pasara nada e nos acabáramos de enterar, que xa dixó vostede que isto vén de moi atrás— resulta que volve anunciar que —leo literalmente— «Galiza buscará aliados contra o veto». Entón, cando anunciou no mes de xaneiro e de febreiro que ía buscar aliados e agora anuncia de novo que busca aliados —ao mellor é un problema de comprensión nosa, é moi probable—, en todo caso, en todos estes meses, ¿cales foron eses contactos? ¿Que resultado tiveron eses contactos? ¿Conseguiu vostede algún apoio? ¿Con quen falou?

Ben, vostede, señora conselleira —vostede, en particular—, anunciou durante meses, publicamente, que esgotaría todas as vías para que a proposta da Comisión Europea non se aprobase. Dixó que fixeran informes que se entregaron en Bruxelas e mandou a súa secretaria xeral e o seu xefe de gabinete naquel momento a levar os informes. Comprenderá que nós nos temos que preguntar quen é un xefe de gabinete para representar a un país na Unión



Europea, (*Aplausos.*) señora conselleira, ¿quen é?, ¿quen é? Non o votou ninguén, non ten ningunha responsabilidade máxima dentro da consellería. Ben, manda vostede a secretaria xeral e o seu xefe de gabinete naquel momento, porque non sabemos —e gustaríanos que nolo dixese en todo caso— onde estaba a titular da consellería. ¿Que outra cousa máis importante tiña que facer nese momento que lle impedise persoalmente, con todo o que implica ser a máxima responsable do sector do mar nun país como o noso, estar, como a máxima responsable deste sector que representa case o 5 % do PIB do noso país, en Bruxelas?

Vostede, señora conselleira, tamén anunciou, vostede mesma, por activa e por pasiva, que presentaría un recurso xudicial se a proposta da Comisión Europea saía adiante. Anunciouno durante meses, e unha vez que se tomou a decisión pásalle a pelota a outro, pásalle o marrón, ¿verdade?, porque, claro, isto non deixa de ser un problemón; efectivamente, vostede mesma o dixo e pásalles o problemón a outros. E nós preguntámonos, señora conselleira: ¿cal é o problema exactamente? ¿Que é o que impide que o Goberno galego presente ese recurso? É máis, acaba de dicir vostede que, se non o presenta o Estado, a Xunta presentaría; co cal entendemos que non hai absolutamente ningún impedimento para que a Xunta o presente xa, xa, por se acaso outros non o presentan ademais.

Ben, entón, voulle poñer un exemplo do tema dos recursos, porque aquí os recursos é coma todo, utilízanse cando un quere e para o que quere, dependendo da importancia que lles conceda a determinadas cuestións. Vostedes, o Partido Popular, recorreron no Constitucional contra a Lei de cambio climático, do Estado español. En vez de apoiar a emenda que presentou o Bloque Nacionalista Galego e que propoñía, efectivamente, que se contemplase nesa lei que todas as industrias que necesitasen o mar quedasen fóra desa afectación —daquela era o artigo 18—, non, non, vostedes pasaron de presentar a nosa emenda e presentaron un recurso no Constitucional, que perderon. Ben, o PP, o Partido Popular, protestou diante da Comisión Europea por este tema, por aquel famoso artigo 18 da Lei de cambio climático. Mesmo o propio Partido Popular o levou ao propio Parlamento Europeo, e alí tampouco lles fixeron moito caso, e entón dixeron —cando xa tiñan case todas as vías esgotadas—, despois de trece anos caladiños, que reclamarían as competencias sobre o litoral, e mesmo agora van facer vostedes un proxecto de lei. Todo isto, señora conselleira, arredor do artigo 18 do cambio climático. Fíxese vostede todo o que fixeron para garantir a permanencia de Ence emporcando a ría de Pontevedra, (*Aplausos.*) porque basicamente era o interese do Partido Popular.

Fixeron, señora conselleira —e seguen a facer de cada decisión dos demais—, un campo de batalla, e quedou hoxe outra vez demostrado. Por enésima vez —xa non sei cantas van— votamos a favor das súas propostas, das propostas do Partido Popular. ¡Ah!, pero un momento, na iniciativa que trouxo aquí a pleno o Partido Socialista nin sequera tiveron a mínima sensibilidade de absterse, votaron en contra. Á proposta de declaración institucional do Partido Socialista non estiveron a favor e nin se trouxo a pleno. Á proposta que o Bloque Nacionalista Galego tiña presentado hoxe de declaración institucional dísenos que non; ou isto ou non hai declaración —isto é o que se nos di—.

E, polo tanto, señora conselleira, como comprenderá, hai persoas e grupos políticos que apoiamos ata as últimas consecuencias este sector e outras persoas que aproveitan este tema, como tantos outros, para facer partidismo, (*Aplausos.*) ¡partidismo!, señora conselleira.



Máis cousas. Vostede, señora conselleira, convoca o Consello Galego de Pesca —acaba de dicilo na súa intervención— para o que vostede considera —para iso, efectivamente, é quen preside ese consello—, sobre todo para tomar decisións que precisan normalmente ser revestidas de pluralidade, de democracia. E entón convoca vostede o Consello Galego de Pesca e quen fai as propostas é o Consello Galego de Pesca...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—vou rematando— non é a consellería.

Como co tema do *Brexit*, efectivamente, de moitísima gravidade; a revisión da PPC; a Lei de pesca —hoxe remata o período de emendas—. E agora, señora conselleira, vostede, despois do día 15, da decisión —unha das decisións máis graves dos últimos anos no sector—, négase precisamente a convocalo. Non o entendemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei, ¿fíxolle graza? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, pois eu díxeno bastante en serio, ¡eh!, (*Aplausos.*) díxeno bastante en serio. Négase, señora conselleira, a convocalo para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e do tecido social do país, léase —remato, presidenta— partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, empresariais..., en fin, diante do gravísimo golpe, efectivamente, que supón a prohibición.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señora conselleira, o problema de non querer convocar neste momento o Consello Galego de Pesca...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...é que, se o convoca, con todas esas organización dentro do Consello Galego de Pesca, é probable que vostede perda o control deste tema, e a vostede iso evidentemente non lle interesa.

Sigo na segunda quenda. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Teresa Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidenta.

Bos días.

Bos días, señora Quintana.



Grazas, conselleira. Explicou vostede hoxe aquí claramente o absurdo da aplicación desta medida, os exemplos que non teñen sentido. Vostede claramente ademais falou de consecuencias económicas e sociais moi negativas e de que non está evidenciada ningunha consecuencia ou dano medioambiental nos ecosistemas que sexa tan daniño como o económico-social. Polo tanto, datos escalofriantes que parecen non inmutar a Sinkevičius, que é o comisario que tomou a decisión e, por moito que non lle guste ao Bloque Nacionalista Galego, é do grupo dos Verdes e dos seus socios de goberno en Bruxelas. Polo tanto, non lles gustou nada a miña intervención de onte: frivoliciei, non estiven á altura, non teño nin idea do tema. A min dáme igual, eu teño unha costela moi dura para aguantar todas as acusacións que me fagan vostedes. (*Murmurios.*) Pero dixen moitísimas verdades que non lles gusta escoitar, porque realmente xa tivemos tres acordos por unanimidade en defensa do sector da pesca, por suposto sempre, e ademais con coherencia e con acordos nesta cámara.

Pero é que hai que dicir a verdade tamén de por que se produce este desenlace, e que cada un vai dando pasos e vai traballando. Eu agradézolle moito á señora Quintana, que leva moitísimo tempo traballando da man do sector e en defensa do sector, que o siga facendo, tanto ela como o seu equipo, porque sabe perfectamente o sector da pesca quen ten altura para tomar as decisións e para traballar da man deles. (*Aplausos.*)

Por certo, eu aínda non vin nin escoitei ningunha reacción do Bloque Nacionalista Galego ou do Partido Socialista con respecto ás declaracións dun ministro do Goberno de España que estivo en Galicia, que estivo en Vigo, e non tiña coñecemento deste veto. Dálles igual, e cren que eu frivoliciei dicindo isto. Vou repetilo máis veces, ¡eh!: (*Murmurios.*) é o ministro de Consumo, está sentado no Consello de Ministros. Temos este punto número un na axenda de Galicia e non ten nin idea, é a primeira noticia que ten —dixo, literalmente—. (*Murmurios.*) Moi ben, patético, realmente patético. Atacando a gandería e agora atacando o sector da pesca, non lle importa nada.

Ben, creo —como dixen— que fixen un discurso explicando moitas cousas que non lles gusta escoitar; eu teño que dicilas. Eu ademais son deputada e represento o Grupo Parlamentario Popular. Rosa Quintana é conselleira de todos os galegos, está á altura —como din vostedes— nos seus discursos e nas súas intervencións para defender a todos os galegos. Eu defendendo unha postura política que sustenta, por suposto, o Goberno de Galicia. E, ademais —insisto—, nós sabemos que dende o Partido Popular —como dixen—, non soamente dende a Xunta de Galicia e dende o papel da conselleira, os nosos deputados tamén en Bruxelas son os que dan a cara sempre polo sector.

Polo tanto, señora Otero, creo que nós practicamos ademais aquí os debates e a política con toda lealdade. A deslealdade paréceme que só é a súa, que vostedes nos medios de comunicación atacan o deputado Gabriel Mato —como dixen o outro día— con moitas imprecisións no discurso do seu secretario xeral, que atacan vostedes o presidente Rueda e o acusan dalgunhas cousas, de non facer nada, de non tomar decisións. Logo chegan aquí e varían un pouco o discurso.

Eu, sen mirar a ninguén, que hoxe non está presente na Cámara, non sei se antes o Grupo Parlamentario Socialista estaba un pouco máis ordenado e tiña os seus discursos máis claros.



Agora paréceme a min que hai moitos bandazos e que quizais houbo menos coordinación. E o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, ademais do ridículo que fixo en Bruxelas, pois parece que tampouco ten coherencia cos discursos que vostede di aquí, señora Otero, e os artigos que escribe na prensa. Polo tanto, un pouco de orde, un pouco de orde e un pouco de coherencia.

Sigo coa coherencia, coa importancia, señora Otero. Vostede non me pode acusar aquí de romper a unidade, cando acabamos de votar unha iniciativa a proposta do Partido Popular por unanimidade. Entón, non me pode acusar aquí de romper a unidade, cando ademais falamos sempre e intentamos chegar a acordos, porque facémolo ademais cada quince días na Comisión de Pesca. Temos aquí tamén debates de importancia. Agora, hai que dicir as verdades, hai que dicir as verdades dos grupos políticos, a quen representamos cada un, que vontade temos cada un, que liña ideolóxica, que obxectivos teñen Os Verdes e Alianza en Bruxelas, que obxectivo ten o Partido Socialista no Goberno de España, quen manda máis: Garzón ou Planas. Claro, ¿que é máis importante: apostar polo que di Teresa Ribera ou apostar polo que di Planas? Claro, é que isto é política.

Señora Otero e señora Pérez, vostedes din moitas veces que aquí non falamos de política. Pois si, a min apetécame falar hoxe de política. O Partido Popular, dende o primeiro ao último, apoia dende sempre o sector da pesca, por enriba de calquera outro interese. *(Aplausos.)* E outra cousa que non lles gusta é que o fai da man do Consello Galego de Pesca, é dicir, dándolles voz e dándolles opinión a todos os membros do sector alí representados.

Ben, señora Pérez, eu insisto en que doen as verdades. Vostede aquí —non vou dar máis datos— dá uns datos que vostede obtén da Consellería do Mar, unhas táboas que vostede emprega habitualmente nos debates de pesca. Paréceme estupendo, é o seu traballo. Por parte da Consellería do Mar é unha transparencia que vostedes moitas veces acusan de non ter, e transparencia e datos aos que vostede pode acceder e podemos traballar ademais en igualdade de condicións cos mesmos datos, porque son rigorosos e están feitos dende análises ademais científicas e análises coas que vostede, como vexo, tamén concorda comigo.

Ben, ¿que pasa? Que nese caso eu vexo incongruencia, porque aquí, como digo, vostedes defenden unha postura, cren que teñen ademais moitas veces supremacía ou lexitimidade para defender a pesca, pero resulta —e vou dicilo outra vez— que en Bruxelas a persoa que meteu este veto directamente así por sorpresa, sen estudos, sen consultar absolutamente nada, é do seu grupo. Se trasladamos agora mesmo todos estes deputados ao Parlamento Europeo, vostedes estarían sentados ao lado de Sinkevičius, *(Murmurios.)* estarían sentados con el. Entón, terían que dicirlle: ben, imos ver, imos votar, por favor, déixanos votar que non, porque se non en Galicia aquí é que non nos van crer. *(Murmurios.)* Pois si.

Ademais, tamén creo que é bo que se saiba. Porque despois falan vostedes de quen vai levar a Bruxelas os informes ou non. Non me fagan a min falar de xefes de gabinete ou membros de gabinetes de alí de Bruxelas. Porque a que é agora a actual, porque lle toca a quenda agora, Ana Miranda, foi durante un tempo membro dun gabinete no que están outros grupos tamén (Verdes, Bildu, etc.), membro dese gabinete totalmente respectable, pero exerceu de deputada. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Viña a Galicia e exercía de deputada e falaba aquí como se ela



mesma tomara as decisións. Era de gabinete, era de gabinete. ¿E que pasa? Que os membros do gabinete da Xunta de Galicia son menos que os membros do gabinete do Grupo dos Verdes de Bruxelas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, eu, de verdade, non frivolizo, pero é que teño xa que elevar o ton, porque é unha tomadura de pelo que vostedes teñan uns discursos nun sitio e outros discursos noutro. E, sobre todo, é unha tomadura de pelo que acusen a Xunta de Galicia ou que lle exixan á Xunta de Galicia o que vostedes mesmos non fan, cando, ademais, acaba de dar conta agora a conselleira de todo o que leva facendo. Os que caeron do guindo foron vostedes aínda hai dous días. ¿Que fixo a secretaria xeral de Pesca antes de 2021? Nós xa levamos meses traballando.

Onte a propia señora Pérez lembrounos aquí que a iniciativa nós xa a rexistrabamos en xaneiro, que eu xa non me lembraba de que era de xaneiro. Xa levamos dende antes dese momento traballando, cando presentamos a iniciativa no Parlamento, porque xa viamos que era unha ameaza.

E non podía faltar a estrela do Bloque Nacionalista Galego: Ence. Nun debate sobre a pesca do arrastre, que vostede queira colar Ence, iso xa a verdade é que me parece totalmente vergoñento.

Ben, nós, señora Pérez, *(Murmurios.)* propoñemos un apoio unánime desta cámara... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é que non fixeramos nada; propuxémoslle, despois de que vostede puxera enriba da mesa esa declaración institucional, apoiar o manifesto en defensa da pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria redactado polo sector, polo propio sector, no Consello Galego de Pesca, ese que vostedes tanto reivindicán. E, polo tanto, nós cremos que esa é a postura adecuada. Porque nin o Partido Popular nin o Partido Socialista nin o Bloque vai ter que dicirlle ao sector que é o que quere e que é polo que temos que traballar.

Remato xa esta primeira quenda. Señora Quintana, a verdade, creo que di moito de vostede xa que veña a este parlamento dar a cara, que vostede explique todo o que fai, eles na prensa poden observar todo o que fai, pero con coherencia, non como outros, que na prensa din unhas cousas e aquí no Parlamento din outras.

Eu teño costela para aguantar todo o que vostedes me digan, pero realmente vou seguir dicindo as verdades, e, se non, que alguén me rebata aquí o que dixen, e poden dicir que frivolizo. E parécenos ademais un tema de extrema importancia que un ministro do Estado, ademais ministro de Consumo, que vén a Vigo, porque non estaba falando en Murcia nin en Cáceres nin en Segovia, estaba falando en Vigo, capital da pesca, e que non coñeza este tema. É un xesto importante para saber como funciona o Goberno de Sánchez, é un xesto importante para saber a pouca importancia que o Goberno de Sánchez lle dá a Galicia. Polo tanto, eu vexo que vostedes se poñen ás veces moi insistentes nas cousas que di o Partido Popular, pero aínda non vin unha petición de dimisión nin por parte do Partido Socialista nin por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Pola miña banda, nesta quenda, nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Egerique.

Turno de réplica para a señora conselleira, dona Rosa María Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, vicepresidenta.

Señorías, moitas grazas.

A verdade é que eu o primeiro que quero dar é as grazas. As grazas, en primeiro lugar, á señora Otero, porque empezou cun ton de agradecemento e construtivo; as grazas á señora Pérez, porque comezou dicindo que a afectación que vía que eu tiña é a que comparten hoxe todos os deputados de Galicia e eu espero que toda a sociedade galega. Pero voulle dicir unha cousa: non pense que a miña afectación é menor que ningunha das afectacións que ten ningún sector pesqueiro, ningunha. Estou tan afectada coma eles, levo trinta anos defendendo o sector pesqueiro e, polo tanto, todas estas cousas me doen tanto coma a eles. Se non, non estaría neste posto, pódollo garantir. *(Aplausos.)*

Agradecer, por suposto, o traballo e o esforzo da señora Egerique. Señora Egerique, vostede sabe moi ben que todo o que está acontecendo non é por culpa do Partido Popular; que se hai un partido que en Galicia, en España e en Europa defende a pesca ese é o Partido Popular. Temos datos, temos constancia e así o seguirán a facer, *(Aplausos.)* e, aínda que na prensa se lles critique, aínda que se queira poñer a Gabriel Mato e a Paco Millán como responsables de todo, agora veremos neste debate que iso non é certo.

Desde logo que eu me sinto profundamente doída do papelón que veu facer o ministro de Consumo a Galicia. O primeiro teletipo que saltou xa me deixou preocupada, porque dicía que viña a Vigo visitar o Laboratorio Nacional de Referencia de Biotoxinas para traerlle 1.300.000 euros. O Laboratorio Nacional de Referencia de Biotoxinas Mariñas está en Vilaxoán, é da Xunta de Galicia, non é o Laboratorio Comunitario de Referencia de Vigo, que el foi visitar. Polo tanto, non sabía nin a que viña nin a onde viña nin que ía facer con eses 1.300.000 euros.

Segundo. Cando lle preguntan pola situación do veto ás zonas de pesca, que diga que se ten que informar porque non tiña nin idea, de verdade que deixa ben en evidencia a importancia que lle dá o Goberno de España a un sector tan importante como é o sector pesqueiro. E iso doe. *(Aplausos.)* E eu entendo a posición da señora Egerique ao querer defender que ese ministro non é digno de vir a Galicia, non o é.

Señora Otero, voulle ler, porque me parece que traía vostede a intervención escrita e entón non tomou nota do que eu dixen na miña intervención. *(Murmurios.)* No apartado 46 da miña primeira intervención dixen: «Desde a Xunta apoiaremos calquera actuación neste sentido, tanto do Estado como do sector, aportando datos e os argumentos técnicos e xurídicos que sexan necesarios. Se o Estado non presenta recurso, farémolo nós, malia que tería menos posibilidades de prosperar».

Vostede sabe coma min que hai sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea onde din que as rexións non estamos lexitimadas para presentar o recurso, que os únicos que



están lexitimamente lexislativamente apoiados para presentar ese recurso son os estados membros. Por iso dicimos que o Estado presente o recurso, que nós dende as comunidades autónomas todas apoiaremos o Estado e aportaremos todos os argumentos que fagan falta para que presente ese recurso. Pero, se hai que tomar unha decisión política, aínda sabendo que non teremos visos de prosperar presentando o recurso, presentáremolo, porque hai que dar tamén unha instrución política (*Aplausos.*) de que queremos defender o noso sector, e por iso o defenderemos.

Vostede dicíame aquí que o presidente Rueda asuma isto como un tema de Estado. Xa o asumiu, non necesita o presidente Rueda que llo pida vostede. O presidente Rueda xa estivo reunido co sector pesqueiro durante máis de dúas horas e media, cos representantes xurídicos que máis coñecemento teñen nesta materia, como son o profesor Sobrino, como son a doutora Annina Bürgin, da Fundación Marinnleg, e como é o propio asesor xurídico da Xunta de Galicia, onde se manifestou que debemos aportarlles datos e argumentos aos armadores, porque eles si poden ter ese interese lexítimo, porque son directamente afectados, e que a Xunta se pode presentar como coadxuvante dos recursos que presenten todos e cada un dos armadores que decidan presentalo. O presidente Rueda comprometeuse a crear un grupo de asesores que traballara cos avogados que buscaran os armadores para buscar as mellores defensas. Así é que o presidente é o presidente de Galicia, pero neste caso está asumindo a presidencia do Estado. (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede pediumo, vostede pediume que asumira isto como un tema de Estado. Estao asumindo. ¿Que máis queren que fagamos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostedes acúsannos de pasivos, de resignados, dun relatorio que din que fixemos. Non, miren, nada diso. Nin somos pasivos nin estamos resignados, daremos a batalla ata o final, e así o estamos facendo. E estamos traballando cos nosos eurodeputados, que xa teñen pedida a comparecencia do comisario no próximo pleno de Estrasburgo, que teñen pedido aos Xurídicos da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo que ditamine se o comisario se extralimitou nas súas funcións publicando este regulamento de execución. Esa é a maneira que temos de seguir traballando.

E nós dende Galicia todos estes informes (*A señora conselleira do Mar mostra un documento.*) foron presentados por min, tanto á directora da DG MARE como á directora da DG de Ambiente. A secretaria xeral de Pesca e o meu xefe de gabinete daquela, hoxe director de Pesca, si foron a unha reunión de traballo, porque eu non podía acudir ese día. Creo que todos temos algún tema persoal que se pode respectar. Pero foi a máis alta representación da consellería a esa reunión de traballo e alí puidemos apreciar como a Comisión Europea puxo Galicia como exemplo polos informes e polos estudos que aporta de maneira constante para todos os traballos que hai que facer dende a Unión Europea. (*Aplausos.*) Iso pódeoo preguntar, se foi certo ou non foi certo que faláron de Galicia como exemplo, e así o seguiremos a facer. Así é que nin pasiva nin resignada.

Busca de aliados. Claro que si. Xa estiven en xaneiro na Bretaña francesa, xa busquei eses aliados. A rexión de Bretaña está plenamente traballando connosco. Como busquei aliados no resto das comunidades autónomas. Teño que dicir que as comunidades autónomas, ante



a miña petición dunha reunión urxente para tomar acordos en conxunto e traballar dándolle todo o apoio posible ao Estado, dixeron que si, todas. É máis, o conselleiro de Cantabria pediu que se celebrara a reunión en Cantabria, porque é o que ostenta nestes momentos a representación das comunidades autónomas, e, por suposto, dixémoslle que si. E trasladarémonos o venres a Cantabria. E eu estou segura de que Andalucía, Cantabria, País Vasco, Asturias e Galicia manteremos unha unidade pechada ao lado do noso sector e tamén ao lado do noso Estado. Porque a secretaria xeral de Pesca necesita tamén o noso apoio e vaino ter. *(Aplausos.)*

Nós ás veces non contamos cos seus apoios, e iso é triste. Vostede aludía aquí a que non teño reunido o Consello Galego de Pesca. Mire, dende que saíu a noticia, antes de publicarse, antes de publicarse a noticia, nós xa nos reuniamos cos representantes das asociacións máis afectadas, e cos Xurídicos estivo a representante do Instituto de Estudos Salvador de Madariaga e a representante da Fundación Marinnleg. E tivemos esa reunión e alí os Xurídicos dixéronnos: de momento xuridicamente non podemos facer nada, porque aínda non hai ningunha decisión tomada; temos que ir buscando todos os argumentos necesarios para, en caso de que se publique, ver como podemos recorrer.

No mesmo día que se publicou esta resolución volvemos convocar o sector. Reunímonos co sector. O día 5 de xullo o Consello Galego de Pesca —ese que vostede di que eu non convo— elaborou un manifesto, todo o Consello Galego de Pesca, as tres centrais sindicais que están representadas no Consello Galego de Pesca, todos os eslabóns da cadea mar-industria, desde as representantes das mariscadoras a pé ata os representantes da industria de transformación e de comercialización, tamén os representantes da acuicultura. Todos xuntos aprobamos un manifesto, ese manifesto firmárono trinta asociacións do sector pesqueiro. Ese manifesto aporteillo ao Estado, aportéillelo a todas as comunidades autónomas, aportámosllo a toda a sociedade para que a sociedade firmara un manifesto en defensa do propio sector. Era o que o sector pedía, non o que pedía a Xunta de Galicia. Eu non sei se a súa firma está nese manifesto, pero, dende logo, hoxe paréceme que quedou claro que vostede nin sequera leu o manifesto, que busca o apoio de toda a sociedade para defender os intereses lexítimos deste sector. *(Aplausos.)* Esas son as maneiras de facer as cousas.

Unha cousa é que nós sempre imos no mesmo rumbo, temos o temón ben firme, sempre defendemos o sector, a pesar de que algúns nos queiran acusar de que non respectamos o medio ambiente, a pesar de que algúns cambien o discurso en función de se están falando con uns ou con outros; nós non, nós non. Nin os deputados do Partido Parlamentario Popular en Europa nin os deputados no Congreso, nin os senadores no Senado, nin os deputados aquí, nin o Goberno de Galicia, ninguén cambia o discurso se está falando con uns ou con outros.

Porque vostedes ás veces déixanse levar polas modas e nós vímolos denunciando dende hai moito tempo. A presión medioambiental estanos gañando a partida e aquí hai que defender os sectores primarios: a pesca, a gandería, a agricultura. Eses son os sectores que producen alimentos, eses son os sectores que debemos de defender. E se hai alguén preocupado polo medio ambiente —xúrollelo—, eses son precisamente os nosos agricultores, os nosos gandeiros, os nosos pescadores. E así o vimos defendendo dende sempre. *(Aplausos.)*



Eu teño oído sobre o señor Mato e o Regulamento do ano 2016, inténtase dicir que todo isto trae como consecuencia un regulamento que se aprobou no ano 2016. Mire, eu só lle vou dicir unha cousa. No Regulamento do ano 2016, cando foi a votación no Consello de Ministros, a ministra Isabel García Tejerina votou en contra, quedou soa, pero votou en contra, porque era un regulamento que, aínda que se suavizara (*Aplausos.*) a proposta do ano 2012, entendiamos que podía prexudicar o sector. Esa é a forma de posicionarse uns e os outros, esa é a forma. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Millán Mon? Si, teño moitas cousas para dicirlle... Si, si... Non se preocupe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se preocupe, que llo vou dicir; se vostede o pregunta, voulo dicir.

Mire, o Regulamento do ano 2016 empezouse a tramitar no ano 2012, ¿vale? O texto aprobouse na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en primeira lectura o 4 de novembro do 2013. *Los eurodiputados del PP, la señora Carmen Fraga y Gabriel Mato, denunciaron la radicalidad de la propuesta de la Comisión Europea de prohibir ciertas artes de pesca.* Intervención de Carmen Fraga Estévez no pleno do Parlamento de Estrasburgo. Vou ler literalmente: «*Señor presidente, yo venía aquí con un discurso preparado, pero al llegar a este pleno me acabo de enterar de que un compromiso que ha llevado muchos meses trabajarlo y hacer que sea un compromiso serio, ahora resulta que es boicoteado por el ponente y por el Grupo Socialista. Dicho esto, señora comisaria, usted sabe muy bien que su propuesta es una propuesta cuyo punto de partida es absolutamente radical, injustificado y discriminatorio*».

E continúa Gabriel Mato: «*Señor presidente, para algunos en política parece que vale todo y los compromisos no valen nada. ¡Qué pena! Lamentablemente en esta cámara hay quienes quieren erigirse en los únicos centinelas de los recursos pesqueros, ignorando que los verdaderos centinelas de los recursos pesqueros son precisamente los pescadores; esos mismos pescadores a los que la propuesta de la Comisión aboca a una situación irreversible si, tal y como pretende, se prohíbe el arrastre y el enmalle de fondo para la pesca de especies de profundidad. Las consecuencias serán económica y socialmente catastróficas*».

Esta é a postura duns e doutros. ¿Recórdolle quen era o ponente do Regulamento do ano 2013? (*Aplausos.*) Un socialista, un socialista. E foron quen de boicotear os acordos aos que chegaran o ponente socialista co Grupo Popular e co Grupo dos Conservadores e Reformistas e posicionarse ao lado dos Verdes.

No ano 2014 continuou este regulamento en tramitación. Daquela a ponente era unha socialista, Isabelle Thomas, e querían prohibir a pesca en profundidades superiores aos 600 metros. Suavizouse este regulamento grazas ao traballo, entre outros, de Paco Millán Mon e de Gabriel Mato.

E o Regulamento do ano 2016 permitiunos convivir ata o de agora. ¿Por que? Porque se prohibía o uso de artes de fondo en profundidades de 400 a 800 metros, suavizábanse aqueles 600. E, ademais, no Regulamento do ano 2016 dise que se preservaría a huella pesqueira. Quere isto dicir que nas zonas onde estaba traballando o sector podería seguir traballando, e non isto que nos veñen facer agora e botándolle a culpa ao Regulamento do ano 2016.



Miren, eu creo que non se trata de andar botando balóns para aquí nin balóns para alí. (A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non, non... Eu non o dixen, perdoe vostede. Perdoe vostede, eu mantivenme sempre en defensa do Goberno de España para defender o sector pesqueiro. Son outros os que nos medios de comunicación están intentando trasladarlle á sociedade que os culpables son os eurodeputados do Partido Popular. E iso non o vou consentir, porque é falso de toda falsidade, como acreditan todos os documentos. (Aplausos.)

Mire, a forma que temos de traballar nós está ben clara: con informes que se aportan á DG MARE, con reunións de traballo, buscando os argumentos suficientes dende o punto de vista xurídico que nos permitan rebater esta situación.

Eu o que pido e o que demando é que esa unidade que hoxe todos aquí deixaron de manifesto se manifeste tamén diante da sociedade. Hai un manifesto elaborado polo Consello Galego de Pesca, en representación de todo o sector pesqueiro, e eu pido que toda a sociedade galega firme ese manifesto. Se o comisario de Medio Ambiente é quen de dicir que ten trinta mil firmas que lle pedían a aplicación deste regulamento, imos darlle tres millóns de firmas que digan que non é preciso facer este regulamento.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Seguimos coa rolda especial de aclaracións.

Grupo do Partido Socialista, dona Patricia.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Vou empezar polo final da intervención da conselleira, que animaba a todo o mundo a firmar ese manifesto. Eu quero recordar que aquí queren levar un pouco *el ascua a su sardina*, señora conselleira. Porque vostede —e ben o dixo a señora Pérez na súa intervención— sabe que ese manifesto non é tal cal, non está reflectido o veto, ou sexa, que manifestemos o noso rexetamento á decisión da Comisión Europea de prohibir a pesca de fondo. Non é o que está recollido nese manifesto, ese manifesto que, por certo, agora a Xunta de Galicia está remitindo con moita prisa a todos os concellos galegos para que asinen. Ese manifesto vai noutro sentido, e vai no sentido da reforma da política pesqueira común, señora conselleira. E vostedes o que están agora é empregando ese manifesto poñendo na folla onde hai que asinar que tamén é en contra da decisión da Comisión Europea da pesca de fondo. É que só fai falla ler ese manifesto, señora conselleira, e ata onde sei, ler sei, ler sei, señora conselleira. (Aplausos.)

Mire, señora conselleira, eu creo que na miña primeira intervención tiveron un ton amable, a man tendida do PSdeG para loitar tamén a carón da Xunta de Galicia, tamén a carón do Goberno de España, contra este agravio tremendo da Comisión Europea cara ao noso sector pesqueiro, que pode supoñer a ruína dunha parte importantísima da nosa frota; eu creo que en todo momento tendín a man a seguir colaborando. É certo que nalgún momento eu cri-



tiquei un pouco que non houbera esa antelación que criamos necesaria por parte da Xunta de Galicia, pero tiven un ton creo que cordial, amable e para nada estiven a criticar nin a sacar temas do Regulamento de 2016.

Pero a verdade é que a señora Egerique volveu a esta tribuna no mesmo ton que o día de hoxe. Mire, señora conselleira, vostede branqueou a súa voceira, porque agradeceulle o labor, o traballo, non sei que, pero é que o ton e as mentiras que dixo a señora Egerique nesta tribuna son lamentables e é patético que a día de hoxe (*Aplausos.*) vostede chora —e eu comparto ese pesar que vostede pode ter polas consecuencias que ten a nosa frota—, pero vostede mantén unha actitude totalmente distinta á que está a manter a señora voceira de pesca do seu grupo.

Porque foi lamentable, foi patético e volveu aquí cos argumentos de onte criticando o Goberno, e vostede incluso chegou tamén a coller os argumentos da voceira de pesca criticando o señor Garzón, que, dende logo, non estivo para nada acertado nas súas declaracións —eu iso compárto—. Pero, claro, criticou e dixo que o Goberno de España non estaba a loitar a prol do problema que tiña o sector pesqueiro. E vostede sabe que nese momento das declaracións do señor Garzón, ¿onde estaba o ministro Planas?, ¿onde estaba o ministro Planas? Pois estaba nese Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea defendendo o sector (*Aplausos.*) E o sector ben o sabe, señora conselleira, porque só fai falta abrir un pouquiño os xornais estes días e ver que o sector aplaude o posicionamento do Goberno de España, a través do ministro de Pesca.

Polo tanto, señora conselleira, a verdade é que empezaba a súa intervención buscando eses acordos, pero despois xa intentaba rachalos, como intentou rachalos tamén a voceira popular. Porque, señora Egerique, nesta cámara chegamos a acordos única e exclusivamente cando o Partido Popular trae as iniciativas, porque cando as plantexamos dende os grupos da oposición é o «non polo non» e a verdade é que o explicou moi ben a señora Pérez en todo o que estivo a acontecer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

É que claro, despois, a señora conselleira empezaba xa co tema das votacións, dos eurodeputados, porque os únicos eurodeputados que parecen defender a pesca son os eurodeputados do Partido Popular. Eu, señora conselleira, só lle lanzo dúas preguntas: ¿quen foi o ponente dese regulamento do ano 2016?, ¿quen foi? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale. Pois non hai máis que dicir. Nós o que dicimos é que daquel regulamento do ano 2016 (*Murmurios.*) Gabriel Mato non advertiu das consecuencias que se poderían dar, e estamos no escenario que estamos a día de hoxe. E, ademais,... (*Murmurios.*) Si, señora conselleira. (*Aplausos.*) Pero imos ver, ¿non é consecuencia...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, non!, claro. Pois iso é o que estamos a dicir.

E, ademais, menten, porque tamén ¿que votou o señor Millán Mon? Votou a favor. Polo tanto, demos tamén toda a información.

Por certo, ese eurodeputado, Gabriel Mato, que ultimamente se dedica a contar mentiras; mentiras cando o outro día na prensa dixo que o Partido Popular fora o único que quedara só na votación da Comisión de Medio Ambiente de Europa, dicindo que pedían rexeitar a in-



clusión da quenlla no apéndice 2 de CITES. E dixo Gabriel Mato: nós, o Partido Popular, fomos os únicos que votamos en contra. Mentira, señora conselleira. A acta da votación está aquí. *(A señora Otero Rodríguez mostra un documento):* 17 votos na Comisión de Medio Ambiente do Grupo Parlamentario Popular Europeo, entre eles Gabriel Mato. Despois din que o noso eurodeputado votou a favor da inclusión no apéndice 2 de CITES da quenlla, cando nin sequera o noso eurodeputado estaba nesa votación. E voulle deixar a acta da votación á Presidencia da Cámara. *(A señora Otero Rodríguez entrégalle un documento á Presidencia.) (Aplausos.)*

Polo tanto, señora conselleira, a vostede, que nun primeiro momento empezaba nun botón, nós seguimos tendéndolle a man, imos a carón da Xunta de Galicia en todas esas medidas que articule para loitar contra esta decisión inxusta.

E mire, no tema do recurso, eu pedinlle tamén na propia emenda que presentamos á iniciativa do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—e remato, presidente— que a Xunta de Galicia interpuxese ese recurso ante a Xustiza europea; ¿por que?, porque vostede mesma o dixo. Hai semanas dixo: a Xunta de Galicia presentará directamente ese recurso. Agora recúan e di: se non o presenta o Goberno de España, presentarao a Xunta de Galicia. Polo tanto, eu, señora conselleira, se fora a conselleira do Mar a día de hoxe, eu presentaría este recurso para defender os intereses da pesca galega. Pero, ¿por que non o fan? *(Murmurios.)* Non, non, pídenlle... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...rapidez, pídenlle premura ao Goberno de España. Polo tanto, nós, en Galicia —que somos os máis prexudicados por esta decisión— ...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...se fora a conselleira do Mar, presentaría o recurso... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ¡Ah! ¡Sábelo ti! *(Murmurios.) (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, ¡silencio!

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...pero se a conselleira dixo... *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que, se non o presenta o Goberno de España...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ... o presentará ela. E, ademais, hai unhas semanas dixo que directamente o presentaría a Xunta de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, é igual.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Aí está a hemeroteca.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, trinta anos ao lado do sector. Nós pensabamos que os trienios non era o único que daba lexitimidade para defender un sector. Nós pensamos que a experiencia, evidentemente, é moi importante, pero pensamos que é moito máis importante o compromiso, a responsabilidade e a actuación caia quen caia. Iso é o fundamental. *(Aplausos.)*

E, señora conselleira, vostede mesma o dixo —volveuno repetir—: imos presentar o recurso se o Goberno español non o fai. Porque —engadiu vostede— *(Murmurios.)*... Eu síntoo moito, señora conselleira, isto vaille no soldo, jeh!; claro, vaille no soldo; ten que escoitarme, igual que eu a escoitei a vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perfecto. Ben, pois dicíalle, señora conselleira, que vostede mesma repetiu que, se o recurso non o presenta o Goberno español, o presentarán vostedes, despois —como dixen antes— de anunciar durante meses que o presentarían. Ben, imos borrarlo e imos situarnos no día de hoxe. Ben.

E engadiu vostede a iso: e claro que o imos presentar nós se o Goberno español non o presenta, aínda que sexa para que o sector saiba que ten o noso respaldo. Pois iso, señora conselleira, é o que lle pide o Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, pero non se o Goberno español non o presenta. Vostede, señora conselleira, polos datos que antes deu e mais polos que din eu, é a ministra de Pesca deste país, a máxima responsabilidade. *(Aplausos.)* E vostede é a que ten que estar á fronte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Silencio. Falou nun sentido metafórico.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: A ver. Pero imos ver... *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Vostede, señora conselleira, é a ministra de Pesca deste país e, polo tanto, ten que ser vostede quen lidere precisamente e acompañe e dea respaldo absolutamente a todas as actuacións. E non é mesmo acompañar ou presentar un recurso se non o presentan outros —é dicir, ir a rebufo— que liderar e encabezar precisamente a loita contra esta decisión, que é, evidentemente, gravísima.

E, señora conselleira, os trinta anos que leva ao lado do sector, nós, de verdade, apreciamos que non lle deron aínda —non sei— a suficiente base como para dicir cousas que vostede dixo aquí hoxe, e voulle poñer un exemplo. Cando vostede leva meses... e hoxe outra vez, ben, descúlpeme —e esta é unha paréntese pequeniña—, non creo nin que vostede nin que eu nin que ninguén esteamos tan afectados, tan, tan, tan, tan afectados —por máis que leve vostede trinta anos ao lado do sector— como todas as persoas que van ter que ir para a casa. (*Aplausos.*) Non, non, señora conselleira, non.

Ben, en todo caso, o que lle quero dicir: liderado, impulsar actuacións. E voulle dicir o que lle dixen antes: unha cousa é o que se di —no caso da Consellería de Pesca e do Goberno galego— e outra é a que se fai. Porque, mire, vostede di que o presidente da Xunta ¿como que non estivo ao lado do sector? —dixo vostede—; o presidente da Xunta, ¿que querían vostedes que fixera? O presidente da Xunta non actuou como presidente da Xunta; non, señora conselleira. Insístolle: unha cousa é o que se di e outra o que se fai, porque mentres vostede mesma estaba laiándose e criticando, efectivamente, a posición da Comisión Europea, o señor presidente da Xunta ¿sabe o que estaba facendo? Unha rolda de prensa cos acordos do Consello da Xunta do xoves pasado, onde, sen ningún tipo de sensibilidade e de respecto polo problema máis grave que temos enriba da mesa, anunciou —como se non pasara nada co sector da pesca— a primeira plataforma eólica mariña enfronte da Coruña. (*Aplausos.*) Señora conselleira, sen o respaldo do sector e sen o aval do Observatorio Galego de Pesca... (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, totalmente certo, señora conselleira, *lo sé de primera mano*, (*Murmurios.*) garántollo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perfecto, ben, perfecto. Non ten o aval do Observatorio e non ten o aval do sector. Pois iso é dicir por un lado e facer por outro.

E aínda lle vou dicir outra máis. Mire, dicir por un lado e facer por outro porque, claro, non ten coherencia o que vostede di co que logo fai o Goberno galego. A nosa declaración institucional de hoxe foi rexeitada porque o Partido Popular pretendía —evidentemente, recibindo ordes da Consellería de Pesca, ¿non?, a ninguén se lle escapa— que, en vez da nosa declaración institucional —igual que pasou anteriormente coa do PSOE—, pois nos comprometeramos aquí a facer deste manifesto (*A señora Pérez Fernández mostra un documento.*), efectivamente, que elaborou o Consello Galego de Pesca, a declaración institucional deste parlamento.

Mire, señora conselleira, xa que falamos de anos, no ano 1986, cando vostede estaba ao lado do sector, nós tamén estabamos... (*A señora conselleira do Mar pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, pois nós xa estabamos antes, antes que vostede. Mire, ¿sabe onde estabamos? Estabamos nas rúas, ao lado do sector..., (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...dicindo: Unión Europea, ruína da pesca galega. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Ben.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente.

Señora conselleira, este manifesto (*A señora Pérez Fernández mostra un documento.*), por moito que sexa do Consello Galego de Pesca, non o podemos aceptar na súa totalidade. Só lle vou ler dúas frases, porque nós non podemos aceptar textualmente cando di: «*tendo sempre en conta os lexítimos intereses do conxunto do sector pesqueiro dentro dos obxectivos da PPC*», ou: «*introducíronse importantes melloras...*», —está falando da PPC, da política pesqueira común—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...«*...sempre propostas e lideradas pola Comisión*». Señora conselleira...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...unha cousa é este manifesto, onde vostedes loan unha política pesqueira común —que é a que nos trouxo aquí a este momento no que estamos—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e outra cousa é a defensa e estar en contra desta decisión da Comisión Europea.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou tempo.

(*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señora Pérez, ¿a onde temos que marchar para falar do tema de hoxe? Mire, se daquela vos-
tedes tiveran gobernado, é que non estaríamos pescando, é que daquela non teríamos posi-
bilidades de pesca. (*Aplausos.*) É que acaba de negar vostede a maior, ¡acaba de negar a maior!



E, claro, se partimos desa premisa que vostede di e hoxe o desenlace vén da man dunha persoa que é socia súa no Goberno de Bruxelas, branco en botella, todo vén da mesma orixe.

Señora Pérez, mire, vostedes estiveron trinta e seis anos na oposición, catro tocaron Goberno, compartido con outro partido, co Partido Socialista —tres e medio—, e na pesca o único que pedían era que marcharan, (*Murmurios.*) porque, tamén, de continuar así, e cos desguaces, non teríamos barcos.

Polo tanto, miren, as persoas cando votan saben o que fan. Cando falamos de política pesqueira e cando falamos de que leva Rosa Quintana trinta anos traballando en favor da política pesqueira, tamén os galegos o saben, o sector sábeo.

O Consello Galego de Pesca ten total liberdade para escribir, para redactar e para pedir o que en cada momento cre que é máis beneficioso para eles (*Murmurios.*) e a consellería e o propio Grupo Parlamentario Popular apoia iso; por iso hoxe cremos que ese manifesto é o máis axeitado.

Falamos tamén agora de sentimentos, de actitude; dá para todo o debate, dá para todo. E veñen tamén meter, á parte de Ence —que xa o dixen—, a eólica. Dá para todo, o caso é enredar, o caso é facer un batiburrillo. Pero imos centrarnos, porque aquí vostede nada, nin pío dos Verdes, nin pío de rebaterme —como xa me dixo noutras ocasións—, porque agora xa por fin sabe exactamente que están nese mesmo grupo.

Mire, tamén —señora Otero— hai que ser do Partido Socialista de Galicia para ser tan enrevesado —vaime permitir a expresión— (*Murmurios.*) porque a cábala que fixo vostede co manifesto, o enredo que fixo e as conclusións que sacou non as entende ninguén, salvo vostedes; pero tamén son as conclusións que saca o señor González Formoso cando escribe os artigos, que soamente os entenden vostedes. O problema é —como di a conselleira— que o faga nos medios de comunicación e que queiran trasladar medias verdades, que queiran trasladar imprecisións e relatos que non son verdade. Polo tanto, creo que iso é importante sabelo, é importante dicilo e transmitilo tamén aos medios de comunicación.

Mire, o Grupo Parlamentario Popular está en plena sintonía coa Xunta de Galicia. Fala vostede da actitude e a personalidade que ten Rosa Quintana, que teño eu e que ten calquera dos meus compañeiros deputados. Cada un temos unha forma, por suposto, pero estamos en plena sintonía e temos ademais o mesmo argumento en todas partes, como dixo a señora Quintana.

E fala tamén vostede aquí de romper acordos, cando acabamos de votar e de seis PNL votamos catro por unanimidade, dúas da oposición. E se achegamos o listado —que non me deu tempo a buscalo— de todo o que levamos no período de sesións, probablemente vostede quede sorprendida de todas as iniciativas que o Partido Popular aproba en comisión e en pleno que parten da oposición. Porque só temos unha cousa, que é Galicia, Galicia e Galicia, (*Aplausos.*) Galicia, Galicia.

Señora Otero, nós en Galicia, as comunidades autónomas afectadas facendo unha fronte común con Planas e vostede aquí exercendo de ministra de Pesca ou de conselleira de Pesca



sen realmente darlle a razón ou o apoio, que é o que necesita agora, a Xunta de Galicia e a señora Quintana, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) con total lealdade ao ministro, sen ningún tipo de acusación. (*Murmurios.*)

Ben, eu quero dicir que é un orgullo que Galicia sexa exemplo, señora Quintana, en moitas cousas, non só en materia de pesca, pero en materia de pesca sobre todo, para outras rexións e para moitas rexións europeas, non só de España. É un privilexio, ademais, señora Quintana, aprender da xestión pesqueira dende Galicia, dende as filas do Partido Popular —isto xa o digo a título persoal—, con persoas que traballaron moito —como dixo vostede—, como foi Carmen Fraga, como foi García Tejerina, como foi Loyola de Palacio, como é Millán Mon, como é Gabriel Mato, como é vostede mesma, Rosa Quintana. Un orgullo e ademais un privilexio poder aprender de todos vostedes. Mulleres e homes que traballaron sempre pola defensa da pesca nos períodos de sesións do Parlamento Europeo, nas declaracións, nas votacións.

Mire, ninguén é perfecto, hai erros, pero nós estivemos sempre, é que non hai ningunha declaración que poidan rebater vostedes no Parlamento Europeo que non tivera sempre en conta as posibilidades ou as ameazas que podería ter unha política sustentable e medioambientalista radical sobre a pesca. E, polo tanto, nós non temos nada que agochar. Ao revés, o Partido Popular é sempre o que estivo preto do sector.

Ben, non hai dúbidas —como digo—, non hai fisuras. E digo: mire, decisións como estas, señora Quintana —dicíao eu onte tamén na defensa da proposición non de lei—, son preocupantes porque poden dar entrada a peixe doutros países —vostede tamén o dixo en declaracións aos medios de comunicación—, porque van en detrimento de Galicia e en detrimento de España e en favor doutras economías. E aquí parece que hai un ministro do Goberno de España, do que renegan ou que non lles importa que non se entere de nada, pero é de consumo; e o consumo de peixe tamén é unha das prioridades que temos que ter nas políticas de futuro todos. E, polo tanto, o ministro de Consumo de España non pode ter un descoñecemento absoluto da importancia que ten este veto para a pesca.

Polo tanto, seguiremos, señora Quintana, no apoio ás súas políticas, porque sabemos que ademais están sustentadas en datos e en informes, e seguiremos debatendo e defendendo todo o que sexa posible xa no último momento e xa coas últimas opcións, con ese informe en novembro, con ese posible recurso, para que isto non sexa unha realidade e se poida reverter.

Pola miña banda, nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche da comparecencia, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que non deixo de sorprendeme. Critícanme porque non convoco o Consello Galego de Pesca, pero logo, cando o Consello Galego de Pesca elabora un documento



onde el expón libremente o que el considera que debe de manifestar, iso non se pode firmar, non, porque non fala das zonas vulnerables. Eu non sei, pero vou ler un pequeniño parágrafo que vai dentro dese manifesto. Di: «Estimamos vital a discusión sobre os límites entre a política pesqueira e ambiental; ambas deben ser aliñadas, sen que unha prevaleza sobre a outra. Con todo, preocúpanos observar como a política ambiental vai aos poucos imponéndose á pesqueira. O caso recente da proposta de establecer 94 áreas sensibles na fachada atlántica mediante un proceso xurídico-administrativo no que a industria pesqueira apenas foi consultada constitúe un exemplo do que non se debe facer». Iso vai posto no manifesto. Din que non se fala das zonas de pesca.

Eu non elaborei o manifesto; señores deputados do meu grupo, poden estar tranquilos, non o redactei eu; redactouno o Consello Galego de Pesca, ese que me din que teño que convocar, pero se o convoco e fan manifestos e logo non o firman, ben, isto é un despropósito total, total. *(Aplausos.)* Falen un pouquiño co sector. Dinme que estou intentando arrimar a ascua á miña sardiña mandándolles a toda présa e a todo correr a todos os concellos o manifesto para que o firmen. Só cumpro o mandato das cousas que acordamos na reunión co presidente da Xunta a semana pasada. O sector pediume recoller firmas e pediume que lles enviara unha carta a todos os concellos do litoral para que se adheriran ao manifesto. E o sector acordou, ademais, que poñerían eles mesas tamén nas súas asociacións para recoller firmas. E o sector pediume ademais que en Conxemar, que vai ser unha feira que vai haber a próxima semana en Vigo, onde vai moitísima xente que ten impacto sobre a cadea mar-industria, poñamos unha mesa para recoller firmas. Pediumo o sector e vouno facer, ¡claro que o vou facer! *(Aplausos.)* Pero non estou arrimando a ascua á miña sardiña, estou dando cumprimento aos acordos que me pide o propio sector.

Señora Otero, eu non minto, e, ademais, todo o meu gabinete sabe que cando alguén me chama mentirosa me sae unha cousa por aquí que xa perdo o norte. *(Murmurios.)* Eu non minto, e Gabriel Mato non mente. O Partido Popular quedou só na votación da emenda número 15 do documento CITES, onde se dicía a prohibición da quenlla. O Grupo Popular quedou só. *(Murmurios.)* E eu recórdolle: ¿vostede coñece un tal César Luena, un señor Javier López? *(Murmurios.)* ¿Coñece eses dous señores eurodeputados socialistas? *Votaron a favor de la inclusión, se quedó solo el Grupo Popular votando en contra de esa enmienda. (Aplausos.) Perdimos... La documentación final del documento... ¡Home, pero imos ver! Mire as emendas, mire as emendas, mire quen votou o que. Non enganen a xente. (Aplausos.)* En fin...

Eu pediríalle tamén, á parte de que fale co señor César Luena e co señor Javier López, que supoño que vostede terá vía directa con eles, qué votaron na emenda número 15 da lista do CITES, e se me di que votaron en contra, ben, eu entón veño aquí e pido perdón e voume para a miña casa, porque eu non minto nunca. Pero aquí o único que se posicionou en contra da emenda número 15 foi o Grupo do Partido Popular. Iso é así e está nas actas. *(Murmurios.)*

Tamén lle recomendaría á señora Pérez, que supoño que xa o oíu, que oíra os comentarios da señora Caroline Roose o 12 de xullo do 2022 na Comisión de Pesca; é da Alianza dos Verdes; estaba moi satisfeita con este regulamento de execución. *Nada más que decir.* Se non teñen a intervención, eu pódollela pasar a todos por WhatsApp.



Dinos a señora Otero tamén, como quere botarlle a culpa de todo ao señor Gabriel Mato e ao señor Millán Mon polo Regulamento do ano 2016, que o votaron a favor; claro, votárono a favor porque o Regulamento do ano 2016, como ben digo, suavizou moito a proposta que fixera o Grupo Socialista, emendouse moito, arreglouse, e, de feito, non nos deu ningún problema ata agora, non nos deu ningún problema.

Pero eu pódolle dicir: a señora Clara Aguilera non é do Partido Popular, ¿verdade?: *Los colegas que me han antecedido, felicitar especialmente a la ponente Isabelle Thomas, a mi colega, pero a todos los ponentes alternativos igualmente por haber llegado a este importante y gran acuerdo. Como ha dicho alguien que me ha antecedido, yo creo que es un gran acuerdo, porque todos estamos parcialmente satisfechos.* Pepe Blanco —tampouco é do Partido Popular—: *Se trata de un buen acuerdo que garantiza una actividad sostenible en el Atlántico nororiental y es el resultado de una intensa negociación con el Consejo que viene de la legislatura anterior, y por eso felicito a la señora Thomas.* A señora Linnéa Engström —esta é máis dos Verdes—: *En primer lugar, me gustaría felicitar a la ponente por completar con éxito este importante acto legislativo que ya se inició el pasado trimestre.*

Todos estaban satisfeitos. No Regulamento do ano 2016 non se lle pode botar a culpa a Paco Millán, digo eu, porque... (*Murmurios.*) En fin, estas son as cousas y así se las hemos contado.

Pero a señora Pérez aquí, claro, busca Ence, a eólica mariña, di que o presidente non sei que. Mire, eu formo parte do plenario do Observatorio da Eólica Mariña. Galicia foi unha vez máis exemplo e, cando vimos como viñan os tiros da Unión Europea, decidimos crear o Observatorio da Eólica Mariña. E nese observatorio están representantes do sector e representantes das empresas que traballan no metal. E hai unha premisa moi clara nese observatorio: Galicia non apostará pola enerxía eólica mariña se afecta a actividade pesqueira. Esa é a liña vermella que non imos consentir que se pase; esa é, e que lle quede claro. (*Aplausos.*)

No observatorio, nos diferentes grupos de traballo que levan mantido dende que se creou, temos dito que non sabemos exactamente que impacto pode ter a enerxía eólica flotante nos hábitats ecosistémicos mariños. E o propio observatorio estivo de acordo en que o mellor sería facer unha experiencia para poder comprobar se había danos ou non había danos.

Nestes intres o Ministerio de Transición Ecolóxica saca unha convocatoria pública para proxectos experimentais sobre a enerxía eólica. ¿Que pode facer Galicia? Presentarse a ese proxecto para poder facer unha experiencia, para poder facer os estudos, para ver se nos vai afectar ou non nos vai afectar. E isto está en coordinación co Observatorio da Eólica Mariña.

O que anunciou o presidente da Xunta é precisamente que Galicia presentará un proxecto a esta convocatoria pública para poder desenvolver esa experiencia. Ben, pois eu creo que iso non vai en contra de ninguén nin se fixo a espaldas de ninguén, porque, como ben digo, o resto das comunidades autónomas poñen de exemplo a Galicia, onde, nun primeiro momento, cos primeiros que se falou foi co sector pesqueiro. Estamos dando cumprimento ao que di a Unión Europea: *Para desarrollar esta energía, hablen con el sector, tengan todos los conocimientos científicos posibles.* E iso é o que estamos a facer, nada máis nin nada menos.



Vostede dime que os trienios non é unha garantía de compromiso e de responsabilidade. Xa sei que os trienios non son unha garantía. Pero vostede veu aquí presumindo de trienios e falou de que no ano 1986 estaban nas rúas defendendo o sector para non entrar na Unión Europea. Se non tiveramos entrado na Unión Europea, hoxe non habería actividade pesqueira en Galicia, dígollo eu. *(Aplausos.)* Con todos os males que ten a Unión Europea, tróuxonos moitas cousas boas e hai que sabelo recoñecer.

Pero vostedes, coma sempre, están nas algaradas, están na rúa, pero cando chegou o momento decisivo, que tiveron a posibilidade de gobernar en Galicia no ano 2005, non foron quen de coller a Consellería de Pesca, non a quixeron no ano 2005. ¿Por que? Porque se está moito mellor na oposición. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque ter responsabilidades de goberno é ter responsabilidades de xestión. E nós temos un compromiso firme dende sempre con este sector, en todas e cada unha das actividades que se desenvolven en Galicia.

E vostede hoxe aquí puido citar datos da importancia que ten esta cadea aquí en Galicia, grazas ás táboas *input-output*, unhas táboas que empezamos a facer no ano 1995 e que facemos co Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago. Supoño que vostede coñece moi ben a profesora Carme García Negro e o profesor Gonzalo Rodríguez. Son dúas persoas especialistas en economía pesqueira e son as dúas persoas que traballan dende o ano 1995 facendo estas táboas. E, ¡home!, non é por nada, pero eu xa non vou dicir nada máis do meu compromiso e da miña responsabilidade que o que dixó o profesor Gonzalo Rodríguez o luns cando presentou estas táboas. Está recollido nos medios de comunicación, pero, por se alguén non o leu, porque aquí parece que lemos a prensa segundo nos interesa, o profesor Gonzalo Rodríguez na súa intervención dixó: «Non é por casualidade, non estamos onde estamos porque si nin por casualidade. Se a produción do sector do mar aumentou nun 50 % en oito anos, é porque se investiu moito en todos os eslabóns da cadea, pero tamén porque se investigou e se analizou moito e se proxectou con sentidiño cada paso antes de dalo. Galicia ten un sector do mar ben documentado e iso permite tomar decisións na mesma liña. Mentres algunhas cabezas pensantes apostan dende institucións europeas por prohibir por exemplo a pesca de fondo en 87 zonas, Galicia pon sobre esa mesa de debate a necesidade de analizar como sobrevivirá a industria pesqueira dependente dela». Non o di Rosa Quintana, dío o profesor Gonzalo Rodríguez. *(Aplausos.)*

De verdade, sen acritude, dáme igual a semente de dúbidas que vostedes queiran trasladar á sociedade. O sector pesqueiro galego e o sector pesqueiro español saben que en Galicia sempre van encontrar uns aliados que van seguir defendendo a súa actividade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Damos continuidade á sesión plenaria. Imos ao punto 5.1 con interpelacións.

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o servizo de transporte público por estrada

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

Hoxe traemos ao pleno deste Parlamento unha interpelación para falar da verdadeira desfeita, do caos e da falta de planificación que presenta actualmente o servizo público de transporte de Galiza.

Quero comezar dunha forma que ao mellor lles parece un pouco atípica, que é valorando positivamente dúas medidas que implementou a Xunta de Galiza, e nomeadamente a súa consellería, para o fomento do transporte público. Agora tamén, se lle digo que van ir con bastantes matices, isto supoño que non será *spoiler* para ninguén, pero cando menos si que queríamos resaltar esas dúas medidas que consideramos positivas. Por un lado, eu creo que é obrigado falar da bonificación implementada este mes de setembro, que terá a súa finalidade o 31 de decembro, unha bonificación para o transporte por estrada do 50 %, o 30 % por parte do Estado e o 20 % por parte da Xunta. E, como lle dicía agora ao principio, a nós parécenos ben, parécenos positivo que se bonifique o transporte nun momento moi complicado a nivel económico; cunha crise enerxética e de subida dos prezos brutal, entendemos que facer máis accesible o transporte público para o conxunto da sociedade galega é algo positivo. Si que o primeiro matiz que deberamos introducir é que, dentro do que nós entendemos, este tipo de bonificacións sería máis positivo que seguiran criterios de carácter social e non xeral, pero bueno, entendo que esas son cuestións de matiz e sobre todo que xa se deberan formular estas cuestións para unha planificación de bonificacións moito máis alá do que é o 31 de decembro.

De todos os xeitos, aínda que consideremos esta medida —como algo illado— de forma positiva, a nós resúltanos bastante complicado entender que esta sexa a medida estrela da Xunta para o fomento do transporte público e para un pouquiño atallar a situación que levamos vivindo todos estes anos co transporte público. Entendemos que se vemos esta medida dentro do contexto en que se atopa, vemos que é unha medida, aínda que positiva, complementaria, e sobre todo que non vén levar a cabo ningunha modificación estrutural dos problemas que ten o servizo de transporte público; unha medida, como lle digo, complementaria, positiva, pero que non ataca o núcleo do problema do transporte público, que leva xa dende algúns anos nunha situación bastante lamentable. Non é a primeira vez que traemos aquí unha cuestión sobre a precarización do sistema de transporte público, as súas deficiencias, os incumprimentos reiterados; xa o sabe vostede que non é a primeira vez que o traemos aquí, nin é a primeira vez que os usuarios, usuarias, pequenas e medianas em-



presas de transporte, ou traballadores e traballadoras llo din, e os propios Concellos tamén llo din, que existen estas deficiencias e esta situación caótica.

Esta medida —a da bonificación—, alén de responder a unha cuestión que nós entendemos de necesidade, como lle comentaba, da subida dos prezos, a crise enerxética e demais, nós o que entendemos é que, realmente, para o fomento do transporte público, o que temos que ver é a calidade do servizo que estamos dando, ou que están dando dende o Goberno da Xunta, alén do prezo. Loxicamente, o prezo ten que ser accesible pero non pode ser o único que conte para o fomento do transporte público ou para medir a calidade do transporte público que temos no día de hoxe. E aquí está o tema fundamental, xa que de pouco vale abaratar os billetes cando estamos ante un servizo que presenta deficiencias e incidencias moi claras.

Moitas veces, a Xunta de Galiza fala do Plan de transporte público como unha revolución; eu quero tamén darlles a razón nisto, aínda que ao meu pesar, a verdade, porque o problema é que vostedes conseguiron levantar a máis de medio país en contra do Plan de transporte público, unha verdadeira revolución sen dúbida. E non é só iso, senón que o curioso é que a Xunta de Galiza co paso do tempo, co paso dos meses da aplicación e implementación deste Plan de transporte, vemos como queda cada vez máis soa na defensa deste modelo, aínda que tamén lle teño que dicir que iso ten un matiz porque soa non queda, senón que teñen con vostedes a Monbús, levando o 80 % das liñas deste país á precarización do servizo e os incumprimentos reiterados dos contratos (*Aplausos.*)

O fomento do transporte público conséguese dando un servizo de calidade, un servizo que responde ás necesidades dos usuarios e usuarias, e iso é algo que non temos. Decía agora mesmo que teñen a medio país en pé de guerra porque practicamente ningunha comarca do país se libra da eficiencia do servizo nin dos incumprimentos dos contratos desta empresa concesionaria: autobuses que chegan tarde de xeito sistemático, outros moitos que non pasan, sen xustificación ningunha, usuarios ou usuarias que quedan tiradas sen acceder ao servizo porque non hai prazas suficientes, vehículos en mal estado, e unha longa listaxe de incumprimentos que existen diariamente no noso país. E non llo digo eu só, non llo di o BNG, senón que aquí temos algúns —non son todos os que hai pero son algúns— dos recortes de prensa que fun seleccionando deste mes: «Críticas de Bergondo polos atrasos no autobús: “Antes tiñamos un bo servizo e agora non”», directamente contra o Plan de transporte público da Xunta; «Betanzos exige á Xunta “reforzos urxentes” dos buses por atrasos e insuficientes prazas»; «Queixas ao modificarse ou “voar” horarios do autocar para Ames, Piñeiro e Covas»; «Blas García exige explicacións á Xunta por deficiencias no transporte metropolitano en Ames» e ademais falando concretamente de que o que piden é que se cumpra o que estaba no proxecto de licitación que despois foi firmado, facendo alusión aos incumprimentos reiterados dos contratos, «fallos continuados nos lectores de tarxetas bono», «os autobuses pasan antes de tempo cun retraso importante ou simplemente non pasan» e un longo etcétera. E o que temos por parte da súa consellería son anuncios, no mellor dos casos, ou parches, porque lle acabo de ler dous titulares do Concello de Ames solicitando unha mellora do transporte público cando vostedes xa anunciaron reforzos; estas novas son de hai nada, son de antes do verán, pero xa en febreiro a Xunta e o Concello reforzaron o transporte en Ames, estamos despois do verán e séguense queixando de que esa mellora do transporte ou non foi suficiente ou non chegou.



«O concello de Boiro traslada á Xunta os problemas co transporte» deste mesmo mes de setembro; «O Concello de Noia trasládalle a Monbús a necesidade de ampliar liñas e reforzos»; «O Son e Noia alertan polo atraso do transporte»; «A Policía Local de Ribeira controla as incidencias existentes no transporte público», e unha longa, longa lista de queixas, unha longa lista de cuestións que non di o BNG, que están dicindo Concellos, que están dicindo usuarios e usuarias e que tamén denuncian traballadores e traballadoras deste servizo. E vostedes seguen porfiando neste modelo; estalles dicindo todo o mundo que non é acaído, que non cobre as necesidades nin responde ás necesidades das persoas e vostedes seguen no mesmo.

E o que pasa é que esta situación non vén dada simplemente polo comezo de curso e polo aumento dos viaxeiros e viaxeiras neste comezo de curso —diso falaremos un cachiño despois—, porque xa o barco, señora conselleira, facía auga antes, xa facía auga antes e vostedes estaban centrados en ir achicando, pero agora creo que xa non queda outra que cambiar o casco, ou se prefiren outra metáfora, tiñamos un servizo ao que xa se lle vían as costuras e agora rebentaron e non serven xa os parches que a súa consellería formula. *(Aplausos.)*

Coa chegada do comezo de curso, falamos de falta de planificación porque esa medida da bonificación —e despois a bonificación que lle sumou a empresa Monbus do 45 %, unha medida para confrontar directamente con Renfe, unha medida que discrimina gran parte do noso país como é Lugo, ou sexa que só se centra no Eixo Atlántico—, falamos de falta de planificación porque entendemos que vostedes xa comprendían que este tipo de medidas ían cando menos aumentar un pouco o número de viaxeiros e de viaxeiras e parece que non se fixo absolutamente nada. Saben cando comeza o curso todos os anos, saben que se implementan medidas deste estilo van aumentar os usuarios e usuarias, e vimos como este mes de setembro foi, e está a ser, unha verdadeira loucura, un verdadeiro escándalo, señora conselleira, con moitas persoas tiradas sen poder acceder aos servizo, con servizos que non pasan porque teñen outras prioridades, porque non teñen suficientes medios para poder cubrir, xa non os tiñan antes, e agora non os teñen aínda menos, e teñen o país en pé de guerra. E xa non falemos —estoulle falando da liña regular— do sistema de transporte escolar, que xa me daría para unha comparecencia con tempo ilimitado, porque teñen cuestións como á Garda Civil e a Policía Local controlando que non vaian nenos e nenas de pé nos autobuses ou sentados nas escaleiras porque non teñen outra forma de facelo.

E nós, señora conselleira, hoxe trouxemos queixas, traeremos propostas para a moción que se deriva desta interpelación pero o que queremos é máis, o que queremos é máis do que hai na actualidade e o que hai na actualidade que se xestione poñendo as clases populares galegas no centro da toma de decisións, non empresas amigas ás que se lles permite precarizar e incumprir, en detrimento dos intereses de todos os galegos e galegas.

Iso, señora conselleira, será fomentar un transporte público de calidade e, mentres, temos o que temos, un servizo de calidade polo que todo o mundo se queixa e que a case ninguén lle cobre as súas necesidades. Polo tanto, espero tamén as respostas da interpelación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ríos.



Ten a palabra a señora conselleira dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Moi boa tarde.

Dende logo, eu agardo que a axencia do transporte público compartamos que todos queremos un transporte público colectivo útil, de calidade, moderno e respectuoso co medio ambiente, con dous obxectivos fundamentais que é vertebrar o noso territorio —un territorio cunhas peculiaridades e singularidades diferentes e complexas: a dispersión, temos máis de trinta mil núcleos de poboación, máis da metade de toda España, aquí en Galicia; a nosa orografía, polo tanto é complicado vertebrar o noso territorio— e o segundo obxectivo que o transporte público faga un labor social.

E vostede vén menosprezar os acertos que está a realizar este Goberno en materia de transporte público, vén menosprezar toda a loxística que hai detrás de todo un transporte público. Eu creo que vostede debería de valorar máis que ninguén ese traballo; no concello de Lugo onde gobernan vostedes, mire vostede o fiasco do transporte urbano de Lugo, onde tiveron que andar remendando o transporte público. E, por certo, ¿adxudicoulle o Concello de Lugo a Monbús o urbano porque llo dixen eu? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Fanme caso, entón. Veñen aquí denunciar cada cousa sen contrastar nada, que me parece realmente decepcionante dun responsable que pretende ser un servidor público. Polo tanto, eu dende a Xunta de Galicia seguirei servindo os usuarios do transporte público e creo que, pois, pregunte *(Aplausos.)* a quen adxudicaron vostedes o transporte urbano de Lugo.

Non son vostedes un exemplo na xestión do transporte público. Nós seguiremos traballando. A pesar de que lle moleste, en Galicia somos un referente en materia de transporte público e chámannos moitas comunidade autónomas. Si, somos un referente en transporte público, coas súas eivas, coas súas melloras pero somos un referente en transporte público, e temos debatido moitas veces aquí. Eu non lembro se vostede estaba no ano 2017 ou 2016. Non foi toda Galicia a que se levantou en pé de guerra contra a Xunta de Galicia, está vostede moi equivocado. Pregúntelle ao seu compañeiro deputado para saber que pasou nese momento.

A Xunta de Galicia renovou 3.400 liñas de transporte público, renovadas, modernizadas; xestionamos máis de 1.800 autobuses todos os días para facer un mellor servizo e vostedes co transporte urbano de Lugo petan, pero en Pontevedra nin sequera queren saber do transporte urbano de Pontevedra, que é a súa competencia, do BNG, e queren vir aquí dar-me leccións de transporte público.

Pero, en calquera caso, nós seguiremos traballando con esas modalidades novas e pioneiras de transporte público adaptadas ás necesidades de Galicia: o transporte á demanda, o bus compartido, esas liñas de bus escolar que, por moito que lles pese, son necesarias para dar cobertura e transporte ao noso rural, ás prazas vacantes do transporte escolar. Esa tarxeta Xente Nova, que vexo que lle encantan e lle gustan as bonificacións e as políticas sociais, pero poden aplicalo no transporte urbano de Lugo, señoría, onde gobernan vostedes. ¿Por que non o aplican? Ao revés, están cobrando uns transbordos que non deberían de cobrar. Anímoo a que melloren tamén o transporte público e, polo tanto, todos traballemos no



transporte público. A tarxeta Xente Nova, que permite aforros anuais importantísimos ás familias para os seus desprazamentos para a xente nova.

E queremos seguir modernizando o transporte público con plataformas móbil para facilitar o uso da tarxeta Xente Nova. Eu insto e invito o BNG a que no transporte urbano de Lugo tamén bonifiquen o 100 % dos traxectos aos menores de 21 anos. Invítoos a esas bonificacións sociais e a que prediquen co exemplo; e tamén outras bonificacións que poden implantar alí nos gobernos onde gobernan, pódeno facer, eu invítoos tamén a facer esas bonificacións sociais como está a facer a Xunta de Galicia.

Non lle gustan as comparacións, vexo que non lle gustan as comparacións, quizais porque se desinflan con facilidade esas súas críticas; e, polo tanto, non lle gustan as comparacións. Voulle facer unha: da magnitude do servizo que xestionamos en Galicia, porque vén converter o accidental en universal —si, si, logo entraremos en cuestións concretas—. Cento vinte concesións, tres mil cincocentas liñas de transporte, mil oitocentos buses diarios, máis de cincuenta e cinco mil paradas, dous millóns trescentas cincuenta mil expedicións, meses onde transportamos e collen o autobús tres millóns ao mes de viaxeiros, oitenta mil estudantes que cada día acoden aos 774 centros de ensino a través de mil seiscentas liñas e catorce mil paradas, e horarios —xa imaxine os horarios que temos que manexar—, vinte e tres millóns de horarios ao día que temos que manexar, esa magnitude. E vostedes atóanse co de Lugo e non queren saber nada do de Pontevedra; se están con esta xestión do transporte público, petan.

Polo tanto, nós seguiremos traballando pola mellora do transporte público, axustando onde temos que axustar. E o transporte público en Galicia —permítame que discrepe totalmente co que di vostede— funciona razoablemente ben; haberá que mellorar, haberao que axustar, é un plan vivo no que seguimos vixiantes permanentemente. E por suposto que o inicio do curso escolar tamén inflúe, o inicio do curso escolar, o inicio da universidade, e a nova mobilidade previa á pandemia que se recuperou, tamén os institutos, e só no mes de setembro as bonificacións teñen influído e debemos de realizar axustes como facemos todos os inicios de curso porque os estudantes cambian —ai non cambian os estudantes, son os mesmos, aquilatados—. Eu xa vexo como xestionan vostedes o transporte público en Lugo, que é o exemplo que vostedes manexan.

Un 40 % foi o que incrementaron os usuarios dende o 1 de setembro como consecuencia das bonificacións, parte dese incremento de usuarios foi pola recuperación da mobilidade da pandemia pero gran parte, na mesma medida, é como consecuencia desas bonificacións. E nós traballamos para que o transporte público por autobús da Xunta de Galicia sexa unha alternativa real para a maioría dos galegos, a principal alternativa de mobilidade. Incrementou a demanda dende o 1 de setembro e nós tamén incrementamos as prazas; por suposto que si, señoría, son datos que vostede parece que obvia e non quere velos, ademais das necesidades de axustes necesarios polo inicio do curso, da actividade universitaria e da recuperación da mobilidade despois da pandemia.

Direille proximamente, máis adiante, os datos dos reforzos pero vin aquí con certos exemplos. ¿Vostede non sabe que o servizo en Ames o deixou de facer unilateralmente o Concello



de Santiago co urbano? Debería de informarse e non acusar a Xunta de Galicia dun servizo que non se fai. Foi o Concello de Santiago quen deixou de facer co transporte urbano ese servizo; polo tanto, non acuse a Xunta de Galicia dun asunto que non é da súa competencia. O obxectivo é embarullar para ver se cala.

E tamén eu non sei se vostede puido comprobar as retencións tremendas que hai en Sol y Mar, en Oleiros, como consecuencia dunha obra do Goberno de España. Unhas retencións... Pero é que é así, eu invítoos a que pasen por aí, señorías; A Costa da Tapia, miren as retencións... (*Murmurios.*) ¡Pero vaian! (*Murmurios.*) Os autobuses nolo teñen denunciado, as empresas de transporte teñen retrasos de entre vinte ou vinte e cinco —si, si— minutos como consecuencia desas retencións. Levamos pedindo dende hai meses á Delegación do Goberno que implante un carril bus directo para poder cumprir cos horarios. E, polo tanto, no corredor A Coruña-Ferrol —e sobre todo nas zonas de Betanzos e Bergondo— afectan tremendamente as obras de Sol y Mar porque hai un atasco permanente e contundente. E vostede parece que non o sabe pero —¿como non?— a culpa é da Xunta de Galicia.

Nós seguimos traballando coas bonificacións, con esa área de transporte única na que imos estender a todo o territorio galego as bonificacións e as vantaxes do transporte público. Si apostamos polo rural, non aposta polo rural o Goberno de España co seu mapa concesional —Goberno que apoian vostedes— e nós seguiremos —como digo— traballando con reforzos realmente importantes no transporte público. Eu trasládolle que reforzamos en materia de transporte público na fin de semana con catro mil prazas de reforzo, dende o venres pola tarde ata o domingo, para atender toda esa nova demanda dende o pasado 1 de setembro, e durante a semana máis de mil cincocentas prazas a maiores de reforzo. Polo tanto, traballamos por un mellor servizo de transporte público con bonificacións importantes, implicación total da Xunta.

E, se me permite, na liña A Coruña-Ferrol contestareille na miña próxima intervención por que creo que é interesante tamén falar da liña de autobús entre A Coruña-Ferrol; que é realmente importante trasladar que non hai unha alternativa ferroviaria que é totalmente necesaria.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a rolda de réplica ten a palabra o señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, eu pensei que estabamos nun pleno do Parlamento, non de Pontevedra nin de Lugo. (*Aplausos.*) Pero, bueno, cando queira pode comprobar como funciona o transporte baixo demanda do concello de Pontevedra e o que implementa a Xunta, que cando chamas por teléfono nin sequera ninguén che colle o teléfono. (*Aplausos.*) Pero, bueno, supoño que compararse para tapar vergoñas nunca está de máis, (*Aplausos.*) e é o que soe facer ademais o seu Goberno. Así que suma e sigue. Igual que non contestar absolutamente nada do que dicimos nós.



Vostede quere converter en algo puntual unha cuestión que é totalmente estrutural. Non falo dun retraso por culpa dunha obra, falo de que todos os días en moitísimas partes do país, en moitísimas rutas, en moitísimos itinerarios os autobuses ou non chegan a tempo á parada —están con retrasos de vinte minutos, de media hora, de corenta e cinco minutos— ou ben non chegan, sen ningún tipo de aviso, e vostede sabe que isto é así porque teñen que ter as queixas igual que as teño eu. E na carpeta hoxe trouxen unhas poucas pero temos moitísimas máis, e iso a pesar da Xunta de Galiza que non dá ningún tipo de información e é totalmente opaca cos artigos 9 que pedimos en canto a queixas, en canto a reclamacións, en canto a expedientes abertos, en canto a sancións e en canto a incumprimentos; e non recibimos absolutamente nada da súa consellería. Se lle está todo claro, por favor, déanos todos os informes que pedimos; sen ningún problema nós revisarémoslos e falaremos noutros termos se realmente vostedes están facendo ese traballo de inspección e de control do cumprimento dos contratos. Como entendemos que non o están facendo por iso tampouco dan os datos.

Pódolle falar, como lle falei no seu momento ao director xeral, dos tempos de resposta, xa que vostede falou da liña Ferrol-A Coruña, que é un verdadeiro desastre, e non o digo eu, dino os concellos, dino os usuarios e usuarias. E ademais que os parches que vostede vén aplicando nos últimos tempos é que lles parecen un insulto, parécenlles ridículos. Teño aí todo este mes, todas as liñas nas que quedaron cinco, seis, dez, quince, vinte, ata corenta persoas tiradas nos servizos de pola mañá entre semana, que non chegan a tempo aos seus traballos, ás súas citas médicas, ás aulas, e unha longa lista de etcétera. Polo tanto, non tente converter en algo puntual —ou, como lle chamou na prensa «pequenos desaxustes»— algo que é completamente estrutural e que vén ademais derivado por cuestións como a falta de autobuses para cumprir o que a concesionaria ten asinado coa Xunta de Galiza. E isto dincho os propios traballadores incluso, que non hai nin sequera medios materiais para cubrir todo o que se ten concesionado, e a vostedes dálles exactamente igual. Entón, quitamos dun lado para poñer noutro, ou se falla aquí e este se queixa, bueno, ímosllo reforzar pero sacámosllo a outro, e cando outros se queixen... e así levamos todos estes anos, señora conselleira.

E isto é algo que é así e que se constata na realidade. O número de persoas que todos os días —na liña Ferrol-A Coruña, da que vostede falou, por exemplo— quedan tiradas nas paradas, iso é todos os días; teño as fotos, teño os datos, sen problema ningún. Que a xente, por exemplo, das parroquias non pode utilizar o servizo público de transporte porque hai un autobús pola mañá e outro autobús pola tarde que os pode conectar coas vilas de referencia ou coas cidades e non poden collelo, pois tampouco importa. Vese que tampouco importa.

Saía un estudo o ano pasado da Universidade da Coruña que falaba das persoas que se moven entre concellos diariamente no noso país. E falaba de que non se reduce o uso do coche particular porque, segundo o propio estudo, os usuarios non vían útil o sistema público de transporte; porque non lles era útil, non lles cubría as súas necesidades. Hoxe mesmo saía en *La Voz de Galicia* unha noticia de que o fenómeno de compartir coche na Mariña está en alza, pero ¿por que?, porque non teñen un servizo público de transporte axeitado. Saía en *La Voz de Galicia* hoxe, señor Balseiro, na moción poderemos falalo, sen problema ningún. Ademais, *La Voz de Galicia*, periódico do BNG, xa sabemos que estamos todo conchabados. (*Aplausos.*) Pero, claro, hai tantas evidencias.



E, señora conselleira, eu entendo —e dígollo completamente de verdade, sen ningún tipo de ton de ironía nin de acritude— que ten que ser complicado xestionar o transporte público no noso país. Pero é que vostedes nin sequera son capaces de recoñecer a mala planificación e o caos xerado neste comezo de curso, non son capaces de facelo. Poderían dicir: non contabamos con tanta xente, é certo que non chegamos a tempo cos reforzos, e demais e demais. Pero, non, seguen sacando peito da súa xestión, a empresa di que non é responsabilidade dela, despois comprométese coa Xunta despois de que a Xunta lle envíe supostamente dous requirimentos para que faga eses reforzos. Vamos, o conto de non acabar.

E para rematar —que me quedou antes no tinteiro—, a segunda medida que nós consideramos importante —e da que vostede falou— é o desconto da tarxeta Xente Nova. Xa que lle gustan as comparacións entre administracións, entre concellos e demais, eu ánimoa a que faga como outros parlamentos dentro do Estado español e realmente aposte pola mocidade e polo transporte público aumentando ata os 30 anos a gratuidade da tarxeta Xente Nova. Témollo discutido moitas veces en Comisión pero realmente se teñen unha aposta real pola mocidade deste país e polo transporte público mobilicen cartos para facer que chegue a toda a mocidade non só ata os 21 anos, porque aos 21 anos non rematan os problemas e sobre todo na mocidade, non rematan as carencias a nivel económico, nin de emprego nin moitas outras cuestións.

E para rematar, señor presidente, o último que quero dicir —e xa que vostede falaba da liña Ferrol-A Coruña e ademais foi unha pregunta directa que lle fixen ao director xeral—, ¿que está pasando coas bases e cos tempos de resposta asinados na licitación da UTE Hércules Norte na 871? Porque cando eu pedín esa documentación polo artigo 9 díxoseme que non se podía porque era confidencial. ¿Existen expedientes abertos pola falsidade documental das bases que dicían que existen e que non existen dos tempos de resposta que non se cumpren e demais?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ¿Será posible que nalgún momento deixen esa política de opacidade e de gobernar para os amigos e poidamos sentarnos cos datos enriba da mesa e facer un transporte público axustado ás necesidades da sociedade galega? ¿Poderemos algún día, señora conselleira? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Peche da interpelación, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Bueno, grazas, presidente.

Señoría, vostede volve insistir en converter o accidental no universal e faise trampas ao solitario. Eu volvo insistirle, cento vinte e sete concesións, tres mil cincocentas liñas de transporte, mil oitocentos autobuses, cincuenta e cinco mil paradas e tres millóns de viaxeiros ao mes que transportamos cando hai un maior repunte de viaxeiros. Oitenta mil estudantes



que cada día van a setecentos setenta e catro centros de ensino, mil seiscentas liñas, catorce mil paradas e vinte e tres millóns de horarios que manexamos. Vostedes, que non dan co de Lugo, con isto petan, ¡con isto petan!

Polo tanto, nós estamos a traballar en fomentar o transporte público con medidas estruturais. E volvo insistir, non sei se estaba vostede no ano 2017-2018 pero fixemos medidas estruturais de calado e, polo tanto, un transporte público cun cambio profundo para que sexa máis eficiente e máis útil, que teña futuro e que ofrezca máis alternativas de mobilidade ao noso rural. Un transporte público que teña en conta os termos de igualdade e independencia de onde vivan coas bonificacións e cos prezos. ¡Un cambio profundo, señoría!

Eficiencia social con esas medidas sociais de bonificacións da tarxeta Xente Nova. Invito a que o Concello de Lugo e o BNG implante a tarxeta Xente Nova. É que predicar unicamente... hai que predicar co exemplo. Eu non entendo por que rexeitan implantar a tarxeta Xente Nova nos urbanos do concello de Lugo.

Sostibilidade económica son oitenta millóns de euros de todos os galegos os que investimos no transporte público —con esta subvención—, ¡oitenta millóns de euros ao ano!, para ofrecer un transporte público de calidade que chegue a todas partes, antepoñendo a rendibilidade social antes que a rendibilidade económica. E tamén un transporte público que se basee na sostibilidade ambiental, alternativa ao vehículo particular para poder facilitar o desprazamento, fundamentalmente, no rural.

Eu insisto: tres mil catrocentas liñas, mil oitocentos autobuses e con permanente diálogo, análise e revisión, porque ao inicio do curso si que hai que estar atentos porque hai axustes e necesidades cambiantes —debería sabelo— onde hai que axustar. E si que facemos os axustes e os reforzos. Non imos realizar o que utiliza o Goberno de España e que apoian vostedes: «Evite a hora punta». Nós non imos aquí a botarlle a culpa aos cidadáns nin imos dicirlles aos usuarios do transporte público que evite horas punta. ¡Este é o Goberno que apoian vostedes! Nós reforzamos o servizo e voulle dar datos. Entre o venres 16 e o domingo 18 ofertamos —dicía vostede que as cabazas non se poden converter en carrozas, pero case— catro mil doce prazas máis. E dicía vostede que entendía que non podemos encontrar autobuses, pero ofrecemos máis prazas, catro mil doce prazas máis en trinta e tres expedicións. Dende o venres pola tarde 16 ata o domingo 18, catro mil doce prazas a maiores de reforzos implantadas no transporte público.

No itinerario A Coruña-Ferrol, trescentas oitenta e cinco prazas a maiores ás catrocentas sesenta e tres prazas existentes. Polo tanto, ofertamos oitocentas corenta e oito en total. Un labor intenso por mellorar o transporte público.

E falemos da liña por suposto Ferrol-A Coruña. Entre as dúas cidades hai unha intensa relación de mobilidade, por suposto que si. Por temas de estudos e traballo están conectadas por unha autopista de peaxe —das peaxes máis caras desas autopistas de España—, os prezos dos combustibles desorbitados, a inflación galopante e hai que buscar alternativas. E o problema é que non hai alternativa de tren. E vostedes creo que non están aquí a falar de alternativas de mobilidade para o cambio estrutural que demanda vostede que non existe. É



necesario unha alternativa ao tren fiable e competitiva entre A Coruña e Ferrol para ofrecer alternativas de mobilidade entre A Coruña e Ferrol.

E nós —insisto— ofertamos prazas e reforzamos prazas na liña A Coruña-Ferrol. E o certo é que, entre que hai unha autopista de peaxe, os prezos dos carburantes elevados, a inflación e as bonificacións do 50 %, o incremento da demanda dende o pasado 1 de setembro foi realmente moi notable. Nesa liña, incrementouse dende o 1 de setembro un 22 % a demanda e o 16 % dese 22 % é como consecuencia desas bonificacións. E nós traballamos para cubrir esa demanda con catro mil prazas en total en Galicia e tamén na liña A Coruña-Ferrol. Polo tanto, por moito que lles pese a vostedes os buses non son taxis, pero nós facemos o mellor transporte público que hai en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

Lembrará vostede que no derradeiro pleno, no debate da súa comparecencia, afeabamos unha expresión que empregaba vostede para se referir a esa defensa que facemos, a esa reivindicación, dende o PSdeG, de recuperar o sistema universal de libros de texto gratuíto para o conxunto do alumnado aquí na nosa comunidade, tal e como funcionou e se puxo en marcha cun gran respaldo a todos os niveis no Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. Afeabamos esa expresión neste contexto de crise, neste inicio de curso tan delicado para as familias neste contexto económico de «café para todos».

O certo é que esta é unha reivindicación, é un debate, que se ten producido neste Parlamento ao longo destes últimos anos en diversas ocasións. Ten vostede as costas —se mo permite— afeitas a este debate e, repasando un pouco as súas intervencións, o certo é que unha decátase de que esa expresión de «café para todos» desafortunada agora especialmente, pero en xeral cando falamos de educación pública e de recursos públicos, é algo ao que recorre vostede con bastante frecuencia.

E se é desafortunada en xeral, neste momento e neste contexto no que estamos a asistir a este panorama dantesco no que fala vostede de café para todos e de que non pode ser. Neste contexto de crise dicía que é absolutamente dantesco —por non empregar outro cualificativo



máis duro neste momento tan complicado para as familias galegas—que vostede diga que non pode haber café para todos, pero o presidente da Xunta de Galicia e o seu Goberno si defendan para unha minoría non café para todos, senón champaña e caviar. Iso si, pagado pola maioría de todas e de todos para —segundo vostede— os que non pode haber café para todos. (*Aplausos.*) Polo tanto, ficamos expectantes de ver como fala vostede hoxe de solidariedade cando dan as costas á maior parte da poboación, das familias en Galicia, e, en cambio, sacan as unllas para defender a esa minoría que máis ten.

E para vostede —empregando o seu argumentario— a educación gratuíta e universal é café para todos, pero prescindir deses máis de trinta millóns de euros nos vindeiros orzamentos dos cartos de todas e de todos, non é café para todos —como dicíamos—.

Nestes tempos —e isto dito sen ningún tipo, de verdade, de acritude, todo o contrario—, eu penso que neste momento de incerteza política e delicado agradécese o ton e que, dentro de posturas apaixonadas e das diferenzas políticas e ideolóxicas, os representantes institucionais e políticos públicos —como facía, por exemplo, a conselleira do Mar— se emocionen, que haxa bágoas e o que queira vostede. De verdade, dito de todo corazón. E aplaudían na bancada popular fervorosamente esas bágoas e esa emoción na defensa desas dificultades do sector do mar que todas e todos compartimos.

Pero esa empatía, que é ben recibida e é de agradecer nestes tempos, estaría ben que se entendera no conxunto do Goberno galego, na súa consellería, para todos os sectores. Porque esta si que é unha medida que está na súa man: arranxar e solucionar o momento tan complicado que veñen de vivir neste mes a maior parte das familias e do conxunto do alumnado na nosa comunidade, (*Aplausos.*) porque vostede —como dicía— dálle as costas a unha medida que sabe que é perfectamente máis eficaz no económico que no social.

Señor conselleiro, están vostedes non remando non só en contra das políticas que está a implementar o Goberno a nivel estatal, votando en contra de medidas —como ese aumento histórico de bolsas para o estudantado—, votando en contra do ingreso mínimo vital, da subida das pensións e do salario mínimo profesional; tomando decisións aquí na Xunta de Galicia mentres convidan a champaña e a caviar e, en canto poden, rematar con algo tan esencial como é a tarxeta básica. Están remando ademais en contra do que están a recomendar a nivel internacional —como sabe vostede— incidindo nas últimas horas todos os organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional e o Banco Central Europeo, que, neste contexto de espiral inflacionista, o que están a dicir é que hai que subir os impostos ás rendas máis altas, xa sexan individuais ou ás empresas.

E ademais defenden vostedes esa rebaixa de impostos seguindo a estela e os modelos da Comunidade de Madrid, da señora Ayuso, do señor Moreno Bonilla, onde —por certo— alí, polo menos, os libros de texto son gratuítos para o conxunto do alumnado. Copien esa parte que non lles gusta, pero si implementan a parte —como dicíamos— que afecta a unha minoría.

Por esa regra de tres, escoitaba que dicía o señor Moreno Bonilla que eran medidas necesarias tamén para evitar que incluso os que máis teñen marchen do territorio e que é importante reter á poboación, incluso os que máis teñen sexan unha minoría.



Señor conselleiro, que lle dicimos nós e que lle poden dicir vostedes, xa que miran para que non marchen os que máis teñen e a maioría —insisto— da sociedade galega non sabe como afrontar moitas veces o pago do comedor, do transporte escolar e, sobre todo, un inicio do curso co material escolar e cos libros de texto máis caros da historia, cando vostedes manteñen un sistema absolutamente máis caro que non chega nin á metade do alumnado aquí en Galicia.

Polo tanto, como vimos facendo todos estes anos —decía— en coherencia con esa reivindicación e ese convencemento, pero agora neste contexto aínda con máis énfase, volvemos traer esta iniciativa a este debate, conselleiro. Con iso —insisto— do café para todos, que segundo vostede non pode ser, pero financiar o caviar e a champaña para as clases altas, para esa minoría, si.

Eu molesteime en repasar algúns dos múltiples debates arredor do sistema universal e da gratuidade dos libros de texto, que puxo en funcionamento cun respaldo social educativo indiscutible o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, e atopeime cunha sorpresa, porque teñen unha mochila de tempo política moito máis cativa que a súa, que tamén contou cun respaldo político indiscutible daquela.

E lía unha valoración da que era voceira de Educación daquela do seu partido, dicindo que era benvida a medida pero que chegaba tarde. Defendían que era un modelo que estaba iniciando, que quedara iniciado polo Goberno do señor Fraga, que era benvida, pero que era idea do señor Fraga, aínda que recoñecía que quen puxo o orzamento e quen universalizou en todas as etapas educativas obrigatorias foi o Goberno —insistimos— presidido por un socialista, Emilio Pérez Touriño.

Pero lía tamén declaracións do que fora o seu homólogo e compañeiro de partido, exconselleiro, o señor Currás, nun artigo que publicaba dicindo cales foran as principais bondades do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño e situaba fundamentalmente un aumento indiscutible e considerable en educación e universalizar e xeneralizar o préstamo universal de libros de texto gratuíto ao conxunto do alumnado.

Pero, ¿que pasou, señor conselleiro? Algo pasou e é que chegou o señor Feijóo ao Goberno da Xunta de Galicia e, por unha banda, algo que todos coñecemos: finiquita no minuto cero da súa lexislatura esta medida —insisto—, que ata o momento era unánime e respaldada por toda a comunidade educativa, social, sindical e política. E tamén nese momento lles invade unha amnesia a todos vostedes, incluída a súa persoa, que mesmo vendo eses debates e esa amnesia chega ao día de hoxe. ¡É bastante curioso!

Ese sistema de gratuidade universal foi reivindicado e reclamado con forza non só aquí, senón por todos os sectores da comunidade educativa no conxunto do Estado. Tanto foi así que o ministro Wert veuse obrigado a introducir na LOMCE a chamada disposición quinta que rezaba do seguinte modo: «O Ministerio de Educación promoverá o préstamo gratuíto de libros de texto e outros materiais curriculares para a educación básica nos centros sostidos con fondos públicos no seo da Conferencia Sectorial de Educación».



Certa e absolutamente revelador e enriquecedor neste debate arredor das bondades sobre a gratuidade dos libros de texto, mergullarse nos diarios de sesións deste Parlamento ou nas hemerotecas para darlle un significado como merece á palabra coherencia.

Señor Román Rodríguez, no *Diario de Sesións* de setembro do ano 2009, vostede —como voceiro de educación— afirmaba: «¿Como poden vostedes dicir que un sistema progresivo como o que está instalado neste momento no apoio diferencial en función da renda non é bo? ¿Como poden pensar que son iguais familias que ao mellor por desgraza están todos os membros no paro, que outras que os seus membros son profesionais liberais, cualificados ou empresarios?» Iso dicíao vostede. «É perverso socialmente porque desvía recursos que se poderían concentrar nas rendas menos favorecidas. Perverso socialmente é desviar recursos aos que máis teñen» ¡Que bonito lle quedou no discurso! Digamos que é perverso, pois. (*Aplausos.*)

Coherencia coas políticas que están a facer vostedes defendendo rebaixar impostos ás rendas altas e votando en contra dos impostos ás rendas altas, á Banca e ás eléctricas. ¿Que é perverso, señor Román? ¿Que lle importa ao Goberno da Xunta nos feitos as rendas baixas? ¿Que é perverso, señor conselleiro, cando votan en contra do aumento da partida histórica de bolsas ao estudo, de máis de dous mil millóns de euros e cando votan en contra do complemento extraordinario de catrocentos millóns de euros para complementar con cen euros ao mes a todas e a todos os estudantes neste último trimestre do ano? Resulta francamente abafante escoitar o seu líder Alberto Núñez Feijóo pedir máis fondos ao Estado para libros de texto que a mochila que ten aquí como presidente da Xunta de Galicia. E resulta claramente abafante ver o señor Rueda anunciar uns míseros vinte e cinco euros para complementar as axudas ás familias para o material escolar e para libros de texto, e comparar co que está a facer, por exemplo, o Concello de Vigo, que chega sen ter competencias onde non chega o seu Goberno da Xunta de Galicia, anunciando máis de douscentos euros de xeito universal para todos os estudantes en ensinanza obrigatoria da cidade de Vigo. ¡É unha auténtica vergoña!

Explíquenlles vostedes —para rematar— por que un sistema que é rendible economicamente e máis xusto socialmente non é posible porque é «café para todos», pero si defenden vostedes neste tempo de frío a champaña e a barra libre de caviar para uns poucos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora deputada, a verdade é que vimos un gran exercicio de malabarismo parlamentario. Non sabía, ás veces, onde estaba cando a estaba escoitando porque plantexa un debate de



ámbito estatal e extemporáneo no tempo: fala de Andalucía, fala da señora Ayuso, fala do señor Fraga, do señor Wert... Creo que é moi interesante o que dixoo e mesmo me cita a min no ano 2009. Creo que o que dixen eu no ano 2009 é difícil que o poida cuestionar e agradezolle que fose ao *Diario de Sesións* a dedo.

Fala de cuestións fiscais, fala dos libros de texto máis caros da historia, fala do Goberno de Emilio Pérez Touriño e cuestiona as medidas que houbo que adoptar no ano 2009. Seguramente, o señor Pérez Touriño cando chegou á Xunta de Galicia non tivo que devolver dous mil millóns como tivo que devolver o señor Feijóo. Dous mil millóns gastados alegremente polo Goberno bipartito do Partido Socialista e o Bloque. (*Aplausos.*) ¡Esa é unha realidade obxectiva! E se a iso lle sumamos unha crise económica sen precedentes, entenderá que naquel momento era necesario concentrar os recursos públicos naqueles que máis o precisaban e segue sendo así.

Eu preguntáballe no anterior pleno se vostede estaba de acordo —e cando digo vostede non o digo persoalmente, dígoo como representante dunha formación política, non é unha cuestión persoal nin moito menos, xa que teño un gran respecto pola súa persoa— e lle parecía ben que o conxunto dos cidadáns galegos nos pagasen os libros aos que estamos neste hemiciclo. Os que estamos neste hemiciclo ou os que están fóra deste hemiciclo e que teñen salarios moito mellores cos nosos ou teñen —afortunadamente para eles— estruturas económicas moito mellores que os que estamos neste hemiciclo. Se realmente a vostede lle parece ben, creo que o debate xa morreu e non temos nada absolutamente que dicir. E se lles parece mal, podemos falar de diferentes modelos para axudar ás familias que máis o precisan nos momentos máis difíciles.

Pero, realmente, señoría, vostede volveu atrás no tempo, xa non só porque aquí houbo múltiples debates, ¡múltiples debates!, na primeira lexislatura do señor Feijóo respecto a este tema en concreto. Eu participei en moitísimos como voceiro do Partido Popular en materia educativa.

No pleno pasado, falamos claramente e plantexamos dous modelos diferentes de axudar ás familias nestes momentos máis complexos, máis difíciles e sobre todo pensando a medio prazo. Pero, dáme a sensación de que vostede e a súa formación política intentan desviar a atención e distraer claramente dos erros do Goberno central, dos erros do Goberno do señor Pedro Sánchez.

Vostede aquí plantexou varias cuestións de ámbito nacional. ¿Por que? Porque, sen dúbida, se temos os libros máis caros da historia —como vostede dixoo— e se temos este ano a maior necesidade de facer fronte a un maior número de compra de libros é debido fundamentalmente a unha implementación absolutamente atropelada da LOMLOE, que obriga de xeito unilateral a modificar todos os libros dos cursos impares e que foi unha decisión unilateral do Goberno Sánchez, en primeiro lugar. E, segundo, non houbo ningunha medida plantexada polo Goberno Sánchez orientada a facilitar o retorno ao curso escolar por parte das familias, especialmente das familias con menos recursos. ¡Ningunha! Primeiro, cámbianse todos os libros implicando un maior gasto económico pola necesidade de impoñer a posta en marcha da LOMLOE cun calendario absolutamente atropelado e desproporcionado, e, segundo, cero medidas.



O presidente Feijóo anuncia unha medida e vostedes póñense nerviosos e resucitan un debate que ten máis dunha década. E voulle dicir outro dato: se vostedes están tan seguros da necesidade de apoiar os sistemas de préstamos, ¿por que o Estado non habilitou unha partida económica para axudar ás comunidades autónomas a facer fronte a este gasto? Existe unha dende hai moito tempo e ¿saben cantos recursos económicos supón para a Comunidade Autónoma de Galicia? Tres millóns. ¿Sabe vostede canto inviste a Comunidade Autónoma de Galicia en material escolar e en libros de texto? Vinte e oito millóns. ¡Tres millóns contra vinte oito millóns! (*Aplausos.*)

A verdade é que, fronte ás súas críticas, o noso modelo é clarísimo e persegue axudar a quen máis o precisa: facilitar un sistema de axudas económicas en base a un criterio de rendas, porque entendemos que é moito máis xusto socialmente e que debemos concentrar os recursos públicos nas familias que máis o precisan.

Creo que iso é o que vostede di que está mal e di que eu digo «café para todos». Efectivamente, se nós queremos ter unha medida progresista que xere unha redistribución de rendas temos que facilitar medidas entre unhas familias e outras en función da renda e non «un café para todos», como vostede plantexa.

Xa me dirá vostede na súa segunda intervención se entende ou non entende que os galegos lles deben pagar os libros aos que estamos aquí nesta Cámara. Se vostede o entende así, perfecto. Saia á rúa e dígallo á sociedade, aos nosos fillos e aos fillos daquelas familias que teñen maiores recursos que os nosos —que hai moitísimos no conxunto de España—.

Ademais, nós temos un sistema que funciona ben e non chega a unha minoría —está enganada cos números—, chega ao 75 % das familias galegas, combinando un sistema que se basea en catro pilares. O primeiro son as axudas económicas para aqueles cursos onde os libros non son reutilizables nos primeiros cursos de primaria, o segundo, ten que ver co sistema de fondos de libros, o terceiro é o cheque de material escolar e o cuarto ten que ver co libro dixital.

Por razóns de tempo, vou concentrar a explicación nun dato importantísimo. Fíxese vostede que neste ámbito a Xunta de Galicia aporta cento dez millóns de euros: cento sete millóns máis os do anuncio que acaba de facer o presidente Rueda estes días. Estamos a falar de cento dez millóns de euros que a Xunta de Galicia aforra ás familias. En concreto, no ámbito dos libros de texto e de material escolar estamos a falar de vinte e oito millóns de euros e o Estado aporta tres, unha administración socialista aporta tres. Creo que é un dato que moi significativo.

En canto ao fondo de libros, chega desde terceiro de primaria a cuarto da ESO e xestiónase en base a criterios de renda cun sistema absolutamente contrario á renda.

En canto aos datos, non temos aínda os deste ano pero serán uns datos moi semellantes aos do ano pasado. Falamos de 464.000 libros no fondo de libros, 80.000 alumnos benefíciense del e sete de cada dez alumnos teñen máis de seis libros. En canto ás axudas para libros de texto, en primeiro e segundo de educación primaria e en educación especial non son libros que se poidan reutilizar porque se interactúa con eles constantemente. Vinte e seis mil oi-



toentos alumnos e axuda económica directa en función da renda chega desde os cento coenta aos douscentos dez ou, no caso de educación especial, a douscentos setenta e cinco euros. O cheque para material escolar, tamén en función da renda. As rendas inferiores a seis mil euros, por membro de unidade familiar, recibían na convocatoria inicial cincuenta euros coas modificacións que se plantexaron e que se van plantexar de xeito inmediato e, de feito, vaise aprobar mañá no Consello da Xunta a axuda de setenta e cinco euros. Estas son medidas complementarias e que se agregan.

A todo isto, hai que sumarlle toda a intensidade do libro dixital. Estamos a falar de 60.000 usuarios, polo tanto, estamos beneficiando ao 75 % das familias. Entendemos que este modelo é xusto, solidario e redistributivo. Concentramos as axudas nas familias que máis o precisan e levan funcionando moi ben moito tempo.

E vostedes volven traelo aquí, benvido. Demostra as dúas facianas da política, unha faciana que é «café para todos», unha medida que non é, en ningún caso, progresista e inxusta socialmente, é unha medida que pretende axudar ás familias que máis o precisan. En todo caso, a min é o que máis me preocupa, sinceramente, é que vostedes no fondo queren tapar os erros do Goberno Sánchez.

Primeiro, o feito de que sexa necesario cambiar todos os libros dos cursos impares, decisión unilateral do Goberno Sánchez; e segundo, a inacción absoluta na posta en marcha de axudas para axudar ás familias —valga a redundancia— para facer fronte a este inicio de curso. E como se viron absolutamente fóra de xogo, resucitan un modelo, que, en todo caso, pasou polas urnas, en moitísimas ocasións, dende o ano 2009 co apoio maioritario dos galegos.

E xa remato, señoría. Se vostede fala de «café para todos» isto zánxase cunha simple pregunta: ¿vostede entende—cando digo vostede digo a súa formación política— que os galegos teñan que pagarlles os libros aos que estamos nesta Cámara ou que teñan que pagarlles os libros a todas as persoas que viven no exterior e que teñen uns recursos superiores aos que estamos nesta Cámara? Se é así, dígao claramente. Algúns estarán moi contentos, pero estou seguro de que a maioría dos galegos dirán que menudos socialistas están feitos estes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Señor conselleiro, eu non cuestiono nada. Eu simplemente lin declaracións e debates neste Parlamento e contrapóñoos cos feitos, co que fan, co que se di e co que se fai. E non fai falla facer ningún tipo de malabarismo como vén de facer vostede para contrapoñer datos.

Dicía vostede que a Xunta de Galicia inviste —¿sabe canto?— vinte e oito millóns de euros en financiar —por certo, ten as competencias, non o esqueza. (*Aplausos.*)— material escolar e libros de texto.



A Xunta de Galicia tendo as competencias, ¿sabe canto vai perdoar ás rendas altas o ano que vén nesa baixada do imposto de patrimonio, ese 0,2 % da sociedade galega? Máis de trinta. Vinte e oito millóns fronte a trinta, todas competencias e decisións da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

E minto tamén cando di que ese sistema de préstamo que teñen vostedes implantado, que é máis barato —sabe vostede que é mentira, diremos agora por que—, chega ao 75 % do alumnado, de xeito parcial, non totalmente. Totalmente estaríamos arredor —son datos da propia consellería— de catro de cada dez de xeito total, arredor de tres de cada dez alumnos de xeito parcial e tres que quedan sen nada. E aquí non estamos a defender unha educación pública gratuíta e universal para todo o mundo, igual que a sanidade, porque non amosamos a declaración da renda cando imos ao médico á atención primaria. (*Aplausos.*) E porque ademais, señor conselleiro, non estamos a falar das clases altas desas que lles gustan a vostedes. Estamos a falar da inmensa maioría da sociedade galega. E a inmensa maioría do conxunto do alumnado non ten axudas á totalidade dos libros de texto e insistimos en que era unha medida máis eficiente no económico e no social.

Non fai falla ser un xenio en matemáticas para calcular que en cada curso financiar eses catro alumnos de cada dez e repoñerlles os libros que non rotan e que non se prestan, como se facía antes, non é máis rendible economicamente co paso dos catro anos, e vostede sábeo perfectamente. Provocaron e eliminaron ese sistema, esa gratuidade, obrigando a moitos centros escolares e ás familias a organizarse con sistemas alternativos que aínda funcionan hoxe en día de préstamo de libros e a concellos a crear bancos municipais de libros de texto. Resulta lamentablemente irónico escoitar os seus argumentos e escoitar —insistimos— o señor Feijóo afirmar que se preocupa polo inicio do curso escolar e polos libros de texto.

Eu dediqueilles dúas liñas a Ayuso e a Juanma Moreno, falei de Galicia, do *Diario de sesións*, de debate, de políticas e de investimento. Pero vostede gusta moito falar de Sánchez. Xa vimos tamén na súa anterior comparecencia que anunciaba á prensa que ía zanzar o debate sobre o recorte na educación pública en Galicia, sobre o recorte de profesorado, e non zanzou absolutamente nada nin desmentiu a eses centros e a esa comunidade educativa que se está a mobilizar. Por certo, agora sumamos o concello de Bergondo polos recortes de profesorado. (*Murmurios.*)

Non zanzou absolutamente nada, así que fale vostede se quere de contrapoñer modelos. Non veñen de votar vostedes —dicía vostede que o Goberno estatal non está nas axudas e que si está a Xunta de Galicia—, o seu partido político, de votar en contra —insistimos— do maior incremento en bolsas ao estudantado da historia a nivel estatal, máis de dous mil cen millóns. E cando se aproba complementar esas bolsas para ese estudantado polo momento económico que se está a vivir con catro centos millóns adicionais extraordinarios que van supoñer cen euros ao mes —este mes de setembro, outubro, novembro e decembro—, vostedes votan tamén en contra, señor conselleiro. ¿A que votan vostedes a favor? ¿Ao carón de quen están vostedes? É que canto máis falan, tanto vostede como o señor Feijóo, de verdade, máis quedan de manifesto as súas contradicións.

E non hai que facer malabares políticos. A realidade é absolutamente indiscutible e irrefutable en Galicia. Calculen o que gastan cada vez que toca cambiar libros, facer reposición e



o que custaría asumir toda a gratuidade para o conxunto do alumnado no sistema de préstamo para todos; é que non é máis caro e vostede sábeo. E ademais no económico non hai anpa que negue outra vantaxe do sistema que reclamamos: compartir e o respecto cara ao libro de texto, que é un valor.

Vostede ten afirmado neste Parlamento ideas tan peregrinas como que co libro en propiedade ía mellorar o rendemento académico dos nenos e das nenas. Fomente a lectura nas bibliotecas e fomente as axudas e as edicións en galego. Volvemos ao cinismo, a iso de dicir unha cousa e facer a outra, porque se tanto valora a importancia do libro —que a ten—, ¿que veñen facendo nestes últimos trece anos en canto a investimento na produción editorial galega?

Pero o debate hoxe é outro, señor conselleiro. Estamos a falar de xustiza e de equidade educativa. Impulsan a estratificación social no ensino. Acaben con este modelo discriminatorio porque o café que quece o corpo neste momento de moito frío non o convida vostede, non o paga vostede, señor conselleiro. É de xustiza —dicíamos—, pero ao champán, ao gran reserva ben caro para que beban os ricos aos que vostedes lles poñen barra libre e que si son unha minoría, si que os convidan cos cartos das mesmas e dos mesmos aos que lles están a recortar en servizos básicos como a sanidade e a educación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Peche da interpelación, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Quedo un pouco decepcionado, señoría, porque contaba con que me respondera si ou non á pregunta. *(Risos.)* Eu fíxenlla tres veces e volvo repetila unha cuarta vez. *(Murmurios.)* Creo que é importante porque unha cousa é falar e outra cousa é ser claros no que se di.

A ver, ¿vostede —e, insisto, non vostede, a súa formación política— entende que os galegos —en xeral, en calquera momento económico—, sobre todo agora que parece que o futuro vai ser relativamente complexo, deben pagarlles os libros aos que estamos nesta Cámara? *(Murmurios.)* ¿Ou deben pagarlles os libros aos que están fóra desta Cámara e que teñen ben máis recursos ca nós? *(Murmurios.)* ¿Por que non o dixo claramente? *(Murmurios.)* ¡Dígao! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* ¡Se o entende, dígao! ¡Nós diremos que non! Nós dicimos claramente que non. Vostede dígao, se así o entende. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non hai nada máis que dicir. ¡Dígao! *(Murmurios.)* ¡Dígao con intensidade! *(Murmurios.)*

Eu agradézolle moitísimo que lera a miña argumentación do ano 2009 porque é exactamente a mesma naquel momento que hoxe. E aquilo que dixemos cumprímo-lo e non para unha minoría —como vostede di—, senón para un 75 % das familias, para aquela porcentaxe de familias que máis o precisaban concentrando os esforzos públicos precisamente nese amplísimo segmento social de Galicia.



No fondo —e vostede volveu ratificalo na súa segunda intervención— e con pouco que se lea entre liñas, vostede e a súa formación política quedou absolutamente en fóra de xogo. Vostede di é que hai que cambiar moitos libros. ¡Claro que hai que cambiar moitos libros! Pero, ¿por que?, ¿quen modificou de xeito unilateral a LOMLOE, a lei educativa? (*Murmurios.*) ¿Quen impulsa o cambio de todos os manuais e de todos os libros de texto dos cursos impares? ¿Quen adoptou a decisión de ter que cambiar practicamente o 50 % dos libros de texto? O Goberno Sánchez. (*Murmurios.*) ¿Quen non adoptou nin unha soa medida para axudar ás familias nun contexto económico tan complexo como o que vivimos? O Goberno Sánchez. (*Risos.*) ¿Que fai o Partido Socialista cando o presidente Feijóo —o presidente da oposición, neste caso— di que é necesario... (*Murmurios.*) —o presidente do PP e da oposición— ...axudar ás familias que máis o precisan cunha axuda económica —cuestionada absolutamente, pero non dan ningunha alternativa— de douscentos euros? Iso si, o alcalde de Vigo sae con douscentos cinco e moita xente pregúntase: ¿Douscentos cinco?, ¿por que douscentos cinco e non douscentos dez ou douscentos sete? Ao mellor, ao ser douscentos cinco xa é máis que o que ofrecía Feijóo e xa está. ¡Non cuestionamos esa axuda económica!

As familias de Vigo que precisan pola súa situación un certo impulso para poder facer fronte ás necesidades económicas deste inicio de curso téñeno. ¿Isto venlles a maiores? ¡Benvido sexa! ¡Fantástico! Agora, tamén agardemos a que non só sexa este ano, porque todos sabemos —á parte díxoo o señor alcalde de Vigo— que ía pagar en marzo. ¿Cando son as eleccións municipais, señorías? (*Murmurios.*) Non van ser moi lonxe. Agardemos que esta preocupación que vostedes manifestan tan grande tamén a manteñan para o ano que vén, (*Murmurios.*) porque senón imos dicir que ademais de ser un «café para todos» é un café para todos curtopracista. (*Murmurios.*) ¿Que vén esa axuda económica para as familias de Vigo? (*Murmurios.*) ¡Perfecto! Todos absolutamente encantados e as familias as primeiras; agora, non diga que esa é unha medida que se pode contrapoñer á axuda económica que fai a Xunta de Galicia. Porque realmente quen pode e quen necesita axuda económica por diferentes razóns, neste caso da Administración autonómica, tena.

Un alumno, tendo en conta o actual sistema, pode recibir da Administración autonómica, por exemplo, para axuda de libros de texto, en torno a douscentos dous euros de media e de fondos de libros cento oitenta e nove euros de media —uns con outros en función da renda, obviamente, e en función das necesidades e das características de cada momento concreto—; de materiais escolares —xa o falamos—, os de menos de seis mil euros van recibir setenta e cinco euros.

Creo que hai un sistema de axuda económica por parte da Xunta de Galicia ao inicio de curso que son cento dez millóns de euros que lle aforra a Administración autonómica ás familias galegas. E este dato nós entendemos que debe ser xestionado en base á renda. Vostedes entenden que non, aínda que despois vostedes saen a debate fiscal. Realmente, seguir falando e seguir plantexando o debate fiscal despois do que acaba de facer rompendo todo o discurso político do Partido Socialista un eminente presidente autonómico dunha comunidade autónoma tan significativa como Valencia, realmente é moi significativo. (*Murmurios.*) Creo que aí está claro que cada un plantexa un pouco o que lle interesa en cada momento concreto.

En todo caso, nós temos un modelo que funciona razoablemente ben e que dá unha cobertura a un 75 % das familias galegas en base á renda e que é progresivo en función ás necesidades



e ás características de cada unha das familias; que combina axudas directas con fondos de libros, con material escolar e tamén con libro dixital para poder aforrar precisamente o conxunto das familias. E eu realmente volver escoitar aquí unha defensa tan a ultranza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...por parte do Partido Socialista do sistema que puxo en marcha —por certo, cuns problemas enormes— o señor Pérez Touriño e que non cubría o 100 % —como vostedes din—. Simplemente dá unha certa melancolía política, pero esta melancolía política —digamos— combátese con valentía. E se vostedes foran valentes diríanlle á sociedade galega que os galegos teñen que pagarnos os libros aos que estamos aquí nesta Cámara e a moitos máis que están fóra. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o concerto do cantante C. Tangana en Vigo patrocinado pola Xunta de Galicia dentro da programación de concertos do Xacobeo

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona María do Carme González Iglesias, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Boa tarde a todos e a todas.

No pasado 23 de agosto, unha longa fileira de mozos e mozas agardaban dende a primeira hora da mañá no peirao de transatlánticos do porto de Vigo para acceder ao concerto de C. Tangana que se ía celebrar esa noite. Eses mozos e mozas eran parte das seis mil persoas que mercaran a súa entrada a un prezo de entre trinta e corenta e cinco euros. A ese concerto, patrocinado pola Xunta de Galiza, dentro da programación dos concertos do Xacobeo, accederon outras cincocentas persoas con invitación sen pagar nin un só euro e seguiron a actuación dende un palco VIP elevado por enriba do resto do público que si pagou a súa entrada. Cincocentos pases VIP que a Xunta repartiu entre cargos políticos do Partido Popular, familiares, amigos e militantes do Partido Popular. (*Aplausos.*) Cincocentos amigos do Partido Popular aos que as galegas e os galegos lles pagamos a entrada ao concerto de C. Tangana en Vigo. Os galegos e galegas pagámoslles unha festa privada aos amigos do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Nada que deba sorprendernos!

O PP rebaixa os impostos aos seus amigos millonarios, o Partido Popular paga pases VIP para os concertos aos seus amigos e o Partido Popular goberna claramente para os seus amigos. Mentres as galegas e os galegos están padecendo a maior crise de prezos en corenta anos e as familias están afogadas, o Partido Popular reparte pases VIP entre os seus amigos.



Señor Calvo, ¿canto nos custou ás galegas e aos galegos o concerto de C. Tangana en Vigo? ¿Canto nos custou a festa privada do Partido Popular en palco VIP dese concerto? ¿Que persoas accederon ao concerto con pase VIP sen pagar nin un só euro? ¿Con que criterios, señor Calvo, o Goberno galego repartiu as invitacións para acceder a ese concerto?

¿Que criterios utilizou o presidente Rueda, que ten as competencias do Xacobeo, para invitar os amigos, familiares e militantes do Partido Popular ao concerto de C. Tangana en Vigo? ¿Por que invitou a Xunta de Galiza a cincocentas persoas achegadas ao Partido Popular a un concerto pagado...?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González.

(A señora González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías, ¿de verdade que o que máis lle preocupa a vostede é isto? *(A señora González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non é a repercusión que teñen os concertos do Xacobeo? ¿Non é o impacto mediático que teñen? ¿Non é a reversión económica que se produce despois destes concertos? ¿Non é o esforzo de todos os patrocinadores que hai nestes concertos? Nin sequera lle preocupa a cantidade de xente que vai aos concertos e que efectivamente confirman que son un éxito de programación os concertos do Xacobeo. *(A señora González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, vostede diso non ten absolutamente ningunha opinión; ten opinión dunha zona vip e de se esa zona era máis elevada ou menos elevada que a do resto das entradas. *(Murmurios.)*

Mire vostede, o que vostedes son incapaces de entender e de soportar é o éxito que se está tendo coa programación dos concertos do Xacobeo e queren sembrar dúbidas constantes en todos os plenos. *(Aplausos.)* Seguen con este asunto, e no seguinte pleno xa teñen presentada outra iniciativa doutro concerto. Dá igual, poden vostedes intentar o que sexa, porque o que está claro é que se acertou coa programación e que as cousas se fan ben.

A aposta da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2021-2022 no patrocinio a eventos deportivos e culturais como o Son do Camiño, PortAmérica, Resurrection Fest, O Marisquiño —que se celebrou en Vigo— ten como obxectivo que milleiros de persoas, non só de Galicia, senón doutras partes de España, se acerquen ao noso territorio, á nosa comunidade, que fagan, loxicamente, un gasto importante e que coñezan Galicia. É unha das fórmulas de promoción máis axeitadas —téñeno confirmado todo tipo de administracións por toda España— e, ademais, é a que se segue para o patrocinio dos grandes eventos. Esa é a razón pola que o Goberno galego decidiu apoiar economicamente este tipo de eventos, porque se recupera con moito a cantidade, o importe ou o investimento que se fai en cada un destes concertos.



Pero debe vostede saber que unha cousa é o patrocinio e outra cousa é a organización. A Xunta non organizou este concerto. A organización correu a cargo de dúas empresas: Esmerarte Industrias Creativas e Old Navy Port Producciones, que ostentan os dereitos en exclusividade dos artistas que actuaron, que eran Víctor Manuel e C. Tangana. (*Murmurios.*)

Polo tanto, o que vostede non sabe é o que inclúe o contrato de patrocinio, que, por certo, non era só da Xunta de Galicia, senón que había moitos máis patrocinadores, señoría. (*Murmurios.*) E vostede intenta aquí dar unhas cifras e unhas cousas que non son reais.

¿Que inclúe o contrato de patrocinio? Pois ben, considérase patrocinador principal á Xunta de Galicia, Xacobeo 2021-2022. Aparecemos en todos os materiais promocionais *online* e *offline*. Os logotipos da Xunta, do Xacobeo e da Axencia aparecen nos espazos dominantes e hai entradas e invitacións á disposición de todos os patrocinadores; de todos, señorías. É máis, dentro dos propios concertos, os propios artistas son os que exixen, señoría —a ver se me escoita ben— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ter unhas invitacións para os seus invitados persoais. (*Murmurios.*) Tamén é certo —e vostede iso parece descoñecelo, debe ser porque nunca tivo que xestionar unha cousa parecida— (*Murmurios.*) que a Xunta de Galicia, como patrocinador principal...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente. Grazas, terminou o seu tempo. (*Aplausos.*)

Para a réplica, a señora González.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Mire, esta é a foto do concerto. (*A señora González Iglesias mostra unha fotografía.*) Esta zona iluminada, con zona de bar privado, é a zona vip; zona na que estaban sen pagar nin un só euro, polo visto porque o condicionou C. Tangana, que, se non, non actuaba, ¡eh!, ¡se non, non actuaba! (*Aplausos.*) Estaba Alfonso Rueda, presidente da Xunta; Marta Fernández Tapias, candidata á alcaldía do Partido Popular e delegada da Xunta de Galicia; e Jesús Vázquez Almuíña, presidente do Porto de Vigo. Ata aí estamos de acordo; é dicir, representación institucional. ¡Ah!, pero imos ver quen os acompañaba: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Alberto Núñez Feijóo, presidente do Partido Popular en Madrid —¡ah non!, presidente da oposición, acaba de dicir o señor Román—; a súa muller, Eva Cárdenas; Juanma Moreno Bonilla —debeu ser condición de C. Tangana ao presidente da Xunta de Galicia—; (*Aplausos.*) Nidia Arévalo, alcaldesa de Mos; Marta Ortega, presidenta de Inditex; e amigos, familiares e militantes do Partido Popular, ata chegar a 500 persoas, que accederon ao concerto de C. Tangana gratuitamente. (*Aplausos.*)

¿Que criterios utilizaron para que estas persoas seguiran o concerto desde esa posición privilexiada? ¿Cales, señor Calvo? Esa é a pregunta. ¿Será que C. Tangana condicionou que estivesen 500 persoas amigas do Partido Popular para facer ese concerto?

Mire, acaba de dicirnos o señor Román que non están de acordo co café para todos. E niso estamos de acordo. A súa política non é de café para todos; a súa política é de café, entradas e rebaixas de impostos para os amigos do Partido Popular. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González.

Para o peche da pregunta, o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Pasará aos anais deste... (*Murmurios.*), si, si, deste Parlamento, a súa intervención. Si, si, a súa intervención. Aos anais, señor Bará. Grazas.

Pero mire, señoría, vostedes a verdade é que levan a cabo esa campaña de «Rachemos co Xacobeo» —que tiveron que retirar—, porque seguen a pensar que calquera programación e éxito do Xacobeo é un éxito do Goberno do Partido Popular, e non é certo. A programación e o éxito do Xacobeo é o éxito dos galegos e de Galicia. ¡É o éxito dos galegos e de Galicia, señoría! (*Aplausos.*) Pero vostedes son incapaces de pasalo.

Di vostede que estaban unha serie de invitados, e empeza a dicir aquí que estaba o presidente da Xunta —¡fíxese, que gran agravio!—, a delegada na cidade de Vigo —¡que gran agravio!—, o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo —¡que gran agravio!—, e o agravio fundamental é que estaba o expresidente da Xunta de Galicia, tamén invitado durante dezaseis anos. ¡É un agravio tremendo! (*Murmurios.*) ¡Ah, coidado! E o peor aínda é que había un presidente doutra comunidade autónoma, ¡fíxese vostede! (*Murmurios.*)

É curioso, vostedes, cando o seu socio de goberno fai os concertos en Castrelos e vostedes están alí, e ben sentados nas primeiras filas cos cargos socialistas, aí non preguntan. (*Murmurios.*) Cando o alcalde de Vigo inclúe nos concertos facer de pregoeiro nos concertos, aí tampouco preguntan (*O señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Calvo Pouso, mostra unha fotografía.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non preguntan! ¡Non pasa nada! ¡Non pasa nada! Pero cando o Bloque Nacionalista Galego, nos seus actos, inclúe os concertos que fai o Concello de Pontevedra, aí tampouco preguntan. (*O señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Calvo Pouso, mostra un cartel.*) (*Murmurios.*) (*Protestas.*) ¡Non se preocupen, señorías, non se preocupen, nós non o incluiremos! (*Aplausos.*) Os carteis son do BNG, non do PP. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, señorías, os concertos deste tipo de artistas inclúen moitas cousas, hai moitos patrocinadores, que non é só a Xunta. Cando vostede di que había 500... Eu non sei nesa zona cantas entradas había. Pero debería de saber que todos os patrocinadores teñen entradas. Pregúntelle ao señor Bará, que disto sabe algo máis ca vostede. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Teñen entradas, todos teñen entradas. E, polo tanto, é normal que os patrocinadores leven xente. ¡Se aínda encima temos a posibilidade de que haxa un presidente dunha comunidade autónoma...! Non sei onde está o problema. (*Protestas.*) ¡Ah, claro! É que é do PP. ¡É do PP! Se fose doutro partido, non había problema. Ese é o problema que teñen vostedes, (*Murmurios.*) que intentan rachar con todo o que ten que ver co éxito do Xacobeo.

Pois poden vir vostedes a este pleno, poden vir a esta sesión, virán á que vén ou á seguinte e máis, dá igual, o éxito na programación dos concertos é evidente. A demanda de entradas



é evidente e faise como se fai en todas as administracións e en todos os sitios. E por moito que veña vostede aquí desgañitarse e intentar dicir barbaridades dá igual, señoría, dá igual. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Está totalmente claro que o éxito desta programación está fóra de toda dúbida.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ¡De toda dúbida, señoría!

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. (*Aplausos.*)

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impedimento por parte da Xunta de Galicia do exercicio do deber parlamentario de control da acción de goberno pola falta de resposta ás solicitudes de información dos deputados e das deputadas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde, vicepresidente.

A RAG define o verbo «ocultar» como facer que algo non se coñeza. Pois ben, seguindo o dicionario, voules ler o seu propio abecedario da ocultación.

Empecemos por «a» de artigos 9, os deste Parlamento, que solicitamos máis de cincocentas veces e teñen o 75 % sen responder. Ou «b» de Barreras, e os documentos sobre as axudas económicas que lles deron. «C» de CRTVG e o custo que ten o *Land Rober Tunai Show*, por exemplo. «D» de democracia, que, polo que se lle ve, non o levan moito ao día. «E» de Eulen e os contratos que lle adxudicaron desde o 2009 a esa empresa, que misteriosamente e casualmente dirixe a irmá de Feijóo. «F» de falecementos nas residencias, concretamente os desagregados por centros durante a pandemia. «G» de gustazo —e ben que se viu— do que dá ver os concertos, como o de C. Tangana, xunto ás amigas (*Risos.*) (*Aplausos.*) e amigos de partido desde un palco vip e, sobre todo, cando pagan os galegos e as galegas. «H» de hidroeléctricas e os seus expedientes sancionadores. «I» de interrupcións voluntarias de embarazo, que seguen sen querer darnos os números. «L» de listas de espera, en concreto da atención hospitalaria. «M» de Mi casa, a residencia que encerraba anciáns en galpóns —pois pedímolles casualmente as actas de inspección e expedientes sancionadores e non nolos queren dar—. «N» de Next Generation, en concreto dos proxectos remitidos ao Goberno central, e non nos pasaron nin o primeiro. «Ñ», o que está dentro de artimañas, das que fan para non respondernos, ou das que cando nos responden non nos din nada. «O» de obxectores de conciencia, en concreto das interrupcións do embarazo nas áreas sanitarias. «P» de PP, que casualmente ten o cen por cento dos artigos 9 xa respondidos. (*Risos.*) «Q» de ¿que pasou co seu compromiso coa transparencia? «R» de Rede Natura, en concreto, dos parques eólicos que se construíron nela. «S» de Sergas e dos seus contratos e convenios



coa sanidade privada. «T» de Tragsatec e das súas actuacións sobre o patrimonio cultural galego. «U» de Universidade Abanca e do cambalache que fixeron aquí para que saíse adiante. «V» de vivenda baleira e do seu censo, que non nos queren proporcionar, non sei por que. «X» de Xunta e, en concreto, do titular: «O Consello de Contas requírelle á Xunta transparencia financeira». E «z» de Zas, de Mercedes Queixas Zas, que ten a honra de levar agardando a que lle respondan un artigo 9 máis de 750 días, e iso que teñen 30. *(Aplausos.)* ¡Iso que teñen 30 como máximo!

Entón, a pregunta é, que se ocultan todo isto e moito máis —porque podería facer o abecedario dúas veces—, ¿que é o que esconden vostedes, señores e señoras do Partido Popular? Agardo unha resposta, se o ven ben, porque para iso vimos a este Parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Bueno, á parte da ocorrencia, hai algunha cousa que molesta en especial. E que dende o Bloque Nacionalista Galego nos veñan dicir con «d» de democracia que non somos demócratas, o partido que vai nunha lista electoral cun partido como é Bildu *(Murmurios.)*... Eu, dende logo, non vou permitir leccións de democracia de ninguén do Bloque Nacionalista Galego. Iso que vaia por diante, antes de contestar. *(Aplausos.)* Non, non, antes de contestar. *(Murmurios.)* Son vostedes os que van con ese partido. Dende logo, nós, non. *(Murmurios.)*

Pero mire, despois da gracieta, o que pasa é que eu lle pediría un pouco de rigorosidade, para que non lle pase o que lle pasou á señora Pontón cos salarios dos médicos. Pedíralle un pouco de rigorosidade.

Fíxese vostede, no ano 2015 neste Parlamento fíxose un plan de impulso democrático. O obxectivo era incrementar a transparencia ao máximo e dar participación cidadá. Sabe vostede que a nosa lei autonómica é das leis que máis deberes pon ao Goberno, neste caso ao Goberno galego, e sabe vostede que —igual non o sabe, pero pode preguntarlles aos máis veteranos— foi aprobada co Partido Popular e co Grupo Parlamentario do Partido Socialista, e os do Bloque, coma sempre, os do non, votaron que non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eses son vostedes, os que votaron non á Lei de transparencia neste Parlamento.

Pero sabe vostede que a petición de información non é só a través do artigo 9, que pode haber moitas máis cousas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Voulle facer un repaso.

No ecuador desta lexislatura o Goberno galego contestou 1.912 preguntas escritas, 5.127 preguntas orais e xa levou a cabo 160 comparecencias entre pleno e comisións. E o que seguro que non poden dicir da Xunta é o que din os tribunais do seu socio de goberno, que aí vos-



tedes non din nada. Dicían hai pouco que o Goberno de Sánchez infrinxiu 1.200 veces a Lei de transparencia. Nós, ningunha. Pero non pasa nada, eles son os seus socios, ¡son os seus socios! e vostedes, cos socios, tragan no que sexa, porque lles interesa máis o sillón que outras cousas. Pero poden facer preguntas, non hai problema. *(Aplausos.)*

Nós contestamos moito máis que cando vostedes formaban parte do Bipartito, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, é a comparación que podemos facer. Xa sei que non lles gusta, pero é a comparación que podemos facer.

Mire vostede o seu balance. Deixaron sen contestar 2.997 preguntas escritas e 2.045 preguntas orais e deixaron sen tramitar 568 solicitudes de comparecencia. É dicir, máis da metade das solicitudes de comparecencia non foron tramitadas por vostedes, ¡por vostedes!

Polo tanto, veñen darnos leccións de democracia. Pois, mire, os datos están aí. A Xunta atendeu máis peticións —fíxese o que lle vou dicir, atenda, ¡eh!— de información na última lexislatura, máis solicitudes de artigo 9, con menos solicitudes —atenda, porque despois non controla os datos—, ca vostedes nos catro anos que estiveron no Bipartito.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Para a réplica, o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Ben, señor Calvo, eu empecei co abecedario de Rosalía e vostede acabou en Bildu. ¡Mire vostede como trata a cousa!

Pero di moito —e agora xa fóra de brincadeiras— que o único argumento que teñen ao que remitirse, cando os poñen contra a realidade, é que sexa a algo de cando eu estaba en 6º de primaria. Ou sexa, que, como dicía, a compañeira Olalla, ¡vaia trauma, vaia trauma! *(Aplausos.)* E, sobre todo, que é o peor, ¡vaia trauma e vaia pena! Porque xa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Desculpen, por favor, ¡eh!, ¡vaia trauma e vaia pena!, porque que os galegos e as galegas teñan un goberno que a única resposta que teñen a que non están cumprindo o seu regulamento sexa «Bipartito» e repetir «Bipartito» como un papagaio, pois di bastante, di bastante do goberno que temos. E eu non teño a culpa de que quixesen facer esa renovación do regulamento e que se puxesen a si mesmos trinta días como máximo para responder e que logo non respondan nin en trescentos cincuenta días nin en setecentos nin en máis de setecentos cincuenta. *(Aplausos.)* Porque o fan sistematicamente.

E xa non entremos na calidade das respostas que dan logo ás preguntas escritas, que, ben, iso dá para outro tema, e sábeno ben aquí tamén os compañeiros do Partido Socialista.

Pero o peor de todo, o que está detrás de todo isto é que tratan tanto o Parlamento como o Goberno galego como se fosen a súa leira, a súa empresa privada, e isto non é a leira nin a súa empresa privada, isto é onde reside a soberanía do pobo galego, e nada máis. *(Aplausos.)* Ou sexa, aquí están todos os que están sen responder, e só son os enunciados, e aquí o



que ten que responder. ¿Por que non o fixeron? Porque, se non, quen xera dúbidas son vostedes, que non responden a todos os artigos 9 que lles enunciarei. ¿Por que, por exemplo, non temos as facturas dos contratos de Eulen? Dígano. E é un exemplo de moitos. Son vostedes os que xeran dúbidas. Isto non é a súa leira, isto é o Parlamento de Galiza, onde reside a soberanía do pobo galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Na presente lexislatura, da que aínda estamos no ecuador, a Xunta ten rexistradas un total 1.024 solicitudes de información. Esa cifra supera con creces as que tiveron vostedes cando eran goberno, 971 en dous anos nós e vostedes en catro anos. Para que vaia vendo por onde imos. Pero isto non é casualidade e, polo visto, volvo insistir na necesidade desa lealdade institucional que vostedes non teñen.

Fíxese: nós plantexamos cando estabamos na oposición artigos 9 que non foron contestados por vostedes. Plantexamos artigos 9 cando había que pedir información acerca do escándalo do secretario xeral da anterior Vicepresidencia, do Bloque Nacionalista Galego, cando tivo que intervir a Policía e houbo ameazas gravadas; pedimos información, o Bloque Nacionalista Galego non contestou. Pedimos información cando se perderon os exames dunha oposición e, non obstante, o Goberno do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista non contestou. Pedimos información acerca das obras de remodelación en San Caetano, adquisición do coche blindado; o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista non contestaron. Esa era a forma de actuar que tiñan vostedes e coa que agora veñen aquí pedir explicacións e dar leccións non sei de que.

Pero hai máis. (*Murmurios.*) Isto non é casualidade. ¿Que é o que teñen vostedes pedido a día de hoxe e do que se queixan continuamente? Os informes —que tamén fixo referencia nese abecedario de non sei que— de KPMG acerca da fusión das caixas séguenos pedindo, o cal xa se achegou aos grupos parlamentarios no seu momento. Pero a vostedes dálles igual, volven meter un artigo 9 porque forma parte desa listaxe que din vostedes que non se contesta. Ou, por exemplo, as copias dos convenios ou contratos concertados entre a Xunta e os colexios profesionais da avogacía de Ourense, Ferrol e A Coruña. Están publicados no Portal da Transparencia, pero vostedes meten un artigo 9 porque fai ruído e lles serve para vir aquí facer ruído, que é o que saben facer. Ou da solicitude dos informes do Consello da Xunta de Galicia, os cales debería saber, e, se non, pregunte, que algún haberá que llo poida dicir, que son de carácter deliberativo e ademais non poden ser públicos. Pero vostedes meten un artigo 9 porque lles gusta para facer ruído e lles vale. (*Murmurios.*)



Pero hai máis. ¿Cando son os picos de solicitude de información? Fíxese vostede: entre o 26 e o 28 de abril do ano 2021, en plena pandemia, en dous días, ¿sabe cantas solicitudes de artigo 9 houbo neste parlamento? 434 solicitudes. (*Murmurios.*) É dicir, no medio da pandemia cando todo o mundo estaba traballando arreo facendo o que podía, o Bloque, para colaborar (*Murmurios.*), para colaborar, mete en dous días 434 solicitudes. O que estaban facendo era preconstituíndo proba; imos meter 431 e despois dicimos que non nolas contestan; entón, non son transparentes.

Pero a xente xa lles colleu a matrícula hai tempo, (*Murmurios.*) xa lles colleu a matrícula. Isto non cola, porque isto é de parvulitos, se mo permite. Isto é de parvulitos, de primaria, de 0 a 3 anos, a gratuíta en Galicia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de 0 a 3 anos.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa está contestado. Grazas.

(*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a consideración do Goberno galego respecto do que pretende o Executivo central coa reforma do Regulamento de costas

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.

Vimos de ter un debate intenso sobre o Regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas, dende o golfo de Cádiz ata o norte de Irlanda. Nese debate tratamos de moitas formas e démoslle moitas voltas ao posible conflito que xorde entre o coidado do medio ambiente, dos fondos mariños do mar cun sector tan importante en Galicia como é o da pesca.

Deixamos claro, tanto a conselleira de Mar coma min, que dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia somos os primeiros interesados en coidar do ambiente e protexelo. Pero tamén deixamos claro que Galicia vive da pesca en gran medida, que Galicia vive na costa, que Galicia coida e defende a costa, e non só dende o punto de vista paisaxístico, senón tamén dende o punto de vista social e económico.

Pero isto non o entenden en Bruxelas, iso é o que quedou de manifesto no debate, e isto non o entenden en Madrid, que é aínda máis grave. Porque un goberno do PSOE e de Podemos, que non mira para os nosos intereses de Galicia, agora vai legislar dunha maneira que afecta directamente a costa galega e a forma de vida dos galegos. Digo que os ministros do Goberno de España, o propio presidente Sánchez, atacan directamente a cadea mar-industria, atacan directamente as vilas costeiras, legislando en contra dos nosos intereses unha normativa referente ademais á costa que plantexa o Goberno de España, que reforza a intención de expulsar do litoral toda presenza social e económica, ese valor que temos aquí en Galicia e que



non entenden, sen ningunha xustificación técnica; algo que dende a propia Xunta e dende o Partido Popular levamos tempo denunciando e levamos tempo intentando que entendan e que o cambien.

Eliminar a prórroga extraordinaria e automática de concesión, limitar a duración desas concesións, a posibilidade de modificar os límites de dominio público son algunhas das preocupacións que se plantexan entre os afectados.

Son preto de cinco mil edificacións de oitenta concellos costeiros, de instalacións vencelladas, como dixen, á cadea mar-industria, pero tamén centros de saúde, tamén EDAR, tamén colexios, é dicir, unha forma de vida, como digo, nas vilas costeiras que non entenden á hora de legislar.

Polo tanto, nós preguntamos, conselleira, tendo en conta ademais o interese que plantexa sempre este grupo polo respecto ao medio ambiente e polo respecto ao sector pesqueiro: ¿cal é a opinión do Goberno galego sobre o que pretende o Executivo central co Regulamento de costas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Egerique, a postura da Xunta de Galicia é máis que clara en relación coa costa. E é unha resposta de coidado medioambiental, pero tamén é unha resposta de coidado social e unha resposta de coidado económico. Galicia non pode darlle as costas á costa galega, porque sería darllas a si mesma.

E como non pode ser doutro xeito, dende o ano 2018 estamos buscando respostas. Respostas dialogando co Ministerio de Transición Ecolóxica; respostas dialogando con todos os técnicos de Costas, e a resposta son distintas reformas normativas aprobadas polo Goberno central dende hai tres anos que o único que fan é prexudicar Galicia e os galegos. Unhas decisións que se toman dende Madrid, a seiscentos quilómetros, pero unhas decisións que non están baseadas en ningún campo de carácter científico nin técnico, simplemente é ideolóxico.

Pero son unhas decisións moi pouco valentes, porque, primeiro, léxíslase, para despois dicirlle ao resto dos galegos: fíxense que a Xunta de Galicia, fíxense que a conselleira do Mar ou a conselleira de Medio Ambiente estalles tomando o pelo, non é real, aquilo que escribimos non quere dicir o que queríamos dicir.

Ben, ao final, que comezamos o ano 2018 coa modificación do Regulamento da Lei de costas, foron miles as alegacións que recibiu o Ministerio de Transición Ecolóxica, tiveron que dar



marcha atrás. Continuaron coa Lei de cambio climático e aí meteron un artigo, o artigo 20, que supón a modificación na duración das concesións en dominio público marítimo-terrestre. E isto non quedou aí e, polo tanto, seguiron avanzando. E seguiron avanzando e atopámonos neste mes de agosto con outra modificación, outra modificación do Regulamento xeral de costas a través doutro real decreto. Porque son especialistas en reais decretos. En concreto, é o 668/2022, do 1 de agosto, que elimina, elimina *de facto* a posibilidade de prórrogas extraordinarias. Porque fíxese que xa cambiaron; entón, de setenta e cinco anos imos a trinta anos.

Pero non só iso, senón que cun Plan estratéxico nacional para a protección da costa española, considerando que para desenvolver este plan estratéxico había uns efectos que eran os efectos do cambio climático, polo tanto, deciden que Galicia ten que ter a súa costa libre no ano 2045.

Agravio tras agravio, e aquí pois non nos queda outra, non nos queda outra máis que empeñarnos, dar un paso adiante, legislar, porque de non facelo atopariámonos cun gran problema...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...económico e de emprego en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Entendemos pola súa resposta que Galicia non quedou de brazos cruzados nin vai quedar de brazos cruzados. A Xunta de Galicia nunca o fixo e sempre estivo, como digo, na defensa do sector da cadea mar-industria nun principio de todas as vilas costeiras e de que estes agravios non se produciran.

Precisamos que se manteña o principio de seguridade xurídica, é importantísimo, porque agora xa está outra vez, vai pasando o tempo e a ameaza xa está enriba. É un escenario claro e é preciso ademais para os afectados, que necesitan ter garantías para ter máis investimentos e para continuar cos postos de traballo, e, como dicíamos, sempre cunha forma de vida en Galicia que dende o Goberno de España non entenden. E non entenden e maniféstano. Por iso nós consideramos que é dunha enorme irresponsabilidade.

Dende abril de 2019 vimos dende parte da oposición e nun primeiro lugar insultos como que non sabíamos o que dicíamos, que era todo para defender Ence, que non entendíamos



nada e que estabamos confundidos. Despois xa foron mudando de opinión, xa tivemos acordos parlamentarios por unanimidade, pero vemos que realmente dende o Partido Socialista e os ministros do Partido Socialista teñen unha liña de traballo clara. E, como dicía vostede, unha ideoloxía que é profundamente medioambientalista e que se confunde con Galicia, que quere legislar igual para as costas mediterráneas que para as costas galegas. E iso non é o mesmo.

Polo tanto, eu, conselleira, agradezo todo o seu traballo. Sei que tivo reunións, cartas, presenza en Madrid con outras comunidades autónomas; sei que a conselleira do Mar tamén o fixo. E agradezo ademais tamén que queira implicar vostede os alcaldes, malia que os que non son do Partido Popular, os alcaldes do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, non asisten ás reunións, non queren enterarse deste tema, porque cren que a eles non lles afecta, e teñen a mesma liña que ten o Goberno de España. É dicir, alcaldes do Partido Socialista da provincia de Pontevedra, alcaldes do Bloque Nacionalista Galego que non queren escoitar todo o que a Xunta de Galicia vai facer para defender os intereses...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...dos galegos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Egerique, debemos de ser claros e, polo tanto, eu si que quero dar a coñecer aquí o que fixo o Goberno galego. Primeiro presentamos alegacións ao Regulamento de costas, fixémoslo tamén á Lei de cambio climático e agora recentemente fixémoslo ao Plan de costa libre, aínda que moito me temo que isto todo vai caer en saco roto.

E para reforzar todo o que vimos reclamando, tamén contamos cun ditame do Consello Consultivo, porque vimos que había que dar un paso á fronte. O ditame do Consello Consultivo, que emitiu este mesmo verán, avala a capacidade da Xunta de Galicia para poder legislar sobre a costa galega.

Por todo isto e para defender o futuro da nosa costa, hai que dicir que, á parte de avalar e que nos imos poñer a legislar, tamén lles anuncio que levaremos ante o Supremo o Regulamento da Lei de costas, porque non podemos consentir que, de repente, de setenta e cinco anos pasemos a trinta anos e quedemos de brazos cruzados.

Pero non só iso, xa que a delimitación do dominio público marítimo-terrestre que temos agora mesmo e que se podía variar en función de distintas causas, pero, sobre todo, se en cinco temporadas existían pois cinco temporais e, polo tanto, chegaba ata un lugar deter-



minado esa liña, agora, cun só temporal e unha soa gran onda, pódese modificar o límite do dominio público marítimo-terrestre. Polo tanto, é que estamos nunha inseguridade continuada.

Polo tanto, non imos quedar de brazos cruzados e non podemos seguir poñendo en risco as miles de edificacións. Esta mañá eu reuníame, efectivamente, cos alcaldes da provincia de Pontevedra e alí dicíalles que teñen afectadas directamente 1.762 edificacións.

Polo tanto, estamos nun momento crucial, nun momento onde está en consulta pública previa a que vai ser a Lei de ordenación do litoral galego e aí han de facer a súa contribución. Han de facer a contribución os alcaldes, as asociacións, as distintas organizacións, porque o que buscamos e o que traeremos a esta cámara nace cun só obxectivo, e ese obxectivo é buscar o autogoberno pleno e a ordenación da franxa costeira.

E imos dotar a franxa costeira dunha normativa propia dende o punto de vista ambiental, social e tamén económico, dando seguridade xurídica aos titulares das instalacións xa existentes agora mesmo no dominio público marítimo-terrestre pero nos que nun momento determinado puideran ser ou formar parte dese dominio público marítimo-terrestre, pero tamén os usos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señor CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...os cambios de usos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre os fondos para financiar por parte da Xunta de Galicia o desconto do cincuenta por cento nos prezos no transporte metropolitano

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Antes de entrar na pregunta e vendo que se deixou caer que os alcaldes e alcaldesas da provincia de Pontevedra non defendían a súa cadea mar-industria, o que non queren é entrar no xogo partidista da Xunta de Galicia, porque é clara a postura do PSdeG, que é firme, clara e coñecida polo sector, de defensa da cadea mar-industria. (*Aplausos.*) E, por certo, benvidos, señorías do Partido Popular, a solicitar agora a transferencia da ocupación do dominio público marítimo-terrestre, que levabamos os socialistas pedindo tanto e tanto tempo. Polo tanto, benvidos a esa reivindicación.



Señora conselleira, a verdade é que vimos de ver na anterior interpelación que facía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego como vostede segue totalmente alonxada da realidade. Chéganos a dicir que os problemas que acontecen co Plan de transporte público galego pois son problemas puntuais que non están a acontecer ao longo e ancho de todo o territorio galego, que son pequenas as deficiencias, que non hai incumprimentos reiterados de contratos por parte das empresas adxudicatarias, que vostedes non abdican das súas responsabilidades de inspección e de control nestes contratos e seguidamente, se hai incumprimentos nas sancións. Claro, é que vostedes, en vez de traballar para mellorar e para superar as eivas que están constatadas, que se están a dar neste Plan de transporte público galego por estrada, en vez de traballar para mellorar estas eivas, en vez de traballar para dar resposta ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega, claro, é que vostedes gastan todos os seus folgos en buscar confrontacións co Goberno central, en terxiversar a realidade e en mentir á cidadanía galega.

Porque vostede sabe que no pasado mes de xuño o Consello de Ministros aprobaba o Real decreto lei 25/2022, que, por certo, despois, como en numerosas ocasións, tampouco contaron as medidas que nel contemplaban co apoio do Partido Popular. Pero este real decreto contiña as medidas polas que o Goberno central financiaba a redución dos prezos dos abonos do transporte público, por un lado, no transporte que era competencia estatal —estamos a falar da gratuidade dos trens nalgúns casos e, noutros casos, desa redución do 50 por cento—, pero vostede tamén sabe que ese real decreto contempla axudas directas de cara ás comunidades autónomas e as entidades locais para que poidan rebaixar nun 30 por cento o prezo dos billetes que son da súa competencia.

Ultimamente vemos verbas, tanto súas como do propio presidente Rueda, dicindo que a Xunta de Galicia financia un 50 por cento na rebaixa dos prezos dos billetes que son competencia do Goberno galego. Polo tanto, nós hoxe o que queremos saber é de onde saen eses fondos, de onde proveñen eses fondos, cos que a Xunta de Galicia di financiar o 50 por cento de redución no prezo deses billetes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Otero, eu creo que a resposta á súa pregunta é realmente moi sinxela: as bonificacións do 50 por cento dos billetes de autobús competencia da Xunta de Galicia están financiadas a día de hoxe integramente polos orzamentos da Xunta de Galicia, pola Xunta de Galicia. E non o di a Xunta de Galicia, é que o di tamén o propio ministerio. Polo tanto, a Xunta de Galicia é quen está asumir integramente cos seus fondos propios, cos fondos de todos os galegos, as bonificacións do 50 por cento nos prezos do autobús dende o pasado 1 de setembro, porque o Ministerio de Transportes non di nin canto vai pagar nin cando vai pagar.



E aquí eu podo deixarlles, se lles interesa (*A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra un documento.*): *Gobierno de España, Ministerio de Transportes: Lleva aparejada la necesaria revisión de los nuevos expedientes con la máxima diligencia y celeridad. En todo caso, tan pronto como sea posible, se realizará y notificará la resolución de los expedientes, que permitirá saber las cuantías concretas que corresponden a cada comunidad autónoma. Agradezco su colaboración y el esfuerzo de la Comunidad Autónoma. Polo tanto, isto é deixar a deber, no meu pobo chámase deixar a deber, por parte do Gobierno de España. (Aplausos.)*

Pero eu insisto: é o que di o propio Ministerio de Transportes. Deberían de informarse antes de facer este tipo de cuestións. Nós celebraremos cando veñan, se é que veñen, eses cartos que di vostede. Porque xa estamos acostumados a cambiar reais decretos constantemente e dar bandazos pois en diferentes cuestións. Polo tanto, están revisando expedientes, non saben canto van pagar, non saben cando se vai pagar. Polo tanto, branco e en botella, señora Otero: o Ministerio de Transportes non pagou nin un só euro á Xunta de Galicia en materia de bonificacións que están aplicándose dende o 1 de xaneiro. Polo tanto, a Xunta de Galicia é quen se está a facer cargo desas bonificacións.

Como dicía, había un real decreto, eu comparto con vostede que hai un real decreto, que se modificou, habíao en xuño, logo en agosto xa rectifican, a saber o que pasa en outono, en outubro, porque nunca se sabe.

Polo tanto, eu insisto en que esta praxe de traballar para min é seria nunha administración pública, e insisto: é deixar a deber aos demais. Nós aplicamos os descontos por responsabilidade, porque compartimos que hai que ser sensibles coas familias, e incrementamos a bonificación non do 30 senón ata o 50 por cento en todas as liñas de transporte pero tamén no transporte de ría e no bus urbano de Ferrol e Pontevedra.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, vostede sabe que isto non é só un real decreto que está publicado no *Boletín Oficial do Estado*, e que polo tanto coñécense os prazos nos que se vai dar ese diñeiro, esas axudas directas por parte do Gobierno central.

Pero mire, vostede dixo claramente que a Xunta está a asumir o 50 por cento desa rebaixa. Pois, polo tanto, eu alégrome, porque hoxe vostede pode trasladarlle a mensaxe á cidadanía galega que, como a Xunta de Galicia está a financiar con fondos propios o 50 por cento do prezo dos billetes que son competencia da Xunta de Galicia, aproveitando o 30 por cento que vén de fondos propios do Estado, polo tanto, benvido, porque todos os galegos e galegas terán unha rebaixa do 80 por cento no prezo do billete. (*Aplausos.*) ¿Non é iso o que me quixo dicir, señora conselleira? Porque, se vostedes están a financiar con fondos propios o 50 por



cento, aproveitemos tamén ese 30 por cento que está publicado no *Boletín Oficial do Estado*, que di que son axudas directas tanto para as entidades locais como para as comunidades autónomas, para rebaixar nun 30 por cento o prezo do billete. Eu a verdade é que son de letras, pero 50 máis 30 dan 80. Polo tanto, os galegos e as galegas van ter unha bonificación grazas á Xunta de Galicia e ao Estado do 80 por cento no prezo dos billetes.

Mire, señora conselleira, vostede, ademais, que di preocuparse tanto polo transporte público e por esas rebaixas para a mocidade, tan preocupada porque noutros concellos non os apliquen, e xa que estiveron tan preocupados co que está a acontecer na Generalitat valenciana intentando comparar a rebaixa do IRPF para rendas inferiores a 60.000 euros, que iso é o que pasa na Generalitat de Valencia, moi distinto de rebaixar o 50 por cento o imposto de patrimonio que fai aquí a Xunta de Galicia, faga como a comunidade valenciana e rebaixe, poña gratuidade en todos os transportes públicos competencia da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...aos menores de 30 anos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señor presidente.

Señoría, parece que non entendeu o escrito do ministerio. Nese *BOE* non aparecen contías para nada, pero o certo é que meteu un gol na súa propia meta.

80 millóns de euros son os que inviste a Xunta de Galicia cada ano en subvencionar o transporte público, porque xa hai bonificacións existentes da Xunta de Galicia, incluída a xente nova, que é gratuíto; xa non é de 80, é gratuíto. Polo tanto, confúndese de 80: 80 millóns de euros son os que inviste a Xunta de Galicia por garantir un transporte público de calidade (*Aplausos.*) na nosa Comunidade Autónoma. É que meten un gol na súa propia meta.

Eu insisto: é a Xunta de Galicia a que a día de hoxe está realizando as bonificacións do 50 por cento, a maiores das bonificacións que xa existen e que asume a Xunta de Galicia coa TMG. Debería vostede sabelo. E na primeira quincena, a maiores, con esa bonificación do 50 por cento xa tivemos que inxectar un millón de euros nestes quince días, e estou pagando a Xunta de Galicia. Do Ministerio de Transporte —insisto— é que non chegou nin un euro. Insisto: ensineme nese *BOE* que cantidade pon; non hai cantidade.

Prazos que van cambiando. En outubro a saber que prazos nos dan, que están revisando expedientes, señoría, que non entende o escrito do Ministerio de Transportes, e eu voullo deixar, que non sei se pode, pero aquí queda en calquera caso, e trasládollo a Presidencia.



Nós apostamos polo transporte público, somos sensibles coas necesidades a día de hoxe que existen na sociedade, pois cunha inflación desbocada, con dous díxitos, e o prezo dos carburantes, polas nubes, e, polo tanto, nós comprometémonos a aliñarnos nas bonificacións do transporte público.

Comprometémonos, planificamos e pagamos —insisto: pagamos—. Nas administracións públicas traballamos pagando, señoría. É que, dende logo, deixar a deber... (*Murmurios.*) Non sei vostedes como soen facer. Eu reitero: estamos a asumir o cen por cento a día de hoxe das bonificacións. E, polo tanto, somos un goberno serio, somos un goberno responsable, somos un goberno sensible coa situación que está a pasar con moitas familias como consecuencia dos prezos dos carburantes, e, polo tanto, vemos unha liña importante de bonificación e de dar accesibilidade aos autobuses.

¿Disparouse a demanda dende o 1 de setembro? Si, e por iso incrementamos e reforzamos de xeito titánico as prazas dos autobuses. Díxeno na miña interpelación antes: dende un venres pola tarde ata o domingo, máis de catro mil novas prazas de reforzo de autobús, mil cincocentas pola semana. O can nos trens, señoría. (*Murmurios.*) Pois tivemos que poñer os buses nós, o alcalde de Santiago sábeo.

Señoría, deixen de defender tanto a Sánchez, que deixa a deber, defendan máis a Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a decisión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de non cubrir as baixas por xubilación de tres docentes no Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar, de Noia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Familias do IES Rego de Trabe e do colexio de Bergondo reclaman máis docentes de apoio, a ANPA do CPI do Toural alerta do recorte do profesorado para este novo curso, as familias do colexio de Salcedo agárranse á pancarta para denunciar un recorte de docentes, os institutos de Ferrolterra afrontan un curso con protestas polo recorte de docentes, peche no instituto de Cedeira polo recorte de profesorado, nova protesta no CEIP das Fontiñas polos recortes de profesorado.

E cada día, señor conselleiro, estes titulares na prensa, porque, por máis que o negue, o seu Goberno iniciou, xa hai anos, a axenda de recortar profesorado, e non deixan de negalo, con argumentos torticeiros, de cotas e de ratios, pero a realidade é que esa mingua de pro-



fesorado ten os centros educativos asfixiados, obrigados a facer máis con menos, e, ademais —vostede sábeo ben—, xa moitos en rebeldía contra a súa consellería.

Pero imos ao concreto. Este verán decidían que non ían cubrir no IES Virxe do Mar, de Noia, tres prazas de docentes que perde ese centro por xubilación, co conseguinte profundo malestar e indignación entre o cadro do seu profesorado. Falamos dun centro que nos últimos anos e co mesmo alumnado, se non máis, viu reducido o seu claustro en sete profesionais, só este curso perden tres. Esta mingua de profesorado —por certo, sobre todo especialista— obriga a que os docentes e as docentes vaian impartir materias para as que non teñen a formación específica ou mesmo reducir tamén materias optativas, o que supón —esa redución de materias optativas— que o alumando vai ter que cambiar as súas preferencias ao respecto dos estudos superiores ou os seguintes estudos que pensaban cursar.

O profesorado deste centro noiés —vostede sábeo ben, porque este verán emitían un comunicado moi contundente— denuncia tamén a masificación que sofren as aulas por culpa destes recortes, e que sobre todo inflúe negativamente na atención á diversidade ou na orientación. Sabemos ben a preocupación que teñen vostedes por ese tema nuns tempos nos que está aumentando o número de estudantes con necesidades especiais e que precisan dunha atención máis personalizada.

Lamento dicirlles que nós xa sabemos o que nos vai responder hoxe aquí: os números dan, cúmprense as ratios, as contas saen, e punto, xa está. Para a consellería o alumnado e tamén o profesorado son números, números, non hai máis. Tanto ten cantos edificios ten un centro, tanto teñen tamén as necesidades do alumnado, tanto teñen os proxectos nos que estea ese centro traballando, tanto ten a organización interna dese propio centro. Os números dan. E así todo, así todo.

Ao mellor é que hoxe vostede nos vai dar aquí unha resposta distinta á pregunta que lle imos facer agora, e é se pensan cubrir vostedes este curso as tres prazas de docentes necesarias no IES Virxe do Mar, de Noia, logo do rexeitamento público e contundente de todo o cadro de persoal do centro.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Díaz.

Para contestación, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Os últimos días de agosto e os primeiros días de setembro viamos como o Partido Socialista, altos cargos, altos representantes do Partido Socialista facían declaracións públicas sobre que había unha perda de profesorado respecto do curso anterior, que había un recorte —



palabra que utilizan moi a miúdo— de profesorado respecto do curso anterior, que cifraban un día en mil, outro día en oitocentos, outro día en trescentos. Iso dicíano constantemente. Na pasada sesión plenaria pois eu puxen encima da mesa os datos concretos de profesorado e deilles creo que un dato bastante solvente. Sempre dicíamos que ía haber un número semellante —tiñamos naquel momento máis once profesores respecto do curso anterior; máis once profesores non é moito recorte, a verdade— e que tiñamos, sobre todo, se comparabamos co último curso prepandémico, cando non había medidas excepcionais derivadas da crise pandémica, ao redor de quíntos profesores máis que no último curso da pandemia, no último curso prepandémico. Iso obviamente desmente e fai que haxa un recorte, un recorte de credibilidade absoluta nas cifras e nos datos e nos argumentos que ten o Partido Socialista, ademais tendo en conta que hai unha caída do alumnado, por exemplo na área de primaria, tremendamente significativa, de arredor de quince mil alumnos menos respecto do último curso prepandémico.

Obviamente, nós —ten que ser así, porque somos unha administración seria— facemos unha adecuación dos recursos humanos, por unha parte, á dinámica demográfica e, por outra parte, ás demandas do alumnado de diferentes ciclos educativos. Sempre se fixo, e por suposto sempre se fixo cumprindo a lei, cumprindo os ratios, que están fixados por unha lei promovida por un partido, polo Partido Socialista, e aprobada, segundo di o seu compañeiro, por todos menos polo PP non hai demasiados meses.

Un centro educativo, o mapa educativo non é fixo, evoluciona, cambian as necesidades, pero o que si sempre se cumpre son os ratios necesarios. E dá a sensación de que vostedes queren seleccionar un caso, dous casos, tres casos, onde hai unha adecuación do profesorado, dos recursos, ás necesidades para intentar paliar ese recorte de credibilidade que ten, que tivo e que ten na cidadanía galega o que vostedes dixeron durante moitos días, e que ao final, como San Pedro, caeron do cabalo.

En todo caso, a nivel xeral está clarísimo. Os datos dixéronse e volveron repetirse neste momento. Sería ilóxico que se dixese o contrario. E o que nos trae aquí pois é un centro no cal hai trescentos oitenta e cinco alumnos menos que no curso anterior e hai corenta profesores, é dicir, unha ratio de 9,6 profesores. Por suposto, cúmprense os ratios da normativa e hai unha atención á diversidade, hai un modo de programa de diversificación curricular para atender á diversidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Se vostedes din que non o hai, pois os datos ao final contradinos.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señora Díaz Varela.



A señora DÍAZ VARELA: Señor conselleiro, o recorte de profesorado é un clamor en todo o país, e vostede novamente volve lanzar a mensaxe, que xa o fixo en máis ocasións, de que a comunidade educativa mente. Alá vostede. Nós ao noso, que é o que nos trae hoxe aquí.

Mire, ¿ten vostede en conta que para o seu cálculo de cotas e ratios no IES Virxe do Mar, de Noia, varios mestres só poden impartir clases no primeiro ciclo da ESO? ¿Sabe vostede que o IES Virxe do Mar, de Noia, ten este curso só un profesor de Educación Física para máis de trescentos estudantes, un profesor nun ano no que se aumentou unha hora desta materia en bacharelato? ¿Sabe vostede, señor conselleiro, que este centro noiés tivo que abandonar proxectos nos que estaba participando como consecuencia desa falta de profesorado? ¿Sabe vostede que ese centro xa non ten a sección bilingüe —vostedes, os do trilingüismo—? ¿Sabe vostede que o profesor de Matemáticas ten que impartir as clases de Plástica ou que o profesor de Bioloxía ten que dar Educación Física? ¿Sabe vostede, señor conselleiro, que só dispoñen de dous profesores de garda para un centro que ten dous edificios? ¿É isto calidade educativa, señor conselleiro? ¿É esta a maneira que teñen de coidar e promocionar a educación pública?

Como socialistas e firmes defensores —nós si— da educación pública, primeiro chanzo para a igualdade de oportunidades —pero, claro, iso é unha entelequia para vostedes—, sumámonos ao sentir da comunidade educativa do IES Virxe do Mar, tamén do Grupo municipal socialista de Noia, —que hoxe, por certo, nos acompaña nesta cámara e a quen lle agradecemos a presenza—, rexeitando este recorte para o que non existen razóns.

En pleno cambio lexislativo, seguen vostedes recortando profesorado, e aquí o demostramos con casos concretos, verídicos, non puntuais, casos concretos, verídicos que demostran que, efectivamente, a vontade do PP é asfixiar a educación pública. Pero é que é lóxico, iso é lóxico, porque, claro, canto máis asfixian a educación, menos recursos necesitarán e así poderán seguir baixándolles os impostos aos ricos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Máis profesores que no curso anterior; máis de quiñentos profesores respecto do último curso prepandémico, que é o equivalente para poder facer comparacións no conxunto de Galicia. Menos de quince mil alumnos en infantil e primaria respecto do último curso prepandémico.

Vostedes faloron publicamente lanzando unha mensaxe de que ía haber unha perda un día de mil e outro día de oitocentos profesores respecto do curso anterior. Agora vostedes o que intentan é lavar a súa mala conciencia por andar lanzando mensaxes absolutamente erradas que caen polo seu propio peso e seleccionan unha serie de centros nos cales houbo, efectivamente, unha adecuación dos recursos humanos e materiais ás dinámicas demográficas e á existencia dunha demanda educativa.



E plantexa pois este caso concreto. Efectivamente, neste caso concreto houbo unha adecuación dos grupos de ESO, reducíronse tres grupos de ESO, por unha caída demográfica, pero creouse —cousa que vostede non cita— un novo ciclo de bacharelato e creouse un novo ciclo de diversificación curricular para os alumnos con necesidades educativas especiais, co cal o balance é menos un grupo.

Verá vostede que, se existe unha menor demanda educativa nun centro, unha administración responsable teña que adecuar os seus recursos. Entendo que iso o fará ata o Partido Socialista. Pero, claro, despois de escoitar aquí que os únicos —á parte, fixo fincapé— que se preocupan pola calidade educativa é o Partido Socialista, eu diría que ten que facelo mirar, porque unha cousa é o pico e outra cousa son os resultados. (*Murmurios.*)

E eu convídoa a vostede a que, que en vez de lanzar esas mensaxes negativas do sistema educativo galego, vexa as estatísticas nacionais e internacionais respecto das principais variables que miden a calidade, a equidade e a igualdade de oportunidades do sistema educativo. E a partir de aí falemos.

Agora, se vostede crea unha argumentación para xustificar a súa metedura de pata nun período previo ao inicio de curso respecto da perda masiva de profesores, cando non é certo, pois realmente a perda de credibilidade, o recorte de credibilidade que ten o Partido Socialista nesta materia é absolutamente brutal.

E, realmente, pouco teño que dicir, pouco teño que dicir máis. É dicir, os informes de Inspección fixan claramente as decisións que se adoptaron neste caso, como noutros casos, e falan dunha adecuación dos recursos ás necesidades do propio centro. Por iso se puxo en marcha un programa de diversificación curricular. Co cal o resumo é, efectivamente: menos alumnos en ESO igual a unha adecuación dos grupos, tres menos. Máis alumnos en bacharelato, un grupo máis en bacharelato. (*Murmurios.*) Máis alumnos con necesidades educativas especiais, máis un grupo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...con necesidades educativas especiais.

Creo, señoría, ... (*O señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a supresión de 13 docentes para o curso 2022-2023 no Instituto de Ensino Secundario A Sangriña, da Guarda

O señor PRESIDENTE: Cando queira.



A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde, deputados e deputadas.

Boa tarde, conselleiro.

E si, imos seguir falando de recortes de docentes, pero ben, creo que non me vai contestar; como acabo de ver que á miña compañeira non lle contestou, imaxino que a min tampouco me contestará.

Mire, a súa consellería, a consellería que vostede dirixe, recortou trece docentes no IES A Sangriña, da Guarda, trece docentes, sete este curso que empezou e seis o curso anterior. E ¿sabe que pasou alí? Que motivou a dimisión da directiva, toda a dirección deste centro dimitiu. E dimitiu en sinal de protesta e pola súa impotencia. E isto é o que pasou. Seguirá vostede negando os recortes en educación.

Mire, trátase dunha medida que repercute negativamente na calidade do ensino e na desatención do alumnado con necesidades específicas. O sistema de educación pública é o garante de igualdade na nosa sociedade, que está sendo desmantelado polo seu Goberno do Partido Popular.

A política de recortes da Xunta de Galicia en educación levou este instituto público a un punto límite, xerando gran malestar entre o profesorado, o que levou á dimisión desa directiva. E ten unhas ratios de cento oitenta alumnos por docente e trinta alumnos por aula. Nestas condicións resulta imposible para os profesores ensinar ao alumnado con calidade.

Estes datos deumos o director do IES A Sangriña, co que me reunín. É esencial que os rapaces e rapazas da Guarda teñan acceso a unha ensinanza de calidade, facendo o necesario fincapé nos alumnos con necesidades especiais, que precisan de máis docentes para unha atención máis personalizada. Niso estaremos de acordo —digo eu—.

A dirección dese centro e este grupo parlamentario reclamamos que se aumente o número de docentes, porque con estas ratios que está implantando a Xunta de Galicia, aínda que sexan legais —que xa sei que nos vai dicir que son legais—, a atención individualizada ao alumnado vese moi afectada, por non dicir que é practicamente imposible de realizar, e isto dito polos propios docentes.

A Consellería de Educación está a establecer ratios e condicións de traballo dos tempos anteriores á pandemia da covid, negando os efectos desta pandemia sobre a poboación en xeral pero sobre todo sobre o alumnado en particular.

¿Vai a súa consellería restituír eses trece docentes do IES A Sangriña? ¿Ten vostede pensado facelo neste curso? E, tamén, ¿pódenos vostede dicir...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)



(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señora Gallego, o director e o equipo directivo segue sendo o mesmo que hai uns meses, que hai unhas semanas, creo que está bastante mal informada, segue sendo o mesmo. *(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, non. Segue sendo o mesmo. Mire, onte ou antes de onte o xefe territorial e o delegado provincial foron visitar o centro a ver unhas obras de cerca de 300.000 euros; se houbera tan mal clima, non irían, estaría seguro de que non irían. *(Murmurios.)*

E mire, eu chego á conclusión de que moi ben debe estar Galicia para o Partido Socialista, porque vostedes que traían a esta sede parlamentaria unha pregunta referente a un centro educativo onde a diverxencia entre a petición do equipo directivo e o que se aporta unha vez analizadas as necesidades polo equipo directivo é un profesor, realmente me deixa abraiado e creo que Galicia para vostedes non ten máis problemas. Porque que estean aquí planteando esta cuestión é realmente significativo.

O director, o equipo directivo, plantexa unha necesidade de 70 profesores, de 70; ten 69. ¿Vostede entende que a diverxencia nun profesor, nunha plantilla entre 70 ou 69, realmente xustifica unha pregunta por parte do Partido Socialista en sede parlamentaria? Se é así, pois realmente debe ser que Galicia debe ser unha arcadia absolutamente feliz *(Aplausos.)* ou debe ser que non existe outro problema en Galicia. Debe ser que non existe outro problema en Galicia salvo que vostedes intenten en certa medida trasladar unha imaxe falsa para en certa medida agarrarse a un cravo ardendo despois de facer o que fixeron ao remate de agosto e principio de setembro lanzando á cidadanía uns datos que non se cumpriron en ningún caso.

Claro que hai máis profesores que hai dous anos. Vostede saberá que aí había un ciclo de adultos, que ese ciclo de adultos se suprimiu porque non había demanda. ¿Ou vostede vai ter educación de alumnos nun centro onde non existe alumnado? Ao mellor vostede si; cando digo vostede, digo o Partido Socialista. Obviamente, un xestor responsable, non. Ou vostede dirá que, pasada a pandemia, hai que volver á situación preexistente. Vostede ao mellor quere manter as circunstancias excepcionais derivadas da pandemia.

Ese é o seu dato, o dato que vostede di. Pero a diferenza que existe neste momento ou que existiu neste momento foi a diverxencia entre 70 profesores que pedía o equipo directivo e 69...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor conselleiro de CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES: ...que ao final se plantexaron por parte dos servizos de inspección necesaria... (O



señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Como se nota que vostede non estivo alí reunido con eles; eu si estiven no mes de agosto reunida coa directiva, eu si. E contáronme os graves problemas que están tendo nese instituto. E ¿sabe tamén que me dixeron, señor conselleiro? Que vostedes non lles deixan dimitir ata o ano que vén. Iso é o que pasa. Por iso continúa a directiva. (Aplausos.) Si, iso é o que me contaron. Fun eu, non mandei a ninguén, ao mellor estaría ben que vostede fora alí reunirse con eles.

Mire, señor conselleiro, ¿como pode dicir que non pasa nada cando dimitiu unha directiva enteira dun instituto? É que lle dimitiu e vostede o segue negando; é que, de verdade, é increíble. (Murmurios.) ¿Como que non dimitiu? Si dimitiu, que eu estiven con eles. Pero, ¡a ver!, de verdade, é increíble.

Mire, a súa consellería o que ten que facer é levar a cabo unha educación pública e de calidade para todos os nenos e nenas da Guarda e por suposto para todos os centros públicos de Galicia, porque ao longo de toda a xeografía galega o seu Goberno está recortando docentes, si, recortando docentes.

Mire, hoxe é Mendiño, de Redondela, catro docentes menos; hoxe é Auga da Laxe, de Gondomar, catro docentes menos; a miña compañeira acaba de falar de Noia, de Bergondo, etc., etc. Podiamos estar así ata mañá, pero vostedes seguen dicindo que non, que non hai recortes.

Miren, reducen profesorado mentres rebaixan os impostos aos máis ricos. É unha auténtica vergoña, é unha auténtica vergoña. (Murmurios.) Si, rían, rían, é unha risa, é unha risa, si, que lles baixen os impostos aos máis ricos; si, é moi gracioso, graciosísimo. ¿Sabe que pasa, conselleiro?, ¿sabe que pasa? Que vostedes, os do Partido Popular, non queren unha educación pública de calidade, iso é o que pasa. Non queren que todos os rapaces e as rapazas teñan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...as mesmas... (A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señora Gallego, vostede debe pensar que nós andamos aos



biosbardos, ¡eh!, (*Risos.*) porque realmente, despois de escoitala con tanta vehemencia, non podo máis que pensar iso.

Equipo directivo, demanda 70 profesores; está aquí subraiado en amarelo (*O señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades mostra un documento.*); ten 69. Seguen dicindo que recortamos, recortamos, recortamos. Pero se lle estou dicindo aquí en sede parlamentaria —e vaise publicar en cifras e letras dentro de moi pouco tempo— que temos máis profesores que o ano pasado. Diga vostede que seguimos recortando. Non, é que neste centro hai un profesor menos, neste dous. Posiblemente, e noutros moitos hai profesores a maiores. ¿Por que? Porque hai que adecuar os recursos ás necesidades, simple e llanamente, cousa que estou seguro de que vostedes tamén farían. (*Aplausos.*)

Pero, realmente, que sigan dicindo que o Partido Popular non apoia a educación pública, que o Partido Popular non quere a educación pública, que no Partido Popular non facemos nada pola educación pública, iso desméntese moi fácil. Colla vostede o último Informe PISA; mire os resultados educativos en calidade, en equidade e en xeración de igualdade de oportunidades; mire vostede onde están as comunidades autónomas do PP e mire onde están as comunidades autónomas do Partido Socialista, e despois fale vostede, porque unha cousa é o pico e outra son os resultados. Galicia, Castela-León, Madrid, sendo territorios de diferente renda, con diferentes características, somos os primeiros en todas as variables, e vostede, no seu ideario e na procura de xerar un discurso que non se sustenta na realidade, segue falando de recortes, de que o Partido Popular non apoia a educación pública. Mire vostede os datos comparativos que existen no conxunto das comunidades autónomas. Vexa os resultados educativos nas comunidades autónomas socialistas e vexa as do Partido Popular.

E despois fala vostede de ratio sobredimensionado. Mire, por exemplo, na ESO, onde máis alumnos hai é en 4º, 69 alumnos, tres grupos; divida para saber o ratio concreto que sae, e divida e compare ese ratio, que é 23, e compáreo co que fixa a súa lei; ás veces hai tanta masificación, máis aínda. Bacharelato, por exemplo, que se pode chegar, segundo o ratio, a 33. ¿Sabe canto hai en 1º de Ciencias? 18.

Fala de atención á diversidade. Debería saber que hai un plan, un programa de desenvolvemento curricular e un programa de mellora de aprendizaxe de rendemento, que posibilita a igualdade de oportunidades e posibilita que se reduza o fracaso escolar, e por iso, mentres gobernaban os socialistas, subía e, desde que governa o Partido Popular, baixa. (*Aplausos.*) Esa é a simple realidade.

E fala vostede de profesorado e fala vostede de alumnos. Mire, hai 594 alumnos, 69 profesores, unha ratio de 8,6. ¿Sabe cal é a media de España? 11,4.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señoría, vostede... (*O señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo xa.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a regulación das familias monoparentais

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Benvida, señora conselleira.

Eu non sei onde estaba vostede hai doce anos ou que pensen as súas señorías onde estaban vostedes hai doce anos; é difícil, porque son bastantes anos doce. Eu pensaba esta mañá, preparando un pouco a pregunta, que estaba en 3^o de carreira, aínda nin sequera me licenciara, pero non sei vostede; igual vostede estaba traballando, preparando as oposicións ou estudando, tanto ten.

O que sabemos —cadaquén estaría na súa casa e ás súas cousas— é que daquela xa gobernaba o Partido Popular, *año 2 de la segunda era*, e naquel momento xa nos prometían e anunciaban a bombo e prato que ían crear un Rexistro de Familias Monoparentais. Vou facer un pouco de espóiler da propia pregunta: nunca o fixeron. *(Aplausos.)*

Aquí: *(A señora Rodil Fernández mostra un documento.)* 19 de maio de 2010, a Xunta creará un Rexistro de Familias Monoparentais para recoñecer ou ampliar o recoñecemento legal destas familias e garantir o acceso a servizos e recursos con carácter preferente de familias que pola súa Lei de familia teñen un carácter preferente ou de maior protección —para entendernos—.

Pero, como a desvergonza non ten límites, tampouco nas filas do Partido Popular, oito anos despois —vale, oito anos despois—, volveron aquí anunciar o mesmo. Xuño de 2018: de novo a Xunta de Galicia anuncia que vai crear un Rexistro de Familias Monoparentais e que van aprobar un plan de apoio a esta modalidade de familias, que tampouco o fixeron.

Seguiron, sen pudor ademais. Un ano e cinco meses despois, novembro de 2019, a Xunta elaborará un plan de apoio ás familias monoparentais e un rexistro, que tampouco daquela fixeron. Pero seguiron intentando vendernos a moto. 14 de xaneiro de 2021: *(A señora Rodil Fernández mostra un documento.)* Galicia creará en 2021 el Registro de Familias Monoparentales, dez anos despois de anunciálo por primeira vez. Pero naquel momento, ademais, coa súa Lei de impulso demográfico, xa se fixaba un prazo de tempo concreto para aprobar ese rexistro, que eran seis meses desde a aprobación desa Lei de impulso demográfico, a súa lei —insisto—. Seis meses, desde o mes de febreiro do ano pasado, seis meses desde o mes de febreiro de 2021.

E chegamos a hoxe, a 28 de setembro de 2022, conselleira: nin Rexistro de Familias nin decreto que o cree tan sequera, nin plan de apoio para un modelo familiar que representa o



10 % dos fogares do noso país. ¿E saben cal é a taxa de pobreza nestas casas formadas no 80 % por mulleres, encabezadas por mulleres con crianzas, con nenas e nenos? Do 47 %, máis que duplica a taxa de pobreza e exclusión social do conxunto de Galicia. ¿Canto máis teñen que esperar? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boa tarde, deputados e deputadas.

Señora Rodil, eu creo que vostede mesma en parte se está contestando na propia pregunta na que fai o espóiler. Vostede mesma di a importancia da transcendencia que ten a regulación da familia monoparental, cal é o recoñecemento dunha serie de prioridades, dereitos, etc., etc. E creo que vostede ten que acordar comigo que, se ben a totalidade das familias teñen unha absoluta protección por parte da Xunta de Galicia, existe un absoluto compromiso por parte da Xunta de Galicia con todas as familias da tipoloxía que sexa, si teñen prioridade e preferencia as familias monoparentais na totalidade dos programas e das axudas que sacamos desde os distintos departamentos.

E non é certo que nós non teñamos regulado ata o momento as familias monoparentais. Vostede sabe que na Lei de impulso demográfico se ampliou e se regulou o concepto de familia monoparental, sábeo igual ca min. E estendeuse —e logo lle vou dar datos— o número de familias monoparentais e como aumentaron o número de familias recoñecidas por ese novo concepto. E creouse nesa Lei de impulso demográfico no ano 2021 o Rexistro. Si é certo que se prevé ese desenvolvemento regulamentario e sabe tamén que a Consellería de Política Social ten comezado os trámites dese decreto e xa foi levada a cabo a consulta pública e procederá a continuación aos trámites seguintes, a información pública e a audiencia.

Si creo necesario tamén, igual que vostedes están preguntando aquí, que pregunten no Congreso dos Deputados sobre a regulación que a ministra Belarra ten prometido en relación co concepto de familia monoparental en todo o Estado español, porque coido que, se nós xa temos recoñecido ese concepto, o regulamento que nós imos aprobar terá que ir acorde coa regulación que se faga nesa lei. Por certo, a ministra Belarra comprometeuse hai máis dun ano nesa lei; entón, coido que, igual que estou respostando aquí, tamén debería respostar ela no Congreso.

Pero o importante, e do que todos estamos preocupados, é a protección que teñen as familias monoparentais. Eu voulle dar conta da totalidade das prioridades, dos descontos, dos beneficios que teñen as familias monoparentais recoñecidas por certificación da Consellería de Política Social. É dicir, existe un recoñecemento público desa condición, de acordo co concepto —repítolle— que está na Lei de impulso demográfico.



Teñen prioridade no acceso aos centros educativos da Consellería de Educación, no acceso ás escolas infantís 0-3, no acceso ás casas niño. Teñen desconto do 20 % nos prezos públicos das escolas infantís nos servizos non incluídos na gratuidade, por exemplo horas adicionais. Un desconto do 50 % nos campamentos de verán da Xunta de Galicia. Teñen unha maior intensidade de axudas específicas nas axudas á conciliación da vida familiar e persoal, no Plan Corresponsables, nas bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional e para o emprego.

Co cal eu só lle digo o que lle dicía ao comezo: creo que polo menos concordará comigo en que non existe unha desprotección, máis ben todo o contrario, que é a finalidade das normas respecto das familias monoparentais na Comunidade Autónoma.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Mire, eu non sei onde estaba a señora Belarra hai doce anos cando lles dicía que fixeramos este exercicio, pero eu o que lle digo é que hai doce anos que as familias monoparentais galegas levan agardando por un rexistro e por un plan de apoio de choque sobre todo contra a pobreza, que vostedes se comprometeron a facer, hai doce anos. (*Aplausos.*) Entón, eu o que lles pido é, en primeiro lugar, que abandonen pois buscar a quen botarlle a culpa ou a propaganda e o fume e que, primeiro, poñan xa á disposición pública o borrador do decreto que regula, que debe regular ese rexistro. Póñanse a traballar nunha diagnose de situación tanto social como económica de cal é a situación de pobreza e exclusión social nas familias monoparentais e, sobre todo, traballen xa na elaboración dun plan de choque, porque, como dicía na miña primeira intervención, e vostede asentía coa cabeza, porque tamén manexa os mesmos datos, estamos falando dunha taxa de exclusión social e de pobreza do 47 %, que estamos falando de que a metade dos fogares monoparentais no noso país se atopan nesa situación de pobreza e exclusión social.

E a min ¿sabe que é o que máis pena me dá? Tamén llo digo, señor Lorenzana, con toda franqueza: que vostedes nestes doce anos nin fixeron e —o máis grave— non deixaron facer. Nós trouxemos aquí —o BNG— unha Proposición de lei galega de recoñecemento da monoparentalidade, que traía a creación dese rexistro e unha batería moi ampla de medidas para combater a pobreza, para garantir mellores condicións de vida e de traballo para as familias monoparentais e, sobre todo, para as nais que encabezan esas familias monoparentais. E o Partido Popular votou en contra.

Logo volvemos traer outra iniciativa para acelerar a creación dese rexistro e que se traballase nun plan estatístico, dentro do Plan estatístico de Galiza, da situación da monoparentalidade das familias monoparentais galegas. De novo o Partido Popular do non votou outra vez en contra.



Entón, eu o que lle pido é que deixen de buscar a quen botarlle a culpa, que publiquen ese decreto, que se cree de maneira real e efectiva ese rexistro e —o máis importante— que se traballe xa nese plan de choque contra a pobreza, que —tamén llo lembro— no ano 2019 xa elaborou en boa medida a Rede galega contra a pobreza e a exclusión social.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Falamos de mulleres e tamén de nenos, de verdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Rodil, voulle ler exactamente a regulación que fixemos —a proposta por certo, non a lei que vostedes non apoiaron— na Lei de impulso demográfico do que se considera a día de hoxe familia monoparental: «toda familia na que un único proxenitor ou proxenitora exerce en exclusiva a custodia dos seus fillos ou fillas, independentemente de que reciba ou non algún tipo de compensación económica do outro proxenitor polo seu sustento».

Nesa coletilla final vostede di que non temos datos estatísticos, non sei de onde o saca, porque eu voulle dar datos do IGE, que os solicitei, e si existen datos estatísticos sobre os que estamos traballando. Acábo de dicir. Examenen non, existen datos estatísticos, existe unha regulación, creouse o decreto na Lei de impulso demográfico e, como lle digo, a día de hoxe en tan só un ano triplicáronse os certificados expedidos de familia monoparental. Pasouse de 558 no ano 2020 ás preto de 1.500 no ano 2021. E este ano xa estamos superando estas cifras. Só no primeiro semestre do 2022 levamos preto de 1.300 certificados.

Isto quere dicir que estas 1.300 familias si teñen unha vía legal para obter esa certificación, ese recoñecemento, a través desa ampliación onde se adaptou o concepto de familia monoparental á realidade actual. E, polo tanto, están gozando da totalidade, vostede pode chamalo plan, pode chamalo como queira, pero existen unha serie de programas e de axudas onde se ten especial consideración destas familias, como se teñen nos supostos de familias numerosas, nos supostos de familias que teñen persoas dependentes a cargo.

Eu facía así coa cabeza dicindo que, efectivamente, son familias respecto das cales é necesario levar a cabo —e díxeno na primeira intervención— un tipo específico de protección. E por esta exclusiva razón é pola que no Goberno estamos beneficiando e intensificando os apoios a estas familias.

Eu non estou botando balóns fóra respecto do que digo da ministra Belarra. O que estou dicindo é que, dende logo, penso que sería desexable, xa que agora mesmo estamos desenvolvendo ese artigo concreto da Lei de impulso demográfico, facer unha regulación acorde coa regulación que se faga a nivel nacional. E exactamente igual que vostede vén aquí falar dende



hai doce anos, cando dende hai doce anos se teñen levado a cabo distintas actuacións lexislativas, dende a Lei de familia ata esta Lei de impulso demográfico, vaian vostedes tamén coa mesma intensidade ao Congreso dos Deputados a reclamar que, efectivamente, se leve a cabo e saia á luz e se publique ese texto desa Lei de diversidade familiar que ten prometido a ministra.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do compromiso do Goberno central con relación ao financiamento dos proxectos estratéxicos que ten Galicia no eido industrial

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señor vicepresidente, o pasado mes de marzo este grupo parlamentario traía ao Pleno do Parlamento unha pregunta moi similar á de hoxe, tamén sobre fondos europeos, e a realidade é que seis meses despois a situación segue sendo a mesma: unha situación moi preocupante, pois o grao de execución destes fondos segue baixo mínimos. E ¿saben vostedes?: cero interese para a oposición, xa vemos a temática que lle interesa á oposición, xa vemos que a baixa execución dos fondos europeos nin lles interesa para nada.

Os fondos europeos Next Generation estaban destinados a ser a vacina económica que nos tería que axudar a saír da complicada situación pola que atravesamos a economía española e avanzar na transformación industrial a partir de tres vectores de crecemento cruciais, como serían a sustentabilidade, a dixitalización e a innovación.

Uns fondos que suporían unha oportunidade histórica para a que Galicia se ten preparado dende o primeiro momento, a través dun traballo conxunto con expertos e o tecido produtivo galego, todo co obxecto de presentar unha candidatura de país que sobre a base da colaboración público-privada aspirase a obter as maiores sinerxías posibles destes fondos europeos en favor da viabilidade de proxectos tractors, proxectos tractors que axuden a consolidar e ampliar as cadeas de valor industrial estratéxicas na nosa economía, pensando especialmente nas pemes, no desenvolvemento do rural e na xeración de emprego estable e de calidade.

Esta candidatura foi presentada ao Goberno de España en reiteradas ocasións e con especial atención aos primeiros proxectos industriais estratéxicos que a Xunta de Galicia está a impulsar ao abeiro da Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Proxectos como son a fábrica de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei e as iniciativas vinculadas ás enerxías renovables arredor deste polo forestal, a proposta de Showa Denko para instalar unha planta de ánodos de grafito na Coruña ou os investimentos necesarios para que as novas plataformas do vehículo eléctrico sexan unha realidade na planta de Stellantis en Vigo, así como o circuíto de probas proxectado no CTAG.



Pero, señor vicepresidente, ata o de agora por parte do Goberno do Estado a realidade é que cero apoios a estes importantes proxectos. Señorías, cero apoios e cero colaboración cos gobernos das comunidades autónomas. Unha estratexia totalmente equivocada dun Goberno central que pensou que repartindo os fondos a través do dedazo do señor Sánchez lles iría moi ben, pero a realidade é que está a resultar un fracaso absoluto a execución destes fondos europeos. Fracaso estrepitoso o do Goberno central, que tras denegar os fondos Next Generation á maior planta de fabricación de automóbiles, a fábrica de Stellantis en Vigo, tivemos que ver como Ford renunciaba aos fondos que lle foran asignados, pola lamentable planificación da execución de fondos feita polo Goberno de España.

E por todo isto, señor vicepresidente, hoxe o Grupo Parlamentario Popular quere coñecer cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre o compromiso do Goberno central con relación ao financiamento dos proxectos estratéxicos que ten Galicia no eido industrial.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, efectivamente, o maior deber que ten un goberno é xestionar, e xestionar achegando certezas. E a realidade que temos hoxe en día en España é que a execución dos fondos europeos Next Generation está a ser a crónica dun fracaso. E, para demostralo, non hai mellor forma que trasladar datos, datos concretos, estatísticas concretas e ademais estatísticas do propio Goberno.

A vicepresidenta Calviño asegurou o xoves pasado no Congreso ter lanzado convocatorias dentro dos proxectos industriais de 9.372 millóns de euros, dun total de 33.000 millóns de euros de investimento público asignados aos PERTE. Isto, señorías, é un 28 %, despois de quince meses de recibir a aprobación da Comisión Europea para executar estes fondos.

Preto de 2.400 millóns de euros do PERTE do vehículo eléctrico e conectado, é dicir, o 80 % dos fondos, quedaron sen adjudicar tras a resolución provisional do pasado mes de agosto, ademais deixando fóra a principal factoría que temos en España, Stellantis Vigo.

En terceiro lugar, e máis recentemente, na resolución definitiva da convocatoria do programa Activa Financiamento, 140 millóns de euros programados, o Goberno tan só puido conceder 12 millóns de euros, é dicir, o 8,8 % do convocado.

Son datos, señorías, do propio Goberno, que demostran a pouca axilidade que ten o Goberno na publicación das convocatorias, pero, sobre todo, o erro, o erro imperdoable de querer asumir o Goberno as competencias das comunidades autónomas en materia de política in-



dustrial, quedando co 100 % dos fondos europeos en materia de política industrial e, polo tanto, demostrando que non ten capacidade nin ten visión tampouco dende o punto de vista industrial para a súa execución.

E, mentres tanto, a realidade que temos é que os principais proxectos presentados por Galicia están esperando, están esperando por eses fondos que se anunciaron por parte do Goberno, e empresas como Stellantis, como Showa Denko, como Altri, en definitiva, proxectos tractores que responden aos criterios establecidos pola Comisión Europea e que lamentablemente o Goberno, por esa falta de axilidade, por esa falta de xestión e, sobre todo, por esa ansia de querer quedar co 100 % dos fondos europeos, realmente non é capaz de xestionar.

Unha situación que esperamos que rectifique o Goberno e que realmente poida trasladar unha cogobernanza real coas comunidades autónomas, que llo estamos a trasladar e que, polo tanto, esa incapacidade de xestión por parte do Goberno se poida corrixir con esa colaboración e con esa execución tamén por parte das comunidades autónomas dos fondos en materia de política industrial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Moitas grazas, señor vicepresidente.

Como vostede ben dicía, lamentable, lamentable grao de execución, igual que lamentable é o mutismo e o seguidismo da oposición deste parlamento sobre este tema, que en ningún momento lle escoitamos falar nin falar deste tema nin dicir nada sobre unha cuestión tan importante, a cuestión dos fondos europeos, para os que a Xunta de Galicia fixo os deberes, dende o impulso de cambios legislativos cunha maior simplificación administrativa na liña das directivas europeas como tamén cunha carteira de proxectos ben definidos e ben encadrados nos obxectivos e criterios de adxudicación dos fondos Next Generation. É incompreensible como o Goberno do señor Sánchez se fai dono e se erixe en propiedade duns fondos económicos que a Unión Europea destinou para a recuperación dos distintos territorios do noso país.

Os fondos Next Generation, señorías, non son do Goberno do Estado; son, como vostede vén de dicir, de todos os cidadáns, que, ademais de ver como o Goberno central non os representa, teñen que ver tamén como non ten en conta nin a opinión nin tampouco a competencia da Comunidade Autónoma en materia industrial.

Señor vicepresidente, dende que os socialistas chegaron á Moncloa, vemos como a industria galega sofre ataques continuados do Goberno central, cunha intransixencia enerxética inexplicable, que os levou a ser os primeiros de Europa en decretar o peche das térmicas e despois ter que volver reabrir a central das Pontes por non ter garantida a subministración eléctrica. *(Murmurios.)*



Pola contra, o compromiso do Goberno galego co impulso dunha transición enerxética e industrial xusta está permitindo impulsar a tramitación dunha vintena de proxectos, que suman máis de 3.000 millóns de euros, proxectos que precisan dunha xestión eficiente e acertada dos fondos europeos por parte da Administración xeral do Estado, en tanto que non existe unha cogobernanza no deseño e planificación destas axudas.

E seguimos alertando sobre que o risco de perda dos fondos por non ter executado en tempo e forma está aí. Por iso gustaríame nesta última quenda que nos diga con máis detalle cales son os proxectos propostos pola Xunta de Galicia e nos fale do posible risco existente da perda dos fondos Next Generation. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, se me permite, vou seguir cos datos, e vou seguir cos datos que traslada o propio goberno na Comisión Mixta desta mesma semana.

España, señorías, tan só ten autorizado un de cada catro euros dos fondos asignados pola Unión Europea —datos da propia Vicepresidencia Primeira do Goberno—, e iso sen contar os 84.000 millóns en préstamos e os 7.700 millóns de euros en transferencias adicionais que están en fase de addenda.

Señorías, estamos ante unha situación gravísima de incapacidade de execución dos fondos europeos por parte do Goberno, e a Xunta de Galicia o que traslada a este parlamento é que haxa unha unidade por parte de todos os grupos políticos para que, efectivamente, Galicia poida defender os seus intereses ante un goberno que está sendo incapaz de utilizar e de dar unha oportunidade ao noso tecido produtivo para dar resposta a eses proxectos.

E trasladámosllo á propia vicepresidenta primeira a semana pasada, con propostas concretas. Pedímoslle ao Goberno unha rectificación acorde coas necesidades que ten o tecido produtivo e convidamos o Goberno a que tome medidas.

A primeira medida, señorías, sería moi sinxela. O pasado 16 de setembro mantivemos unha reunión tres comunidades autónomas (Galicia, Aragón e Madrid) co Ministerio de Industria, coa propia ministra, e houbo un compromiso de crear un grupo de traballo para identificar un novo PERTE para Stellantis. Doce días despois, señorías, seguimos esperando. Sen convocar este grupo de traballo.

Convidamos o Goberno tamén a que canto antes convoque as axudas pendentes do PERTE do naval, do PERTE de saúde, do PERTE do sector agroalimentario e que tamén se poida incluír o sector mar-industria no propio PERTE agroalimentario. Tamén decisións pendentes do propio Goberno.



E pedímoslle ao Goberno, pedímoslle á vicepresidenta primeira, que con eses 7.700 millóns de euros adicionais que ten o Goberno se convoquen novos PERTE, PERTE de proxectos concretos que coñece o Goberno, en materia de bioeconomía, como o proxecto de Altri, o PERTE no sector téxtil ou o propio PERTE da industria cultural, que o sector cultural galego ten consensuado co propio Goberno.

E trasladámoslle claramente a oferta da Xunta de Galicia para poder colaborar na execución destes fondos na medida en que hai unha incapacidade clara por parte do Goberno, porque, efectivamente, os medios téñenos as comunidades autónomas, porque as comunidades autónomas temos as competencias en política industrial, e eses fondos o razoable é que foran executados por parte das propias comunidades autónomas.

Esperamos esa reacción porque as empresas non esperan e, polo tanto, hai unha necesidade clara dunha rectificación por parte do Goberno en materia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...da política dos fondos europeos Next Generation. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás sete e dezaioito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

